

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE FEBREIRO

DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de febreiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, dona Rocío Vila Díaz e don Fernando Caride Suárez, do PP, e dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2013

O Sr. presidente fai constar que, dado que non se puido entregar en tempo e forma o borrador da acta da sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2013, queda pendente para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Ratificación da Resolución da Alcaldía do 21 de febreiro de 2014 de delegación de competencias no Consorcio As Mariñas

Visto que se incluíu na orde do día da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 27 de febreiro de 2014 a ratificación da Resolución da Alcaldía do día 21 de febreiro de 2014 de delegación de competencias no Consorcio As Mariñas.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 25 de febreiro de 2014.

O Sr. alcalde explica que como todos saben e consta na documentación, ditouse unha providencia da Alcaldía para unha encomenda de xestión no Consorcio As Mariñas co fin de obter unha subvención do Inega para proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

Explica que se ditou mediante providencia polo pouco tempo de marxe que tivo o Consorcio para tomar o acordo de presentarse todos os concellos, agás Culleredo e Arteixo, en concorrencia competitiva co fin de obter esa subvención do INEGA. Cada un exporá nesa petición ao Inega o proxecto, que tamén lles foi remitido o martes nas comisións.

Conclúe dicindo que o que se trata agora é de que a resolución de Alcaldía sexa ratificada, por iso a traen a este pleno, ao ser o primeiro que hai despois de tela ditado.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como moi ben di a secretaria accidental no seu informe, unha delegación de competencias, que é o que se vai aprobar neste punto, implica que a súa aprobación terá que contar co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Están falando de once concelleiros.

O que non entenden o seu grupo e el mesmo como voceiro, é cales foron as razóns polas que un tema desta substancia, que implica un quórum cualificado como é a maioría absoluta do número legal de membros, non foi falado previamente polo Goberno co resto dos grupos, polo menos co grupo socialista non foi falado. Non entenden como se trae sen máis ao pleno sen unhas conversas previas para intentar chegar a un acordo en común.

De feito, di que a única documentación que se lles facilitou o outro día ao comezo das comisións informativas, polo concelleiro don Manuel Marante, foi unha mera relación do que se quere facer, pero incluso se fala ao final de que esa é a intención do Concello de Cambre, estando á espera de que a empresa Giga S.L. presente o proxecto completo, podendo engadir ou eliminar algunha actuación. Ou sexa, que a información que se lles facilita respecto das actuacións coas que se quere obter a subvención do Inega, incluso está incompleta.

A el gustaríalle que o Sr. alcalde lle dixera cales son as razóns de que non se tivera falado co resto dos grupos, polo menos co grupo socialista non se falou, para intentar chegar a un acordo, tendo en conta que o grupo de goberno non conta cos apoios necesarios para levar adiante unha iniciativa como esta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicarlle que o ano pasado xa pediron esta subvención ao Inega e, ao non ir asociados con outros concellos, foilles denegada. Nesta ocasión o Goberno pensaba non solicitala porque non tiña outro concello co cal facelo conxuntamente, pero despois propuxéronllo ao Consorcio As Mariñas algúns dos alcaldes. Dado que o Consorcio xa está integrado por nove concellos, pensaron por que non ir todos xuntos a esa concorrencia competitiva e acadar unha subvención do Inega para facer un proxecto conxunto, cada concello o seu, pero facer unha petición conxunta.

Continúa dicindo que doutra forma non tería sentido, porque o propio Inega, nas súas bases, xa recolle que se non se vai asociado con outros concellos, ao ser unha concorrencia competitiva, loxicamente a subvención vai recaer e soamente se dará a aqueles concellos que vaian unificados.

El supón que o Consorcio As Mariñas fixo as xestións pertinentes noutros concellos, por exemplo o de Arteixo xa hai uns meses que iniciou este programa con fondos propios e o mesmo fixo o Concello de Culleredo, polo que ao final quedaron soamente sete concellos que van participar nesa concorrencia competitiva.

A eles isto notificóullelo o Consorcio As Mariñas non lembra exactamente o día, pero cre que foi o martes ou o mércores, e necesitaba ter a resposta inmediata do concello, para poder pedir orzamentos a tres empresas e contar con tempo para adxudicalo, xa que o día 26, que foi onte, terminaba o prazo de presentación deses proxectos no Inega. Por iso non houbo tempo material para outra cousa. A súa providencia foi de data 18 de febreiro e o Consorcio As Mariñas os apuraba para que cada concello lle mandara a delegación de competencias, e así o fixeron.

Continúa dicindo que o Pleno é plenipotenciario para dar dicir si ou non, pero se o Pleno non ratifica a resolución da Alcaldía este proxecto vai caer e farano, en vez de sete concellos, seis. A el gustaría lle aprobalo, porque se non son uns cartos que se van perder, e con esa intención foi feito.

Conclúe reiterando que, loxicamente o Pleno ten a plena capacidade para dicir si ou non.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno sinala que o Sr. alcalde acaba de manifestar que o día 18 de febreiro, o martes da semana pasada, é cando ten coñecemento dos trámites a realizar e, evidentemente, de que habería que realizar unha delegación de competencias tal e como se lles propón neste punto. O que é certo é que o 20 de febreiro eles tiveron unha xunta de voceiros onde o pertinente e adecuado sería que se lles tivera comunicado que se ía facer esta delegación de competencias e que era necesario chegar a un quórum determinado para poder levalo adiante.

Cre que, unha vez máis, están funcionando a feitos consumados e que o diálogo e a capacidade de consenso por parte do Goberno queda moi en interdito en actuacións como a presente.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que nesa xunta de voceiros, aínda que el non puido estar presente, si lles foi comunicado este tema.

Don Augusto Rey Moreno aclara que o que se lles comunicou é que no pleno ía este tema para pedir unha subvención, pero non se lembra de que se tivera informado da delegación de competencias.

En todo caso, o adecuado sería que se tiveran reunido os grupos, que se falara entre todos, e que se chegara a un consenso para levar isto adiante, porque aquí o que se encontran é un "trágala unha vez máis". Dende o seu punto de vista entenden que non

se trata de facer así as cousas, porque entre outras razóns, ponse en risco unha subvención destas características.

Dito isto, polo grupo socialista non vai quedar, porque esta subvención é algo que vai redundar en beneficio dos veciños de Cambre. O que si queren é solicitar que actuacións como estas non se volvan repetir no tempo e que haxa unha capacidade de diálogo e de acadar acordos, diferente ou superior á que se está tendo por parte do equipo de goberno.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a prol.

O Sr. alcalde agradécello e dille que ao mellor o apresuramento os levou a todo isto. En principio non se sabía ben se ía ser unha encomenda de xestión, unha delegación de competencias ou que ía ser, ata que a secretaria lles sacou do erro e dixo que tiña que ser unha delegación. Di que procurarán que este tema non volva suceder.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles tamén van votar a prol. Di o mesmo que estaba dicindo o anterior voceiro, que dende o día 18 houbo tempo máis que suficiente para que polo menos cos voceiros tiveran falado, comunicarlles o que pasaba e chegar a un entendemento.

Di que o Sr. alcalde sabía que a maioría dos grupos ían votar a prol porque é necesario, todas as subvencións que veñan para o concello son boas e se necesitan. Sabendo iso, baixo o seu punto de vista o Sr. alcalde opta por non chegar a acordos, ou polo menos por non comunicar ao resto dos grupos da oposición o que vai facer. Aínda así, eles van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que respecto do tema da dúbida entre a encomenda de xestión e a delegación de competencias a que fixo referencia o Sr. alcalde, para eles ocorre como ocorre moitísimas veces, sempre chegan tarde, mal e arrastro. Para el non existe ningún tipo de desculpas, nin por parte do Consorcio nin por parte do Goberno de Cambre, porque isto foi publicado o día 28 de xaneiro no Diario Oficial de Galicia. Tiveron un mes, o Goberno de Cambre tivo un mes, como dicía antes o compañeiro, para falar cos voceiros dos grupos e dicirlles o que había. Tanto o Concello de Cambre como o Consorcio tiveron tempo máis que suficiente para facer este trámite e non chegar aquí ao pleno, un día antes, porque xurde calquera cousa e quedan sen pedir unha subvención que todos están de acordo en pedir. Mañá hai un mes que saíu publicado isto, e os grupos teñen coñecemento a semana pasada na xunta de voceiros.

Por outra parte, o Sr. alcalde dixo que se lles presenta un proxecto, el pregúntalle se o Sr. alcalde considera que iso é un proxecto, porque non o é, un proxecto é bastante máis, ten que ter un contido bastante máis amplo que o que lles trouxeron. Ademais, é un proxecto que, tendo en conta que o Goberno está en minoría, debería tratarse cos grupos da oposición. El non está en contra das actuacións que se pretenden facer, pero si que podería haber achegas, polo menos o grupo de EU tiña esa intención e imaxina que os demais igual.

Di que, por exemplo, a el ocórreselle que hai unha estrada en Cambre que ten aproximadamente 600 metros e que non ten unha lámpada, e o Sr. alcalde a coñece perfectamente. Ao mellor el está equivocado, pero cre que a estrada que vai de Fraís ao Espírito Santo, a nova, non ten unha lámpada. Non sabe se ao mellor se pode tramitar mediante outra subvención ou a través doutra administración, pero ao mellor cabía aquí. Se tiveran falado cos demais grupos talvez se tivera incluído, ou ao mellor non, pero non sabe que explicación lle pode dar. Como dixo antes, o grupo de EU está no ánimo de que isto se leve a cabo.

En canto ao que dicía o Sr. alcalde de que se o Concello de Cambre se presentaba só lle ían denegar a subvención, el leu o DOGA e non viu onde di que se un concello vai só se lle vai negar a subvención, o que si pasa é que non lle dan tantos puntos como se vai con outros, iso é o que el leu.

Por outra parte, di que insiste sobre todo no que eles chaman proxecto e en que non tiveran falado cos grupos da oposición para poder facer achegas, porque eles non veñen aquí a desfacer, veñen a construír e a colaborar neste caso. Non sabe por que non se falou cos demais grupos, porque tempo, como dixo antes, para eles houbo máis que suficiente.

Conclúe dicindo que o voto vai ser a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el cre que as desculpas xa as pediu e isto está feito coa mellor intención. El está de acordo con que saíu publicado o día 28 de xaneiro e xa sabe que non pon explicitamente que non se poida presentar un concello só, pero cos puntos que se requiren sabendo que outros van conxuntamente, pásalles como lles pasou o ano pasado.

Explica que cando se publicou algúns alcaldes propuxéronllo ao Consorcio, e xa no pleno da primeira semana de febreiro falaron dese tema, pero houbo moitos alcaldes que non se decidiron. Decidíronse o día 17, a medio día. Dende o Consorcio chamaron ao concello dicindo que si, pero que tiñan que pedir tres ofertas a tres empresas, é máis, non sabían se ían ter tempo para poder facelo, por iso dende o Consorcio rapidamente lles pediron a delegación. Iso fíxose correndo e á presa o día 18, a mediodía, sen un proxecto previo, porque non o tiñan, porque o proxecto quen o vai presentar é o Consorcio As Mariñas, estando a dous días da xunta de voceiros. O que fixeron foi traer á xunta de voceiros o que lles pedía o Consorcio, e así se explicou na xunta de voceiros.

Di que ao mellor poderían ter metido máis cousas, naturalmente, se tiveran contado con tempo, pero iso foi o que se lle pasou ao Consorcio As Mariñas para que o incluían no proxecto global a facer en Cambre. En todo caso o proxecto global vai presentalo o Consorcio, e iso é o que lle pode explicar.

El sabe que isto foi atropelado, xa o dixo nas comisións e volve dicilo agora, pero como o prazo de tempo para presentar a subvención é tan curto e, neste caso, o Consorcio non decidiu ata mediados de mes, loxicamente contaron con semana e media para resolvelo todo.

Conclúe dicindo que o fixeron desta forma, pero el está de acordo en que hai que contar cos grupos, naturalmente que poden achegar cousas, el xa o sabe.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el non lle vai reprochar que dende o día 18 se fixera un traballo, pero dende o 28 de xaneiro ao día 18 de febreiro houbo bastante tempo para botar man disto, porque el está seguro que neste concello cando chega o DOGA ven estes temas, e supón que os poñerán en coñecemento do Goberno, que é do que se trata.

Efectivamente, dende o día 18 si que se traballou con présa, pero ata o día 18 houbo moitísimo tempo, pero xa dixo antes, por parte do Concello de Cambre pero tamén por parte do propio Consorcio, que non foron capaces. Despois pasa o que pasa, que lles entregan un papel cuns proxectos dos que el discrepa bastante, porque cre que se poderían engadir outras cousas.

Para el o proxecto queda coxo, e trátase dun papel pobre, incluso sen imaxinación. Non hai máis que pensar un pouco en como está o concello en temas de iluminación para ver unha estrada de aproximadamente 600 metros, el non os mediu, pero que non ten unha lámpada. Considera que é lamentable que iso non vaia reflectido no proxecto, unha estrada das de maior tráfico de Cambre, por onde se desprazan un montón de persoas todos os días para ir traballar ao polígono do Espírito Santo. E cre que o Sr. alcalde, que é veciño de Cecebre, debería mirar por esa cuestión.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle simplemente unha cousa ao Sr. Taibo. Cre que é obriga de calquera Corporación municipal ou de calquera goberno municipal mirar polos intereses do concello. Di que esa estrada é da Deputación e el xa ten pedida a iluminación á Deputación, por unha sinxela razón, porque el non ten que gastar os cartos dos veciños de Cambre nunha cousa que ten que facer a Deputación. Pregunta por que vai meter no proxecto unha obra que ten que facer a Deputación, e que el xa lle esixiu.

Iso é algo que se vai facer, pero el non vai gastar agora unha subvención do Inega, dirixida a camiños municipais, iluminación municipal e mellora da eficacia e do aforro do gasto enerxético que ten o concello, en beneficiar a unha estrada da Deputación cando é ese organismo o que ten a obriga de poñer a iluminación.

Conclúe dicindo que el está totalmente de acordo co Sr. Taibo no tema desa estrada, non se pode ter esa estrada na situación na que está, non se pode, pero el é o primeiro en esixilo, precisamente por ser da parroquia de Cecebre.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), explica que o feito de que non haxa un armatoste de proxecto como ao que están habituados vén motivado en que esta subvención houbo que facela telematicamente, de feito, para el poder asinar a solicitude non sabía o PIN do seu DNI electrónico e tivo que ir á Policía a toda présa para poder tramitalo. Por iso non teñen armatoste ningún, pero no ordenador si que está e poden pasarlles por ordenador a información completa, o que teñen aquí é un resumo básico do que se pretendía facer. Esta era unha subvención enfocada ao aforro enerxético, non a novas instalacións. Para novas instalacións

haberá outras subvencións. Ese foi o motivo de que non lles deran o proxecto, non hai outro.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, pide desculpas, en primeiro lugar, pola ausencia da súa compañeira de grupo que falta hoxe por motivos familiares. Di que vai votar a prol, iso estando de acordo co que expuxeron diversos grupos da oposición sobre que se poderían ter feito as cousas doutra maneira.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM (PdeC), manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros asistentes á sesión, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 215.3.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, acordou:

Ratificar a Resolución da Alcaldía do día 21 de febreiro de 2014 que consta do seguinte teor literal:

“Visto que con data de 28 de xaneiro de 2014 se publicou no DOG a resolución do 23 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia (ILE), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder – Galicia 2007-2013.

Vista a providencia ditada con data de 18 de febreiro de 2014.

Visto o informe emitido con data de 20 de febreiro de 2014 pola secretaria accidental e a interventora.

En uso das atribucións que me confire o 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Delegar no Consorcio As Mariñas a realización, co persoal ou empresa que o Consorcio contrate para tal fin, das obras ou actuacións recollidas na convocatoria anticipada de subvencións para o exercicio 2014, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de aforro e eficiencia enerxética referidos á renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia (ILE), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, durante o período que dure a execución das obras e actuacións obxecto da subvención.

Segundo: Designar ao xefe da sección de Obras e Servizos do Concello de Cambre como interlocutor entre o Concello e o Consorcio de As Mariñas.

Terceiro: Someter o presente acordo á ratificación do Pleno da Corporación na vindeira sesión que se celebre, incluíndo o dito asunto na orde do día.

Cuarto: Publicar o acordo plenario de ratificación no Boletín Oficial da Provincia, conforme o artigo 13.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Quinto: Dar traslado do presente acordo ao Consorcio As Mariñas así como ao xefe da sección de Obras e Servizos do Concello de Cambre.”

2.2. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2014

Vista a proposta da concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 19 de febreiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 25 de febreiro de 2014.

Vistos os votos particulares presentados ao ditame das comisións informativas polo voceiro do PSdeG-PSOE, rexistrados de entrada ao núm. 0/1513 o día 26 de febreiro de 2014, que constan do seguinte teor literal:

“1º voto particular.

Texto do voto particular:

Na base terceira.- Requisitos das persoas beneficiarias, punto 2.- Modificar a redacción como segue:

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

No punto 3. Eliminación dos parágrafos tres e catro: “Persoas que vivan no mesmo domicilio ...” e “Aquela unidade de convivencia independente que ...”

2º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base cuarta.- Solicitudes e documentación. Despois de “Anexo I, acompañada da seguinte documentación...”

Engadir como esixencia de documentación:

- Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

Eliminar o último parágrafo: “Calquera outra documentación que se considere conveniente ...”

Entendemos que a redacción deste parágrafo crea inseguridade xurídica ao beneficiario, dotando á administración dunha indebida discrecionalidade.

3º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base quinta.- Prazo de presentación de solicitudes.

Modificación do 1º parágrafo, como segue:

“O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.”

E iso por figurar esta redacción nas bases da convocatoria do 2013.

4º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sexta.- Tramitación administrativa. No punto 4.

Nova redacción: “O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.”

5º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sexta.- Tramitación administrativa. No punto 5, parágrafo segundo.

Modificación: “O importe individual cun tope de 600 € por beneficiario.”

Esta é a contía que figura na base segunda da convocatoria.

6º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sétima.- Regulación no uso do bono-taxi.

Substituír o límite da data de validez dos bono-taxis do 01 de decembro ao 17 de decembro. Tal e como figuraba na convocatoria de 2013.

7º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base oitava.- Obrigas da persoa beneficiaria.

Substituír o límite de data de devolución da matriz, xunto cos bonos sobrantes do 20 de decembro ao 30 de decembro. Tal e como figuraba na convocatoria de 2013.

8º Voto particular.

Texto do voto particular:

No Anexo IV.- Modelo bono-taxi.

Modificar a validez como modo de pagamento ata o 20 de decembro.

De acordo co sétimo voto particular, que se incorpora á convocatoria.

Motivacións dos votos particulares:

O grupo municipal dos socialistas de Cambre, cos votos particulares presentados, pretende mellorar as bases reguladoras, presentadas polo Goberno municipal, sobre a convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2014, co fin de recoller demandas e suxestións feitas por beneficiarios."

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que, por terceiro ano consecutivo, queren aprobar as bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o ano 2014. Trátase de proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade que, gravemente afectadas na súa mobilidade, teñen dificultades para utilizar transporte público. Que este colectivo poida gozar dos mesmos dereitos que o resto dos cidadáns.

Dito isto, explica que despois das comisións informativas do pasado martes, onde o Partido Socialista reclamou que o ano pasado presentara uns votos particulares que non estaban recollidos nas bases, e comprobado que efectivamente non estaban recollidos, decidiron incorporalos, aceptar os votos e incluílos nas novas bases, coa salvidade dun dos votos que a ela lle gustaría someter a votación por recomendación do equipo técnico de Servizos Sociais. O resto dos votos vanse recoller igual que estaban recollidos o ano anterior.

Expón que un dos votos particulares, que está informado polos técnicos de Servizos Sociais, fai referencia á base cuarta. O grupo socialista propón engadir como esixencia de documentación a fotocopia compulsada do libro de familia, certificación ou copia

compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada. Explica que na proposta orixinal non se ten en conta calquera outro tipo de unidade de convivencia porque non existe. Cre que é unha obviedade poñer algo máis, porque non existe ningún outro tipo de unidade de convivencia.

Continúa dicindo que o grupo socialista tamén propón eliminar da mesma base cuarta a referencia a calquera outra documentación que precise o departamento e que se considere conveniente. Explica que eles consideran que é improcedente eliminalo, xa que non crea ningunha indefensión xurídica, partindo do feito de que todo o equipo de Servizos Sociais está integrado por profesionais e nunca pedirían ningún tipo de documentación que non fora estritamente necesaria. Trátase dunha práctica moi común que se utiliza na maioría de axudas sociais, por exemplo no Risga, e en calquera outro tipo de subvencións que poden ter os concellos tamén se pon esta cláusula. Nunca é restritiva para os documentos que se piden, senón algo a maiores para poder complementar algunha documentación.

Conclúe dicindo que ese é o voto particular que ela pediría que se cambiara, se todos están de acordo, se non pasarían á votación.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o feito de que o equipo de goberno asinta nos votos particulares presentados non significa que se aproben, haberá que escoitar o que pensan o resto de forzas políticas.

Di que eles non se van mover un ápice dos votos particulares que presentaron, e logo xustificará o por qué, e se lle permiten antes fará unha pequena introdución.

Dille ao Sr. alcalde que a estulticia do seu Goberno os ten levado a unha situación que poderían cualificar de surrealista, todo foi un cúmulo de despropósitos sobre este asunto. A proposta do Goberno, a de bono-taxi, infórmase desfavorablemente polos servizos técnicos do concello e non vén avaliada do preceptivo informe técnico que debería emitirse dende o Departamento de Servizos Sociais, como por outra parte esixe a lei.

O Goberno municipal pretende modificar inicialmente as bases terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima e oitava que figuraban na convocatoria do 2013 sen comunicalo e, advertidos do erro, pretenden arranxalo cun informe que eles recibiron onte, onde a coordinadora de Servizos Sociais contradí á concelleira. Un documento que non informa nin a prol, nin en contra, senón todo o contrario, que se limita a dicir esta si, esta non. Están ante un informe de última hora que acepta o que negou no 2013, e que nega o que aceptou en 2013.

Como dicía a Sra. concelleira, os votos particulares son os mesmos. O mesmo voto particular, e se queren profundar niso e cotexan os informes de 2013 e 2014, o mesmo voto particular infórmase a prol e en contra dunha convocatoria a outra. Di que o dito, un barullo. Dille ao Sr. alcalde que debería afeaar a conduta da súa concelleira.

Continúa dicindo que se non fora porque están ante un asunto tan serio, que afecta a veciños con discapacidades, probablemente un dos colectivos máis sensibles, crería que están ante unha parodia humorística dos irmáns Marx, xa saben, a parte contratante da primeira parte.

Dille ao Sr. alcalde que respecto deste procedemento o tempo de presentar informes xa pasou. A estas alturas corresponde á Corporación municipal, a este Pleno, emendar a súa proposta, decidir sobre os votos particulares que os socialistas de Cambre teñen presentado, aprobándoos ou rexeitándoos, e incorporándoos, ou non, ás bases da convocatoria e, polo tanto, se lle permiten por deferencia ao resto de forzas políticas e aos veciños que os acompañan, pasa a ler os votos particulares que os socialistas de Cambre presentaron á convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio 2014.

Pregunta se os van discutir un a un ou se os le todos e os votan.

O Sr. alcalde dille que vaille permitir lelos porque loxicamente está no seu dereito de facelo. O que lle dixo a Sra. concelleira é que eses votos particulares xa se teñen incorporado, agás unha liña que é a que el cre merece discusión, pero se o Sr. concelleiro quere discutilos todos, poden facelo, está no seu dereito.

Don Jesús Bao Bouzas dille que se incorporarán en tanto e canto este Pleno, plenipotenciario como o Sr. alcalde dixo, os aprobe. Non a través dun informe de Servizos Sociais que chega a última hora. É o momento do Pleno, como lle dixo antes, o tempo dos informes xa pasou, por iso lle pregunta se os len todos e os votan todos, le un a un e van votando, como diga o Sr. alcalde.

O Sr. alcalde dille que adiante, un a un.

Don Jesús Bao Bouzas dá lectura ao primeiro voto particular presentado polo seu grupo, tal e como se transcribe a continuación:

1º voto particular.

Texto do voto particular:

Na base terceira.- Requisitos das persoas beneficiarias, punto 2.- Modificar a redacción como segue:

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

No punto 3. Eliminación dos parágrafos tres e catro: "Persoas que vivan no mesmo domicilio ..." e "Aquela unidade de convivencia independente que ..."

O Sr. alcalde sinala que se os demais grupos están de acordo poden votar un a un, ou se o queren discutir ou facer algún comentario ao voto, tamén poden facelo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, adianta que o seu grupo vai votar favorablemente a todos os votos particulares, porque sería unha incoherencia pola súa parte votar agora en contra cando con anterioridade votaron a prol.

O Sr. alcalde dille ao concelleiro socialista que, entón, pode continuar coa lectura de todos os votos particulares.

Don Jesús Bao Bouzas dá lectura ao resto dos votos particulares presentados polo Partido Socialista:

2º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base cuarta.- Solicitudes e documentación. Despois de “Anexo I, acompañada da seguinte documentación...”

Engadir como esixencia de documentación:

- Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

Don Jesús Bao Bouzas indica que quere facer un inciso neste sentido. Dúas persoas que deciden convivir a través dun acordo notarial non figuran nesa excepción que se formula dende Servizos Sociais. Di que hai máis causas, hai máis definicións, hai máis vínculos, por iso ten todo o sentido presentar este voto particular.

Continúa dando lectura aos votos presentados.

Eliminar o último parágrafo: “Calquera outra documentación que se considere conveniente ...”

Entendemos que a redacción deste parágrafo crea inseguridade xurídica ao beneficiario, dotando á administración dunha indebida discrecionalidade.

3º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base quinta.- Prazo de presentación de solicitudes.

Modificación do 1º parágrafo, como segue:

“O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.”

E iso por figurar esta redacción nas bases da convocatoria do 2013.

4º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sexta.- Tramitación administrativa. No punto 4.

Nova redacción: “O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.”

5º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sexta.- Tramitación administrativa. No punto 5, parágrafo segundo.

Modificación: “O importe individual cun tope de 600 € por beneficiario.”

Esta é a contía que figura na base segunda da convocatoria.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que o informe de onte ratificaba o importe de 500 euros. Non sabe se foi un erro ou non, pero o que está escrito é o que consta, e a Sra. concelleira non o rectificou na súa intervención.

Neste momento, e ante as manifestacións dun dos concelleiros populares, don Jesús Bao Bouzas dille ao Sr. alcalde que el non interrompeu ao seu concelleiro saínte.

O Sr. alcalde pide orde e o concelleiro socialista continúa coa lectura do sexto voto particular.

6º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base sétima.- Regulación no uso do bono-taxi.

Substituír o límite da data de validez dos bono-taxis do 01 de decembro ao 17 de decembro. Tal e como figuraba na convocatoria de 2013.

7º Voto particular.

Texto do voto particular:

Na base oitava.- Obrigas da persoa beneficiaria.

Substituír o límite de data de devolución da matriz, xunto cos bonos sobrantes do 20 de decembro ao 30 de decembro. Tal e como figuraba na convocatoria de 2013.

8º Voto particular.

Texto do voto particular:

No Anexo IV.- Modelo bono-taxi.

Modificar a validez como modo de pagamento ata o 20 de decembro.

De acordo co sétimo voto particular, que se incorpora á convocatoria.

A continuación, don Jesús Bao Bouzas dálle as grazas ao resto de forzas políticas, e ao Goberno, polo respaldo destes votos particulares.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela dá o seu respaldo a todos os votos particulares, pero quere que conste no segundo voto o que aclarou antes. O que dixo o Sr. concelleiro da unidade de convivencia feita ante un notario está moi ben, pero iso non vale para nada, non ten ningunha validez legal para presentar en ningún lado, ningunha, non existe iso.

Reitera que non existe, que se poderá facer, pero que non ten ningunha validez legal. Iso foi o que lles dixo a xurídica do Consorcio As Mariñas, non existe ningunha outra unidade de convivencia.

Continúa dicindo que, de todas formas, quere que quede recollido no pleno que ela está de acordo con todos os votos particulares, pero tamén que está de acordo con que as técnicas de Servizos Sociais poidan requirir calquera documentación que sexa acreditativa para ampliar a documentación xa presentada.

Dito iso, os informes de Intervención, como ben dixo o concelleiro socialista, son desfavorables, pero ela apostou por isto porque son persoas moi sensibles, e nalgúns casos se non fora por esta axuda non poderían saír de casa para realizar bastantes cosas cotiáns ou simplemente de ocio. Ela apostou por esta medida, aínda en contra dos informes desfavorables, porque non supón para as arcas municipais unha contía como para que vaia ter uns reparos excesivos. O ano pasado gastáronse uns 4000 euros, cando a partida era de 10000. Este ano ampliaron o IPREM para que pase do 150 ao 180. Tamén ampliaron para que poidan acceder nenos dende os 3 anos, non dende os 4, e tense aumentado a 600 euros a axuda para as persoas que a soliciten e que cumpran os requisitos.

Conclúe dicindo que a súa intención e, dende logo, favorecer. Foi unha proposta do Goberno actual que trata de favorecer a un colectivo que ela cre que o merece. Esa é a súa convicción, aínda en contra do informe no que se di que non é unha competencia que teña que facer o Concello de Cambre, aínda que tamén se di que se pode facer, dalgunha maneira.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que brevemente lle quere lembrar á Sra. concelleira que, se están discutindo esta convocatoria, é porque a Xunta non está cumprindo coa súa obriga de atender debidamente aos usuarios do servizo do 065.

O Sr. alcalde agradécelle a aclaración.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se o que están tratando agora son os votos particulares, ou a proposta. Primeiro quere dicir que non houbo moito traballo por parte da concelleira cando non se deron conta de que os votos particulares aprobados o ano pasado, que trouxo o grupo do Partido Socialista non foron incluídos este ano. Polo que se ve, non leron ben a proposta e tivo que lembrállelo nas comisións o Partido Socialista.

En canto ao tema do segundo voto particular, cando se fala de eliminar calquera outra documentación que se considere conveniente. É o terceiro ano que traen isto a pleno, polo que pregunta se nestes tres anos se incluíu algunha documentación máis, a resposta é que non, é a mesma. Di que eles non dubidan da profesionalidade dos funcionarios, nin moito menos, pero incluso por eles mesmos teñen que ter moi claro que documentación teñen que pedir e cal non teñen que pedir, é así de sinxelo, polo tanto, cre que non cabe discutir este voto.

Conclúe dicindo que o seu grupo está totalmente de acordo con estes votos e van votar a prol deles.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que algo do que se dixo a el fíxolle facer unha pequena reflexión e mirar cara atrás bastantes anos. Cando a Sra. concelleira falou de que a asesora xurídica do Consorcio As Mariñas dixera que non tiña validez ningunha outra unidade de convivencia ou cando dixo o mesmo da inscrición ante notario. Pregúntalle á Sra. concelleira se non dixo iso antes.

Dona M^a Jesús González Roel reitera que lle dixo que non hai máis unidades de convivencia que as que figuran nas bases, é dicir, matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial, e que non se ten en conta outro tipo porque non existen.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que á Sra. Concelleira asesorouna esa persoa do Consorcio As Mariñas, pero el cre que ao mellor quen lle tiña que ter asesorado é unha asesora de aquí, do Concello de Cambre, porque en Cambre hai bastantes anos que se aprobou unha regulamentación sobre unións non matrimoniais que á marxe de Cambre non ten validez, pero que en Cambre si que a ten.

Ante as manifestacións a micrófono pechado de don Felipe Andreu Barallobre, don Luis Miguel Taibo Casás dille que el non sabe de conflitos, sabe de algo que está aprobado e, que el saiba, de momento non se eliminou ese regulamento. Di que ao mellor o Sr. Andreu sabe máis que el e ao mellor a eles non se lles comunicou nesta etapa que levan aquí.

Reitera que talvez o asesoramento tiña que vir por parte do concello, non do consorcio, porque ese regulamento é limitado, pero ao Concello de Cambre si que lle inflúe, e ás persoas que viven no Concello de Cambre si que lles inflúe para moitísimas cousas.

Conclúe dicindo que existe ese regulamento aprobado e quizais teñen que botarlle unha ollada, miralo e facer un informe.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel responde que á técnica do Consorcio As Mariñas non a chamaron a propósito para este tema, este tema xa o tiña moi claro a coordinadora de Servizos Sociais que ten coñecementos suficientes para dicir iso. Non obstante, aproveitando que hoxe estaba nas oficinas a técnica do Consorcio, preguntáronlle que opinaba ela deste tema, e a resposta foi que non existían outro tipo de parellas que non sexan as recollidas na proposta. Iso foi o que dixo tanto a coordinadora de Servizos Sociais como a xurídica do Consorcio que estaba hoxe alí atendendo outras cousas que tivo que atender. Preguntóuselle precisamente por se acaso, nada máis.

A continuación, o Sr. alcalde dá paso á votación individual de cada un dos votos particulares presentados.

Sometidos a votación ordinaria os votos particulares presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao ditame das comisións informativas de data 25 de febreiro de 2014, que foron rexistrados de entrada ao núm. 0/1513 o día 26 de febreiro de 2014, o resultado das votacións é o seguinte:

- 1º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

- 2º voto particular: Votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro do PGD, integrante do GM. E abstense o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

Queda aprobado.

- 3º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

- 4º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

- 5º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

- 6º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

- 7º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

- 8º voto particular: Votan a prol os dezoito concelleiros asistentes á sesión (5 concelleiros presentes do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM).

Queda aprobado.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que xa dixo antes que, á parte de traer unhas propostas onde está claro que non viñan os votos particulares que se acaban de aprobar agora e que se aprobaron xa o ano pasado, e que iso é unha falta total de traballo, á parte diso, vaille lembrar ao Sr. alcalde as súas palabras de hai escasamente tres minutos sobre que el non ten que gastar os cartos dos veciños de Cambre en algo que ten que facer outra administración, a Deputación, na estrada da que estaba falando antes o voceiro de EU.

Lémbrale isto porque as bases que traen agora a aprobación é unha competencia da Xunta de Galicia, non é competencia do Concello de Cambre, pero o Goberno municipal vai gastar os cartos dos veciños de Cambre en algo que é competencia da Xunta de Galicia.

Di que os concelleiros de UxC non van impedir que isto vaia adiante, vanse abster na votación, xa o fixeron o ano pasado exactamente o mesmo, pero si que lles gustaría dicir ou pedirlle que por escrito lles dera, cando teña a ben, algunha documentación que o Goberno municipal lle mandara á Xunta reclamando este servizo. Supón que por ser competencia da Xunta de Galicia, o alcalde de Cambre, defendendo os intereses dos veciños, lle pediría á Xunta que preste o servizo, para que non o teñan que facer os veciños de Cambre, porque van gastar os cartos dos veciños de Cambre en algo que ten que facer a Xunta e que non fai.

Conclúe reiterando que eles vanse abster e que lle pide que lles pase a documentación, se existe, onde o alcalde de Cambre solicita á Xunta de Galicia que faga o traballo que ten que facer, que sería, entre outras cousas, este.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el quere comezar dicindo que o pasado ano eles propuxeran que o concello fixera algún estudo de viabilidade para asumir como propio o transporte adaptado en Cambre, como complemento do 065, tendo en conta, ademais, o bo funcionamento e bo resultado que estaba dando, segundo os propios usuarios, o anterior transporte que prestaba o concello. Incluso dicían máis, dicían que isto había que falalo con asociacións, como poden ser Arela, Apem ou o propio Cogami e con persoas afectadas individualmente no concello. Cre que podería ser unha alternativa, aínda que lle dá a sensación de que non se fixo ningún estudo dese tipo. Consideraban ademais, que pola proximidade que tiña este tipo de transporte, o control podería ser moito mellor dende o concello. Xa dixo que os propios usuarios dese transporte amosaban a súa notable satisfacción polo bo funcionamento.

Por outra parte, en consonancia co que dicía o voceiro de UxC, van prestar un servizo que lle corresponde a outra administración. Evidentemente van gastar os cartos dos veciños de Cambre, pero como están gastando os cartos dos veciños de Cambre rozando e limpando o paseo fluvial do río Mero, cando é algo que lle compete exclusivamente á Xunta de Galicia, ou á Confederación, a Augas de Galicia. Motivado niso hai un informe en contra da Intervención municipal e, se mal non se lembra, cre que hoxe viñan recollidos nos medios de comunicación os problemas que está habendo nun concello próximo por culpa destes temas dos informes en contra de Intervención.

El di o do 065 porque o propio Sr. Andreu, xa hai algún tempo, recoñecía que efectivamente este servizo era deficiente, en Cambre e en Galicia, e que habería que reforzalo. El cre que habería que facer un estudo e prestar un servizo público dende o concello, cre que esa sería unha boa opción, baixo o seu punto de vista, polo menos facer o estudo, se ao final resulta que non é viable habería que tomar outro tipo de medidas. Incluso poderían ter algunha colaboración, por exemplo agora que se vai instalar a Cruz Vermella na Barcala, ao mellor poderíase facer algún tipo de acordo nese sentido, un acordo de colaboración.

Conclúe dicindo que con estas bases, efectivamente, algo se vai avanzar, por iso non van votar en contra, pero tampouco van dar un voto favorable tendo en conta que EU apostou por un servizo público e de calidade prestado dende o concello. Por todo isto, vanse abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel expón que o estudo que comenta o Sr. Taibo si se fixo, e foi igual, con informes desfavorables, porque en realidade tampouco o terían que asumir. O servizo que se estaba xestionando antigamente no concello supoñía para as arcas municipais máis de 40000 euros. Co estudo que se fixo agora o problema que se atoparon é que agora mesmo non teñen capacidade legal para contratar a ninguén. Habería que contratar a un chofer e non teñen capacidade legal para facelo.

Explica que por iso se desistiu e se optou polo bono-taxi, que reúne todos os requisitos legais, non pasa como o que o Sr. concelleiro comentou que pasa noutro concello próximo, non ten nada que ver, absolutamente nada, nese concello non teñen unhas bases aprobadas por un Pleno, non teñen nada, non ten nada que ver co Concello de Cambre. Simplemente ela aposta por esta partida orzamentaria, e se os grupos da oposición non están de acordo porque leva un informe desfavorable, poden votar en contra ou absterse, poden facer o que queiran, pero ela apostou por isto, por unha cantidade que non lle supón ás arcas municipais un esforzo importante e, non obstante, si que se lles fai un gran servizo a todas esas persoas que están utilizando o taxi adaptado.

Conclúe dicindo que agardan que agora, moi en breve, teñan tamén un taxi adaptado en Cambre e que o servizo sexa aínda mellor que o que se está prestando actualmente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que lle gustaría ter o informe porque, a pesar de ser o grupo que o pediu, non contan con el. No que si discrepa profundamente coa Sra. concelleira é cando di que é máis custoso o servizo prestado dende os concellos. El discrepa con iso e hai moitísima xente que agora empeza a discrepar de que os servizos públicos haxa que privatizalos. Está demostrado, e o Consello de Contas así o recoñeceu, que os servizos públicos prestados polos concellos e polas administracións públicas son de mellor calidade e incluso saen máis baratos. O que pasa é que aquí houbo unha dinámica, durante moitísimo tempo, de privatizar, para montarse *chiringuitos* e para pasar o que está pasando coas privatizacións. Di que iso é o que están vendo estes días na prensa, a lería é privatizar, e xa ven o que está pasando coas privatizacións. Imaxina que o Sr. Andreu en gran medida está de acordo con el neste tema.

Conclúe dicindo que lle gustaría ter o informe e confrontalo con outros informes e con outras situacións, a ver se é viable ou non que o Concello de Cambre teña ese servizo. Dende logo, posiblemente de mellor calidade había de ser.

A continuación, sométese a votación ordinaria o ditame emitido polas comisións informativas o día 25 de febreiro de 2014, modificado polos votos particulares presentados polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Abstéñense os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por doce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2014, tal e como se transcriben a continuación, así como o gasto correspondente:

BASES DA CONVOCATORIA DE BONO-TAXI PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA PARA O EXERCICIO DO 2014

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo, axudando a conquistar unha maior integración.

A fundamentación xurídica que o avala é:

A Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de minusválidos, onde os seus principios rectores se fundamentan no artigo 49 da Constitución Española e que obriga aos poderes públicos a prestar ás persoas discapacitadas todos aqueles medios que resulten necesarios para o efectivo exercicio dos dereitos fundamentais.

A Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, teñen por obxecto adoptar medidas tendentes a facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades e a evitar ou compensar as desvantaxes das persoas con algunha discapacidade para participar plenamente na vida política, cultural, económica e social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, sinala como competencias municipais a creación e a xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizo de carácter integrado os que os constitúen na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

O Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación, co obxecto de conquistar unha maior integración das persoas con discapacidade, quere establecer un sistema de axudas que facilite o acceso aos taxis adaptados. Para a plena efectividade deste proxecto elabóranse as presentes bases que regulan o sistema de adxudicación dos bono-taxis, así como a súa contía.

PRIMEIRA – OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñen dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual que, en forma de bonos, permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi adaptado (eurotaxi) para os seus desprazamentos persoais.

No caso de existir eurotaxi no municipio de Cambre haberá que empregar o do municipio e noutro caso, poderase recorrer aos eurotaxis máis próximos sempre que exista dispoñibilidade.

SEGUNDA- FINANCIAMENTO

Para a concesión destas axudas existe crédito no actual orzamento municipal prorrogado, na aplicación orzamentaria “2014 233 223 Programa transporte adaptado” por importe de 10.000,00 euros.

A máxima cantidade a percibir a través dos bonos por beneficiario/a será de 600 euros ao ano.

TERCEIRA – REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
- Ser maior de 3 anos.
- Ter recoñecida a condición legal de minusválido, en grao igual ou superior ao 33% e mobilidade reducida que impida empregar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
- Carecer, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado para a súa condución e no caso de telo poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas. Para os efectos anteriores terá que autorizar ao concello, mediante impreso normalizado, para a comprobación dos datos fiscais.
- Para os traballadores, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
- Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior ao 180% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente no exercicio do 2014 (11.502,234 euros anuais). Excepcionalmente poderá incrementarse o límite de ingresos nun 20% adicional, logo do informe técnico do departamento de Servizos Sociais.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto:

- A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal; cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.

4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2012 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar, e dividido polo número de membros que a integran.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización da seguinte operación, coas cantidades que figuren nas casillas que se indican, das declaracións do IRPF ou certificado de renda ou prestacións para o exercicio 2012: Casilla 455 + Casilla 465.

Se non constan as referidas casillas, a casilla 455 Base impositiva xeral será o resultado das seguintes operacións: (450)-(451)+(452)-(453)-(454).

A casilla 465 Base impositiva do aforro será o resultado das seguintes operacións: (457)-(458)+(460)-(461).

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2012, por non estar obrigado a iso, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

CUARTA – SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, rúa Adro, núm.1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou una Casa das Palmeiras no Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o modelo oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.
- Fotocopia compulsada do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- Fotocopia compulsada do certificado oficial de minusvalía da persoa beneficiaria, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo.
- Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.
- Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:
 - Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
 - Non ser titular de vehículo propio adaptado para a conducción, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
 - Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
 - Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.
- Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao

seu nivel de renda e ao cumprimento por eles das súas obrigas tributarias, segundo Anexo III.

- No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:
 - Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do 2014, de ser o caso.
 - Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
 - Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros da unidade de convivencia que se atopen en situación de desemprego, de ser o caso.
 - Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluíndo cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

QUINTA – PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ao día seguinte da publicación da presente convocatoria no BOP e rematará o 30 de novembro.

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorra algún dos seguintes supostos:

- Recoñecemento da discapacidade que afecte gravemente á mobilidade e impida a utilización do transporte público colectivo en data posterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Calquera outra circunstancia de especial urxencia segundo valoración do equipo técnico de servizos sociais.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiríraselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

SEXTA – TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, incorporárase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo de resolución e notificación ao interesado será de 30 días hábiles contados dende a recepción da totalidade da documentación requirida.

5.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bono-taxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 8 da Barcala (Cambre).

O importe individual dos bonos será en función do número de solicitudes validadas, cun tope de 600 euros por beneficiario, dividindo o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria entre o número de usuarios admitidos, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

6.- Remitirase aos titulares dos eurotaxis accesibles un listado coas persoas beneficiarias das axudas.

SÉTIMA – REGULACIÓN NO USO DO BONO-TAXI

Os bono-taxis emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias entregarán os bono-taxis por viaxe, debidamente cubertos, ao taxista como contraprestación do transporte, podendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bono-taxis.

Os bono-taxis expediránse por importe de 0,5 euros, 1 euro, 5 euros, 10 e 15 euros. O beneficiario achegará a moneda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,5 euros.

Os bono-taxis terán validez anual, e só poderán empregarse ata o 17 de decembro de 2014.

Poderán empregarse os bonos-taxis para servizos dentro da provincia da Coruña.

Os bono-taxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura do beneficiario.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de desfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).

- Visitas médicas.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

OITAVA – OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

As axudas do bono-taxi son persoais e intransferibles, debendo utilizalos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o periodo de validez dos bonos e antes do 30 de decembro de 2014, a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, haberán de ser devoltos aos Servizos Sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bono-taxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bono-taxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de contrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

NOVENA – TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación.

Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan ao Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade, Benestar social, Sanidade e Educación, Área de Servizos Sociais, a incorporar os datos recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta concellería, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.

ANEXO I

SOLICITUDE DE BONO-TAXI

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	ESTADO CIVIL

DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO
-----------	-------------	-----------

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO		MUNICIPIO	PROVINCIA
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO COA/CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE			

D./D^a _____, como (solicitante ou representante legal) **DECLARA**: Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo. Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, **DECLARA** non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 201__ Asdo:

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaránse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de Servizos Sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA

D./Dna _____ con DNI núm. _____

Representante legal
D./Dna _____ con DNI núm. _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Atoparme ao corrente do cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, e co Concello de Cambre, e coa Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.

(Marquese cun X a opción que corresponda)

- Estar obrigado a presentar declaración anual do IRPF SI NON

- Ser titular de vehículo adaptado propio para a conducción SI NON

(En caso de resposta afirmativa, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevenidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo.)

- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...

- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.

Cambre, de de 2014

O/A solicitante ou Representante legal

Asdo.:

ANEXO III

MODELO DE AUTORIZACIÓN

Autorización para a cesión de información relativa ao nivel de renda e ás obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma e a Seguridade Social para os efectos de solicitude de bono-taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o 2014, a cubrir por todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.

NOME E APELIDOS	ENDEREZO	DNI	SINATURA

autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda e sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para os efectos de **solicitud de bono – taxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o 2014.**

Lugar, data e sinatura”

ANEXO IV
MODELO BONO – TAXI

BONO - TAXI
Importe: 0,5 euros/1 euro
5, 10,15 euros

Bono-Taxi núm.: _____/2014

Data de expedición: _____

Nome e apelidos: _____

Núm. do DNI ou NIE: _____

Traxecto realizado: _____

Importe total do traxecto: _____

Núm. licenza taxi: _____

O/A beneficiaria ou representante legal

Sinatura

ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O 20 DE DECEMBRO DE 2014.

No momento en que o taxista facture ao concello, os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

Segundo: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

2.3. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre

Vista a proposta da Alcaldía do día 21 de febreiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 25 de febreiro de 2014.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que o obxectivo desta modificación xa o explicaron nas comisións. Trátase de facilitar un pouco a participación nos consellos sectoriais que se están comezando a crear, dado que a interpretación textual do regulamento impoñía algunhas limitacións que non eran todo o xustas que debían ser. Por exemplo, asociacións que non tiveran todos os seus socios empadroados no concello non poderían participar.

Son varias cousas as que se queren modificar co fin de ampliar a participación de determinados colectivos nos consellos sectoriais.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo o que apoiaron en todo momento foi facilitar a participación, porque entenden que é unha necesidade. Comparten o de facilitar e adaptar as normas, tal e como queda de manifesto no informe, onde se di claramente que os municipios son as canles de participación cidadá nos asuntos públicos e os veciños teñen dereito a participar na xestión municipal.

Partindo desas bases di que para o seu grupo é algo fundamental, pero levan case tres anos de lexislatura e lembra que este Regulamento de participación cidadá foi aprobado xa na lexislatura pasada. O Sr. alcalde sendo candidato participou en moitas das xuntanzas para chegar a facer este regulamento e ata o de agora parece que o tiñan esquecido, a pesar dos pesares, de todas as cuestións técnicas, falta de persoal e demais. Entenden que ten que haber vontade de poñelo a funcionar xa dunha vez e que funcione.

Simplemente queren expoñer algo respecto do segundo punto da proposta da Alcaldía, que fala de abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de 30 días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación. Dende o grupo socialista rogan que iso se amplíe cunha comunicación directa, no caso de que sexa posible, porque este concello ten unha base de inscrición de asociacións e poderían facerlles esa comunicación máis directa, se o equipo de goberno permite incluír esa apostila.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre explica que como mentres o Sr. concelleiro o estaba lendo, el estaba intentando localizar o lugar onde a quería incorporar, non lle quedou claro cal é a apostila, polo que lle pide, por favor, se lla pode repetir.

Don José Manuel Lemos Seoane di que se trata de engadir, ao final ou á parte da publicación no taboleiro de anuncios do concello, a comunicación directa ás

asociacións, no caso de que iso sexa posible porque na base de datos do concello haxa un contacto desa asociación. Telefonicamente, por correo electrónico ou dalgunha maneira, mandarlles esta mesma comunicación.

Conclúe dicindo que, polo demais, no seu grupo tamén valoran que se dea traspaso a que o leven dende a Concellería de Cultura, porque nas comisións tamén se manifestou que nesa concellería se dispoñía de máis persoal. Todo isto para darlle o tratamento que se merece e para que sexa unha realidade, que non se quede no limbo. Dende logo van apoiar esa cuestión.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el supón que non hai problema en engadir que se lle comunique ás asociacións que estean rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que precisamente isto xurdiu porque cando fixeron a comunicación a todas as asociacións que hai en Cambre, déronse conta que hai moitas que non cumpren o regulamento. Isto xurde precisamente para que se poidan legalizar todas as asociacións, é dicir, o contacto foi a través de todas as asociacións que hai en Cambre, porque se lles esixía a condición de que todos os seus membros estiveran empadroados en Cambre, e claro, hai moitas asociacións en Cambre nas que non todos os seus membros están empadroados aquí, co cal estaban limitando a acción, por exemplo o caso da Cruz Vermella. Por iso cre que se trata de redundar, porque desa comunicación que se fai directamente a todas as asociacións é de onde xurdiu precisamente a proposta de modificación. En todo caso, non hai ningún problema.

Don Felipe Andreu Barallobre tamén manifesta que non hai problema porque da maioría teñen correo electrónico, poden facelo por correo electrónico. E tamén el propón engadir que se publique na páxina web.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que ao seu grupo parécelle correcto todo o que sexa mellorar e que a comunicación sexa a mellor posible porque, dende logo, como volve dicir, eles apostan pola participación cidadá. Están vendo constantemente, están tratando moitos temas nos plenos, mes tras mes, e aquí tamén é unha das cousas que se lles facilita, a disposición para facer consultas populares, e dende o seu grupo tamén apostan por elas, porque entenden que iso pode ser algo válido para moitos dos temas. Falaron antes aquí do tema da eficiencia enerxética ou doutros temas que se traen e entenden que os veciños de Cambre teñen a necesidade de poder ter unha canle, un medio onde achegar cada un o que poida pensar, para iso está o tema de participación cidadá.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el ten que dicilo de novo, insistir en que a participación cidadá foi un pilar fundamental para o seu grupo e para a súa organización. Cre que traballaron activamente na posta en funcionamento e na súa elaboración, dende un principio.

Dito isto, el cre que ao tratarse da modificación dunha cousa tan importante como é o Regulamento de participación cidadá, o seu grupo o que bota de menos é un informe da persoa que traballou, posiblemente a máis activa de todo o concello, no que se refire a este regulamento, e o di aquí, don Ricardo Puertas.

O Sr. alcalde sinala que a proposta é del.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que el non viu a súa sinatura.

Don Felipe Andreu Barallobre di que porque apoiaría á secretaria e faríao un, pero a proposta foi de don Ricardo Puertas.

O Sr. alcalde lembra que é o único funcionario que traballa nesa materia.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, se non ve un informe asinado por esa persoa, el ten que dicir que non informou esa persoa, ou pregunta se ten el que imaxinar que asinou esa persoa. Pide que lle digan onde está o informe dese funcionario. Di que é outro dos fallos que ten este Goberno, vanlle apuntar outro, claro, e volve preguntar se hai un informe dese técnico.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que non hai informe, e que se lle pregunta que lle contesta.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelle que lle permita terminar e despois lle contesta. Xa dixo que para EU é fundamental o informe desa persoa e, como non o viron no expediente do pleno, por iso o dixeron. Para eles é un dos máximos protagonistas nese tema, por iso o din.

Por outra parte, di que pode ser que se produza o que mencionaron, que haxa algunha asociación na que non todos os socios estean empadroados en Cambre, pero pregunta cantos socios e cantos directivos teñen que estar en Cambre, porque iso non o pon. Pódese interpretar que ao mellor ningún ten que ser de Cambre. Segundo está na proposta plasmado pódese interpretar que aquí vén unha asociación de fóra, ningún socio é de Cambre e, aínda así, pódese inscribir. El di o que ve.

Por outro lado discrepan, aínda que ese xa é un criterio do Goberno, que isto pase a depender da Concellería de Cultura e non de Participación Cidadá, como o seu nome indica.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el lle agradece profundamente, e supón que en nome de don Ricardo Puertas tamén o poderá facer, a preocupación de EU, pero pódelle garantir aquí e que conste en acta, así o público tamén ten coñecemento, que esta proposta xurdiu dese técnico, e se o informe o fixo a secretaria será porque o informe da modificación do Regulamento orgánico municipal é preceptivo e quen ten que facer o informe é a secretaria. Non estará asinado por don Ricardo Puertas, pero el pódelle asegurar que a iniciativa de que se fixera esta modificación neste sentido foi del, non doutra persoa. Por iso lle agradece profundamente que o faga, que se acorde del, e así llo transmitirá, para que non lle quede ningunha dúbida.

En canto ao tema do Rexistro Municipal de Asociacións, di que o problema co rexistro de asociacións é que é algo que require un movemento constante de actualización de datos, de comunicacións coas asociacións, e don Ricardo Puertas, que está el só, pouco máis pode facer. O que necesitan é organizar isto para que funcione, e a forma de que funcione parece lóxico que sexa esta.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalle polo que dixo sobre o número de socios que teñen que estar empadroados.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que unha das condicións, supón que tamén o vería, é que as actuacións da asociación revertan dalgunha forma no Concello de Cambre. El ponlle o exemplo, porque xa o fixo na xunta de voceiros e nas comisións, da Cruz Vermella. A Cruz Vermella vaise instalar en Cambre e tal e como estaba o regulamento a Cruz Vermella non podería participar nos consellos sectoriais, porque non podería estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do concello e non podería facer achegas, iso cando é unha asociación, ou unha organización, que se supón que unha vez que se instale no Concello de Cambre vai ter moito que dicir, sobre todo nos consellos sectoriais de Servizos Sociais que son os primeiros que se puxeron en funcionamento. Por iso supón que a proposta de don Ricardo Puertas de deixalo así aberto, sería para que el puidera valorar ata que punto é interesante que participen, porque o caso máis evidente é este da Cruz Vermella que é o que o técnico lle transmitiu a el.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el coincide co voceiro popular no tema da Cruz Vermella, claro que coincide, profundamente, pero el ponse no caso de que mañá, por exemplo, vén a Irmandade dos irmáns lexionarios de onde sexa, ou as testemuñas de non sabe canto, e veñen para Cambre, instálanse no municipio, inscríbense no Rexistro de Asociacións, incluso fan algunha actividade, e poden levar unha subvención do concello. A iso se está referindo el, nada máis, é por unha cuestión práctica.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que todo dependerá das actividades que fagan e que revertan no concello. As bases das convocatorias das subvencións tratan de primar as actividades que organizan as asociacións, os potenciais beneficiarios aos que vaian destinadas e o resultado das anteriores, no seu caso. Iso valórase na convocatoria das subvencións, iso non quere dicir que aquí vaia vir calquera que monte unha asociación a percibir unha subvención. Non, aquí hai unhas bases onde se fixan uns criterios, o Sr. Taibo o sabe perfectamente, e en función das actividades ou dos potenciais beneficiarios considérase quen debe ou non debe percibir a subvención, pero iso non quere dicir que ao mellor esa asociación non teña por que estar inscrita no rexistro, son cousas distintas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el nada máis sinalar a súa desconfianza neste tema. O seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable, pero tamén, desde o descoñecemento el quere manifestar a súa dúbida, porque fala a nova redacción dun ámbito de actuación

que comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan nel a súa sede social. El pregúntalles, dende o descoñecemento, se a Cruz Vermella de Cambre vai ter a súa sede social en Cambre, con personalidade xurídica propia.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que a Cruz Vermella el non cre nin sequera que teña personalidade xurídica propia a nivel nacional, porque cre que é un ente recoñecido pola Organización das Nacións Unidas e cre que só ten unha personalidade xurídica a nivel internacional, entón dificilmente poderá tela no Concello de Cambre. El pensa que o que se pretendía traer, o que se pretendía plasmar aquí, é que todas esas organizacións que lle poidan prestar un servizo ao Concello de Cambre, aos seus veciños sobre todo, poidan participar.

Don Daniel Carballeda Rodríguez pregúntalle se vai ter a súa sede social en Cambre, se o local da Barcala vai cumprir os requisitos legais de sede social.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que vai ter un local e entende que si. Esta cuestión plasmouse na proposta, a proposta parte do responsable de Participación Cidadá, e co aval da secretaria municipal el ten que entender que si.

Don Daniel Carballeda Rodríguez manifesta que xa dixo antes, e ademais se o Sr. voceiro lle dá esas garantías mellor, que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Luis Baamonde López, voceiro do GM (PdeC), manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, cos engadidos propostos polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e polo voceiro do PP, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do artigo 33, artigo 34, letra j), e artigo 37 apartado 1, do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre, que quedarán redactados tal e como se transcriben a continuación:

“Artigo 33. Tipo de asociacións que poden inscribirse.

Todas as asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas que teñan como obxecto a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio, que o seu ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal ou parte deste e teñan nel a súa sede social, poden optar a ser inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, sen que sexa requisito necesario que a totalidade dos seus socios estean empadroados no municipio de Cambre. Para poder acceder aos recursos municipais será preciso que as asociacións se inscriban formalmente no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.”

“Artigo 34. Documentación a presentar no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

(...)

j) Certificación do/da secretario/a da entidade do número de socios inscritos no momento da solicitude, especificando número de empadroados no municipio.”

“Artigo 37. Funcionamento interno do Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

1. O Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais dependerá da concellería competente en materia de Cultura e os seus datos serán públicos, coas restricións que prevea a normativa vixente en cada momento; podendo realizar publicacións do directorio para unha maior divulgación e coñecemento social do tecido asociativo.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios do Concello, páxina web municipal e comunicándose directamente ás asociacións debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación do regulamento de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.4. Proposta de aprobación das tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almuerzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre

Vista a proposta conxunta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, e da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Comercio do día 20 de febreiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 25 de febreiro de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que se trata da aprobación dos prezos públicos do programa “Mañanceiro”. Simplemente se trata de adecuarse aos pregos de cláusulas administrativas particulares e ás prescricións técnicas que rexen este contrato. Sacouse a contratación o 11 de setembro e asinouse a adxudicación á empresa, despois de pasar todos os trámites regulamentarios de contratación, o 31 de xaneiro deste ano.

Di que nas comisións o PSdeG-PSOE comentou a posibilidade de facer un cambio no que se refire ás porcentaxes do 20% e do 80% que teñen que aboar o concello e os usuarios respectivamente, pero iso figura así nas cláusulas administrativas da empresa, co cal a día de hoxe non tería moito sentido cambialo porque a empresa

acaba de resultar adxudicataria. Non se pode cambiar, habería que pedirlle á empresa que non prestara o servizo, darlle as explicacións que houbera que darlle e facer outra contratación. Tal e como está feita, a día de hoxe ten que estar así, co 20% e o 80%.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, antes de nada, vaia por diante que discrepan absolutamente deste último razoamento e vai intentar explicalo.

É certo que nas comisións informativas do pasado martes mantiveron un agre debate sobre este asunto, e os socialistas de Cambre propuxeron, como ben dixo a Sra. concelleira, modificar as porcentaxes que aboan tanto o concello como as familias de Cambre. Actualmente as familias soportan o 80% do custo do servizo e o concello o 20%. Eles propuxeron rebaixar do 80 ao 70% o importe que teñen que sufragar os pais que leven aos seus fillos ao programa “Mañanceiro”. Sendo este servizo unha medida de conciliación laboral e familiar, a súa proposta beneficiaría a día de hoxe a unhas 130 familias do municipio.

A esa proposta, como ben dixo a Sra. concelleira, respondéronlles que habería que realizar un estudo económico e que habería que ver o que din as bases da convocatoria. El dille ao Sr. alcalde que terán que velo eles, porque o grupo socialista xa o viu, de aí a súa proposta.

Di o punto dous do prego de convocatoria que o Concello de Cambre aboará sobre o importe desa tarifa, como regra xeral, o 20% do custo por alumno, e o 80% restante aboarase directamente ao adxudicatario polos usuarios, mediante o pago da correspondente tarifa. Non obstante, estas porcentaxes de pago a dividir entre o concello e os usuarios, serán establecidas e poderán ser modificadas logo da aprobación da correspondente ordenanza que rexe cada exercicio orzamentario. Por iso di que de liquidar o servizo, nada. Modificar a ordenanza é suficiente.

O Goberno tamén lles inquiriu sobre onde estaba o estudo económico que fundamentaba a proposta socialista. El dille ao Sr. alcalde que a pregunta non é esa. O punto terceiro do prego da convocatoria establece que durante os meses de setembro a decembro a imputación do gasto se efectuará con cargo ao orzamento municipal en vigor, e no que se refire aos meses de xaneiro a xuño, con cargo ao orzamento do exercicio seguinte, ata completar o total do contrato. En consecuencia, a pregunta que deberían facerse é onde está o estudo económico que sustenta a proposta do Goberno, cal é a partida do orzamento do 2014 vinculada a este servizo e por que. Pregunta se é a duns orzamentos prorrogados, caducados.

Pregúntalle ao Sr. alcalde se lembra cando dicía textualmente, non hai moito, que non lle gustaba traballar cuns orzamentos prorrogados. Iso díxoo o Sr. alcalde. Di que os socialistas de Cambre non necesitan un estudo económico para formular esta iniciativa, bástalles con saber que a licitación e posterior adxudicación do servizo ten suposto un aforro para as arcas municipais respecto do prezo de licitación.

Non necesitan un estudo económico para concluír que a inmensa maioría das familias de Cambre viron reducida a súa capacidade económica nos últimos anos. Para o

grupo municipal socialista o único estudo económico que conta é o que fan tantas e tantas familias de Cambre para chegar a fin de mes.

Dille ao Sr. alcalde que cando se cobran máis de 30000 euros/ano dá igual pagar o 70 que o 80% por gozar dun servizo público, pero cando teñen minorado a túa capacidade económica, o teu poder adquisitivo, cando viches reducido o teu salario ou directamente o perdiches, cando as familias non son responsables do actual escenario económico, pero si vítimas que padecen as súas consecuencias, cada céntimo conta.

Continúa dicindo que para aceptar a proposta socialista non son necesarios estudos económicos, bastan unicamente dúas cousas, sensibilidade social e compromiso político, algo do que desgrazadamente o Goberno municipal carece. En consecuencia, urxe ao Sr. alcalde a que antes do vindeiro pleno ordinario previsto para o mes de marzo lles faga chegar unha proposta de modificación da ordenanza que regula os servizos do programa “Mañanceiro”, xa non só nos termos que teñen proposto, senón con máis percorrido. Agardan unha proposta de revisión e actualización integral da ordenanza que regula os servizos que se prestan dende o programa “Mañanceiro” acorde cos tempos que viven a inmensa maioría das familias de Cambre.

Conclúe dicindo que o seu voto, entremetres, será abstención.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela simplemente quere aclarar que cando se fala dun 20% por regra xeral, iso quere dicir que o 30% o teñen, en principio, as familias monoparentais en función da súa renda, o 50% as familias numerosas e o 100% os que teñan un informe de Servizos Sociais, por iso se di que polo xeral terán un 20%, exceptuando as cláusulas especiais.

Tamén di que, dende logo, ela ten aquí un informe no que se di que existen unhas cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que establecen que o concello custeará o 20%, e os pais o 80%, do 100% da tarifa do alumno e do centro, segundo modalidade con almorzo ou sen almorzo, mes completo ou días soltos. Tanto os orzamentos como as porcentaxes de tarifas son elementos esenciais do contrato. E non ten sentido modificalos neste momento, xa que se acaba de asinar un novo contrato con estas condicións o 17 de febreiro do 2014.

Dille ao concelleiro socialista que el estivo na mesa de contratación e esas condicións xa figuraban nas condicións da empresa que saíu adxudicataria. El asistiu ás mesas de contratación onde figuraba xa todo isto. Agora iso non se pode cambiar, está posto nas condicións de contrato da empresa.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que respecto do procedemento de licitación do servizo o grupo socialista ten sido absolutamente escrupuloso no procedemento, pero precisamente porque non teñen intervido no proceso, a eles non lles teñen chegado as bases da convocatoria, non as teñen consensuado co Goberno. Eles só teñen accedido á mesa de contratación para abrir a proposta. En calquera caso, teñen sido absolutamente respectuosos co procedemento e teñen esperado a que conclúise para propoñer esta iniciativa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que vai votar abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM (PdeC), manifesta que vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as seguintes tarifas e reducións do programa “Mañanceiro” de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos CEIP do Concello de Cambre:

Mes completo	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas	Centros de 2,5 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo incluído, 10%)	46,20	55,20	58,20
Sen almorzo	33	42	45

Días soltos	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas	Centros de 2,5 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo incluído, 10%)	2,06	2,36	2,66
Sen almorzo	1,40	1,70	2,00

O Concello de Cambre aboará, sobre o 100% do importe das tarifas por alumno, como regra xeral, o 20% do custo por alumno e o 80% restante, aboarase polos usuarios mediante o pago á entidade adxudicataria da correspondente tarifa.

Así mesmo, o Concello de Cambre custeará o 100% do importe da tarifa de tres alumnos por centro, tras un informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. Este número de prazas poderán ser trasladadas a outro centro, no caso de que non houbera o servizo nalgún deles.

Tamén custeará sobre as tarifas por alumno un 30% para outro número de alumnos que con base na seguinte baremación sumen 4 puntos ou máis:

a) Con base nos ingresos económicos, segundo a renda “per cápita” mensual e en relación ao número de fillos que soliciten o programa:

RENDA "PER CÁPITA" MENSUAL	1 fillo	2 fillos	3 ou máis fillos
276,30 euros	3 puntos	4 puntos	5 puntos
276,30-367,88 euros	2 puntos	3 puntos	4 puntos
367,88-613,12 euros	1 puntos	2 puntos	3 puntos
613,12-858,37 euros	0 puntos	0 puntos	1 punto

b) Por ser familia monoparental: 3 puntos

No caso de familia numerosa aplicarase un 50% de desconto sobre a tarifa correspondente a cada un dos participantes, para o que a persoa que o solicite deberá achegar fotocopia do título de familia numerosa.

Prevalecerá a redución de maior contía naqueles casos nos que ao solicitante se lle poida aplicar varios descontos.

Segundo: Publicar as tarifas e reducións aprobadas para xeral coñecemento.

2.5. Designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2014-2015

Vista a proposta da Alcaldía do día 12 de febreiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 25 de febreiro de 2014.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que parece razoable que a responsable do concello na Comisión de Escolarización sexa a concelleira de Educación.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai manter o voto das comisións, que é abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por sete votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2014-2015, a dona M^a Jesús González Roel.

Segundo: Comunicar a citada designación á Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para os efectos oportunos.

2.6. Aprobación inicial, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 19 de febreiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 25 de febreiro de 2014.

Vista a emenda presentada pola concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación o día 26 de febreiro de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que a modificación que traen hoxe da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar é basicamente por obrigación. Autos Sigrás-Carral informoulles no mes de decembro que a partir do 1 de xaneiro non ía admitir os bonos en papel que son os que se estaban utilizando en aplicación da ordenanza, agora ten que ser a través de tarxetas persoais. A partir de que se aprobe este cambio os usuarios terán que usar tarxetas personalizadas, e terán que pasar polo departamento de Servizos Sociais, onde se lles aboarán 25 euros para a recarga da dita tarxeta.

Di que tamén se fixo algunha modificación no tema das infraccións e sancións do artigo 26. O que agora lles propón que se cambie é o que se refire ás faltas de respecto ao persoal técnico que tramita a prestación. Nas comisións informativas os grupos valoraban que ese concepto non era avaliable, pero ela pensa que as traballadoras sociais poden elevar a estudo dunha comisión calquera falta por eses motivos e estar totalmente xustificado.

Explica que coa emenda que fixo á súa proposta inicial o que retirou foi a referencia ás faltas de respecto á autoridade pública competente, porque ela non quere estar metida nesta ordenanza, por iso mandou que o quitasen. Outra das modificacións de redacción da proposta inicial é que nas infraccións leves a sanción sexa a perda durante un ano da posibilidade de poder solicitar unha nova axuda para ese mesmo concepto, ou sexa, aclaran que é só para o concepto que incumpran.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que as modificacións propostas en relación co artigo 26 da ordenanza de emerxencia social non eliminan, senón que manteñen a subxectividade e arbitrariedade da tipificación das faltas cometidas no apartado c), tal e como salientaron os compañeiros de EU nas comisións do pasado martes. Tampouco modifican adecuadamente o réxime sancionador contido no apartado dous do mencionado artigo 26, non corrixe a desproporción entre falta e sanción. Proponlles un exemplo, coa proposta da Sra. concelleira nas mans, dúas faltas leves son igual a dous anos sen axuda de emerxencia social de ningún tipo.

Para terminar, o último parágrafo do artigo 26 cárgase directamente o réxime administrativo sancionador común establecido por lei para estes supostos, porque di que o prazo comezará a contar dende o día seguinte á data na que se cometa a infracción, sen recurso nin audiencia ao afectado, que máis dá. Pregúntalle ao Sr. alcalde se ese parágrafo é legal, porque eles non saben moi ben o que é.

Conclúe dicindo que o seu grupo isto non o vai aprobar. O que si lle pide ao Sr. alcalde é que inmediatamente e baixo a súa responsabilidade dea orde aos Servizos Sociais municipais de que atendan as solicitudes de emerxencia social para transporte público. Dille que están neste punto pola desidia e incompetencia do seu Goberno, o seu Goberno responde á lei do mínimo esforzo. Vailla dar un dato, o escrito de Asicasa recibíuse hai tres meses. Pregunta se lle ten que lembrar ao Sr. alcalde que a característica común das axudas de emerxencia social é precisamente a inmediatez. Tres meses hai que se recibiu o escrito, eles aquí discutindo o réxime sancionador e fóra os veciños sen poder acceder ás axudas de transporte público ao longo do que levan de ano.

Toma a palabra o Sr. alcalde e pregúntalle ao Sr. Bao se el está a cominalo a atender ás persoas de asistencia social. Pregúntalle se pretende dicir que ata agora non o están facendo. Pregunta se iso é o que dixo ante o público que está aquí presente, que o alcalde de Cambre e o Goberno municipal non atende as emerxencias sociais. Pregunta se iso é o que trata de dicirle cando o comina a dar unha orde de inmediato para que se atendan as emerxencias sociais como se non o estiveran facendo.

Don Jesús Bao Bouzas indica que falou de que se atendan as solicitudes de emerxencia social para transporte público.

O Sr. alcalde pide que o aclare.

Don Jesús Bao Bouzas responde que non, que o aclare o Sr. alcalde, iso é o que dixo.

O Sr. alcalde di que de acordo e que se non o entendeu ben...

O concelleiro socialista dille que se dalgunha maneira o está invitando a que publicamente diga que o Concello de Cambre non atende as axudas de emerxencia social, el dille que as de emerxencia social por transporte público non as atende. Nas comisións informativas do pasado martes a concelleira responsable recoñeceu que en xaneiro e febreiro deste ano todo aquel que solicitou axudas de emerxencia social para transporte público non as recibiu, que conste.

O Sr. alcalde di que de acordo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que iso é certo, e como non se aproben as bases que regulan isto van seguir sen podelas dar, e se non que o explique a interventora a ver se lle poden dar, sen ter aprobado isto, 25 euros ou o que lle corresponda a cada usuario. Di que non se pode facer, teñen que aprobarse as bases para poder regulalo, se non ningunha traballadora vai dispoñer dun diñeiro do concello para darlo a alguén sen ter unhas bases para poder facelo, simplemente iso.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles, despois do debate das comisións informativas onde están de acordo co que expuxo EU, pensan que brillantemente, neste momento non van facer uso da palabra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que en primeiro lugar e comezando polo final, dille á Sra. concelleira que non os faga responsables de que non se aproben as bases e de que non se poidan dar as axudas, porque a coordinadora de Servizos Sociais no informe que achega basicamente o que indica é que teñen que modificar os artigos afectados pola comunicación de Autos Sigrás, que é polo que non se pode expedir o bono. Os artigos que sería necesario modificar para iso son o 14 e o 21, o que pasa é que o Goberno, xa de paso, decide modificar o artigo 26 e, xa de paso tamén, meten o punto da discordia.

É dicir, isto poderíase aprobar neste mesmo pleno, e fala por todos ou que a corrixa alguén se está equivocada, se os artigos que se propuxeran modificar foran o 14 e o 21, sobre os que cre que ningún deles, nin nas comisións nin no pleno, fixeron ningún tipo de puntualización. Non sabe se as hai ou non, pero ela dende logo non as escoitou. O problema non vén do tema de Autos Sigrás, que non se poida pedir o bono en papel e que se teñan que modificar eses dous artigos, o problema vén de que eles fan as cousas a escondidas e por detrás, e a escondidas e por detrás á parte do 14 e o 21 pretenden modificar o artigo 26.

Nas comisións informativas o debate comezou sendo, como dicía antes o seu compañeiro don Luis Taibo, un debate de construción, non de destrución, dicindo podemos aprobar isto sempre que se elimine, de acordo tamén co que dicía antes o concelleiro socialista, o punto de incluír as faltas de respecto ao persoal técnico como unha falta ou como unha infracción leve, pero que supoñía unha sanción desproporcionada de perda de dereitos dun ano para pedir unha axuda por ese mesmo concepto.

Continúa dicindo que a emenda que agora fan aínda embrolla máis, aínda estraga máis. Non sabe cal é a intención do equipo de Goberno cando di faltas de respecto reiteradas, supón que ás traballadoras sociais daranlles como no fútbol unha tarxeta amarela, e cando un señor ou unha señora faga algo que se considera unha falta de respecto a xuízo da funcionaria ou funcionario, amosaranlle a primeira tarxeta e cando sexa reiterada, entón xa durante o ano que vén esa persoa xa non terá dereito a pedir ningún tipo de axuda.

Tamén totalmente de acordo, e disto si que lles gustaría e si que esixen unha resposta, co tema da ilegalidade absoluta que supón que o prazo comezará a contar dende o día seguinte á data en que se comete a infracción, é dicir, ao día seguinte ela xa non podería pedir unha axuda por ese mesmo concepto. Ela está sendo sancionada inmediatamente, sen ter ningún tipo de dereito á presunción de inocencia e a defenderse, nin a ter ningún tipo de recurso.

Segue dicindo que lembrarán que EU nas comisións informativas, e así supón que se recollerá na acta, indicaba que ían presentar un voto particular. Ese voto particular non o presentaron evidentemente, porque iso sería un parcheo á chapuza que é esta proposta e que tampouco poden apoiar.

Di que si que é certo que están a prol da modificación dos outros dous artigos que son necesarios para a prestación da axuda, pero esixen, e así queren deixar constancia, que este punto se retire da orde do día e, para non prexudicar aínda máis aos xa moi

prexudicados usuarios e beneficiarios do servizo, convoquen un pleno extraordinario e urxente, no que xa adiantan, evidentemente, que van renunciar a cobrar as axudas de custo, para que este punto quede aclarado, clarificado e sobre todo anulada a falta de respecto como sanción, porque se os funcionarios e os políticos nun momento determinado aguantan determinado tipo de cousas, os usuarios de Servizos Sociais aguantan moitísimo máis.

Lembra que tanto a Sra. concelleira, pídelle que a corrixa se está equivocada, como o Sr. Andreu, nas comisións informativas dixéronlle en varias ocasións que a invitaban a pasar unha semana en Servizos Sociais para ver a presión aos funcionarios, algo do que ela non dubida, pero eles tamén invitan ao equipo de goberno a que pase unha semana con determinadas familias en Cambre que están pasando un mes con 400 euros.

Conclúe dicindo que non se pode sancionar con ese tipo de desproporción a unha persoa que está nunha situación tan sumamente complexa, aínda por riba privarlle dun dereito e que se afunda aínda máis nun pozo. Por iso piden que se retire este punto da orde do día e que con carácter extraordinario e urxente se convoque un pleno para aprobalo en condicións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que iso que acaba de dicir a Sra. concelleira é tanto como dicir que unha persoa que está nunha situación precaria, pode cometer calquera infracción de tráfico que non se lle pode cobrar unha multa, porque como está nesa situación precaria dá igual que cometa unha infracción que non se lle pode impoñer a multa. Chégase ao absurdo.

Di que a Sra. concelleira intenta botarlles a eles a culpa de tratar de protexer aos traballadores, pero é que eles teñen que protexer aos traballadores. Hai que delimitar unha liña entre os dereitos que teñen os cidadáns, sobre todo as persoas que o están pasando mal, e os dereitos que teñen os propios traballadores a ser respectados e a ser tratados de forma educada. Iso é o único que se pretende.

Dille á concelleira de EU que xa o fixo en privado, ou máis ou menos en privado porque nas comisións se levanta acta, e agora volve facelo. Pregúntalle se o que pretende facer é acusar ao persoal, porque ao final é o persoal quen ten que tramitar as cousas, iso non o vai tramitar ningún político. Pregúntalle se ela quere acusar ao persoal municipal de que vai utilizar esta normativa de forma, non sabe se irregular, pero para prexudicar a algunha persoa. Pregúntalle se iso é o que quere dicir, porque parece que é iso.

Eles o que presupoñen acollendo esta proposta é que se vai facer un moi bo uso deste recurso. Eles teñen que garantirlle ao seu persoal que poida traballar en condicións, nunhas condicións normais. Xa lle explicou e non llo vai repetir, porque xa falárono longo e tendido nas comisións, as situacións que se están vivindo no Departamento de Servizos Sociais.

Continúa dicindo que el agradece que hoxe a Sra. concelleira non utilizara a desafortunada palabra que hoxe si utilizou o Sr. Bao, outra vez a arbitrariedade, porque iso o que demostra é o seu absoluto e profundo descoñecemento de como

funciona unha administración e do que supón exercer un cargo público. Utilizar de forma tan aberta e desmesurada a palabra arbitrariedade, coas consecuencias que iso ten na xestión pública, iso di moito das persoas que o din.

Se non tiveran tratado este tema xa nas comisións, podería salvarlo, pero tratouse este tema nas comisións, e el quere sinalar que neste concello non se fai absolutamente nada de forma arbitraria, nada, nin se fará, nin mentres estean eles se permitirá que se faga, pero si que haberá campo para a discrecionalidade e para a subxectividade, por suposto.

Dilles que eles están dicindo aquí que determinadas propostas que se conteñen nesta proposta, valla a redundancia, son ilegais. Non obstante, teñen un informe xurídico, tanto da secretaria como da interventora, que di que son legais, porque aínda que as modificacións están informadas favorablemente, a oposición di aquí abertamente que as modificacións son ilegais. Ao mellor é que son interpretacións, poden selo, cada un ten a súa interpretación.

Conclúe dicindo que, polo tanto, van pensar e eles así o van manter, que os funcionarios, que son os que van facer uso desta ordenanza, o van facer da mellor maneira posible, porque é o que teñen que facer, e nunca ninguén desde que eles están aquí, ningunha persoa, lles ten demostrado nada que lles poida facer pensar o contrario. Van a pensalo así e por suposto que o van manter, aínda que os demais voten en contra, porque a súa obriga, a súa propia en particular e tamén a da concelleira responsable, é defender ao seu persoal. Por iso, se unha persoa, por moi necesitada que estea, ten un comportamento que non sexa normal, que sexa totalmente irregular e abusivo, esa persoa merece recibir unha sanción. Se os concelleiros o entenden, a el parécelle ben, pero se non o entenden di que o sente, gustaríalle que estiveran no sitio no que están eses traballadores e que o sufriran en primeira persoa, para ver se manteñen a súa posición.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que ela non sabe por que o Sr. concelleiro lle dá voltas ás cousas, por intentar enredalas, evidentemente. Di que teñen a obriga de defender aos traballadores, pero teñen tamén obriga de defender aos veciños. Parece mentira que non o entenda, porque ninguén está dicindo que non se teña que sancionar ou que non se teña que castigar, aínda que esa non é a palabra máis adecuada, pero que non se teña que perseguir unha conduta inadecuada dun veciño ou de calquera persoa, evidentemente. O mesmo Sr. Andreu dicía que isto eran casos puntuais, e eles saben que o son. O que están dicindo é que esa amplitude na definición da infracción o que leva consigo é que, non sabe como dicirlo para que o entenda porque a ela parécelle tan claro, pero que unha falta de respecto, o que entenden como falta de respecto non está suficientemente aclarado a que se están referindo.

Á parte, o Sr. concelleiro estalle dicindo que son cousas graves, ou actos graves que se cometen contra os funcionarios, que se senten intimidados. Pois entón non están falando dunha falta, entón teñen que tomar outro tipo de medidas contra unha persoa determinada que nun momento concreto está violentando, que é do que están falando, unha oficina, unha institución pública, pero iso como se é pola rúa. O que non poden é dicir unha cousa e dicir a contraria, isto é, dicir iso é unha falta leve.

Continúa dicindo que o que falaban o outro día, o que pode ser unha falta de respecto para o Sr. Andreu, igual non é unha falta de respecto para ela, e aí ábrese un abano tan impresionantemente grande que en ningún momento están dicindo que un funcionario vaia utilizar iso en contra de alguén, iso non colle na súa mente, igual na do Sr. Andreu si. O que están dicindo é que cando se tipifica unha infracción ten que cumprir unha serie de requisitos imprescindibles que permitan que sexa codificada e que a sanción sexa proporcional con respecto á infracción. O que están dicindo é que é totalmente desproporcionado que o que presuntamente pode chegar a ser unha falta de respecto, que pode ir dende un cabreo ata un acto violento, implique que esa persoa perda un ano de dereito para pedir unha axuda.

Non só iso, se van ao texto é que esta modificación e esta tipificación das infraccións é absolutamente esperpéntica. A xustificación incompleta dos gastos realizados ou a presentación fóra de prazo da xustificación dos gastos realizados pode ser sancionada. Resulta que se mañá ela, porque a redacción fala de que se ten que presentar ao día seguinte, se pon enferma e non presenta en prazo a xustificación dos gastos realizados, resulta que por caer enferma non vai poder pedir durante un ano unha nova axuda.

Pídelles que estuden as propostas antes de presentalas, porque isto non ten ningún tipo de sentido. E di que non lle contestou, e ela pídelles, por favor, que lle conteste expresamente ao último parágrafo, porque o tema dos informes non é resposta suficiente. Pregunta se o prazo comezará a contar dende o día seguinte á data en que se cometa a infracción, é dicir, que un funcionario de Servizos Sociais ten capacidade sancionadora como para que a ela, de forma executiva, ao día seguinte xa lle empece a contar ese prazo de sanción sen ter dereito a interpoñer ningún tipo de recurso.

Dona M^a Jesús González Roel intervén para dicir que son 30 días.

Dona M^a Olga Santos López di que aí non o pon, aí pon que ao día seguinte xa non pode pedir unha axuda.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que iso non se modificou, porque está recollido na ordenanza.

O Sr. alcalde di que é unha emenda.

A concelleira de EU di que, entón, haberá que modificalo, pero entón pregunta que é o que lles traen aquí.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que a modificación da ordenanza, pero non unha ordenanza mal.

Dona M^a Olga Santos López sinala que iso hai que modificalo, claro, pero non, eles votan a prol.

Continúa dicindo que EU o que está pedindo é que se retire este punto da orde do día porque iso é unha auténtica chapuza no relativo ao artigo 26. Ou se retira o artigo

completo ou son un pouco coherentes, porque teñen que defender aos funcionarios pero tamén defender aos veciños, a uns e outros, para iso están aquí sentados. Teñen que legislar correctamente e tipificar correctamente que é unha infracción e que tipo de sanción leva consigo, para cada caso, e non facer cousas xenéricas como unha falta de respecto e, dicir que ao día seguinte desa presunta falta de respecto, aínda que aquí o termo presunto tampouco aparece por ningún sitio, ao día seguinte desa presunta falta de respecto a persoa xa perdeu os seus dereitos, sen ningún tipo de defensa, sen ningún tipo de dereito. De súpeto o Concello de Cambre cárgase a Constitución así dun saque, iso non pode ser, e sábeno eles, e son moi irresponsables se pretenden ir con isto para adiante, moi irresponsables, e cre que o Sr. Andreu de Dereito algo entende.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que pediu a palabra o Sr. Bao. Non obstante, ante a petición do voceiro suplente do BNG que di que aínda non interveu, e dado que o concelleiro socialista di que lle cede a intervención ao grupo do BNG, o Sr. alcalde dálle a palabra ao Sr. Carballada.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que llo agradece ao Sr. Bao. Tamén agradece ao Sr. alcalde que modere, na medida do posible, este debate conforme a se vén facendo nos últimos plenos.

A continuación di que indo ao importante, o seu grupo está disposto a votar favorablemente a modificación dos artigos 14 e 21, que son os que por así dicilo teñen unha inmediatez e unha importancia que lles urxe a todos aprobar e sacar adiante, e dende aquí empraza, en parte como fixo a súa compañeira de EU, ao Goberno municipal e nomeadamente ao Sr. alcalde a que decaia a modificación e o debate sobre o artigo 26, para así poder votar sobre os artigos 14 e 21. Porque o que fai o Goberno é querer meter moitos ovos no mesmo cesto, que é unha práctica habitual no equipo de goberno, e hai en determinados ovos cos que todos poden estar de acordo en facer a tortilla, pero hai outros que lles traen e que son ovos podre.

El cre que o do artigo 26 non está claro, e estase vendo aquí. Pero non está claro dende un punto de vista, xa non das diversas perspectivas ideolóxicas que poida haber, que tamén, senón en canto a principios moi básicos de legalidade. El particularmente ten os seus, e recoñece que tralas comisións municipais do pasado martes se lles mandou unha documentación e se fixeron unha serie de melloras, pero ao seu modo de ver non modifican no substancial esta cuestión.

Considera que é unha cuestión en parte procedimental. El non pode estar de acordo con que se sancionen así este tipo de situacións. Entende que hai un regulamento xeral de sancións que talvez sería aplicable a este tipo de cuestións, pero a el non lle gusta, e máis nun tema tan sensible como este.

Di que vai poñer, se lle permiten, un exemplo que pode raiar no infantil, pero publica hoxe A Opinión, na páxina 38, que a Xunta prohíbe castigar sen comida aos alumnos, que foi o que se fixo nun centro de Silleda onde a directora deixou sen segundo prato e sobremesa a un grupo de nenos por tirar alimentos e faltar ao respecto. Di que todos entenden que non é lóxico que porque nese caso un rapaz cometa unha falta de respecto no comedor se lle prive de comer, e el entende que tampouco é lóxico que a

unha persoa que pode perder os nervios nunha acción total e absolutamente punible, niso están dende o BNG total e absolutamente de acordo, máxime cando atenta contra un traballador ou unha traballadora pública, se lle prexudique nunha cuestión tan sensible como é a prestación dos servizos sociais, máxime cando pode haber terceiras persoas que resulten damnificadas.

Pide que imaxinen que esa persoa que ten esa actitude total e absolutamente punible, está tramitando unha axuda para o aluguer, ou unha axuda para vivenda, ou unha axuda para pagar a luz ou a auga. Quen vai rematar sendo prexudicado non é só esa persoa, é tamén a súa parella, ou son tamén os seus fillos ou as súas fillas, por iso entenden que é algo moi delicado.

A maiores e que quede claro, di que o BNG defende total e absolutamente o traballo das funcionarias, porque ademais son maioritariamente persoal feminino. Están total e absolutamente a prol de todas as medidas activas que se poidan ter para mellorar a súa seguridade. Dito doutra maneira, están a prol se hai que instalar mamparas, se teñen que ter un teléfono que sexa darlle a unha tecla e que vaia a Policía, ou outro tipo de cuestións que entre todos se deberán marcar a medio e longo prazo, como é o feito de que os Servizos Sociais deben estar nunha sede, supón que moitas veces a principal do concello, onde haxa policía, onde haxa un rexistro de entrada, porque iso supón xa unha medida que axuda moito a que ese tipo de energúmenos non poida violentar a ninguén.

Pero di que máis aló diso o que se pretende, e o que eles entenden, é que debe haber unha norma que sexa garantista para que incluso esa xente teña todas as garantías á hora de ser, efectivamente e cando así proceda, sancionada. E di que vai poñer tamén un exemplo de rabiosa actualidade. El non presupón nin prexulga que a Garda Civil utilice as pelotas de goma para disparar contra os emigrantes en Ceuta, pero cando o fai, a el gústalle saber que vive nun Estado de Dereito e que esa xente vai ter todas as garantías que un Estado de Dereito ofrece para poder defenderse. E aquí entenden que eses mínimos, en certa maneira, non se dan, e poderían ensuciar un pouco o traballo do que son os Servizos Sociais de Cambre. Supón sancionar un pouco polas bravas, pero que a maiores diso, presentar fóra de prazo a xustificación de gastos ou a xustificación incompleta de gastos realizados sexa motivo de exclusión da prestación durante un ano, el así postos, se aproban iso, que o aproben tamén para Urbanismo, que igual lles dá a risa frouxa a todos un pouco.

Polo tanto, conclúe dicindo que o BNG non pode votar a prol desa modificación do artigo 26 e, en consecuencia, non pode votar a prol da proposta de modificación que aquí se trae. Por iso, de verdade lles pide que recaia a modificación do artigo 26, porque o artigo 14 e o 21 o BNG si que o vota favorablemente. Poden debater para o vindeiro mes, sen ningún problema, a modificación dese artigo 26, porque el está seguro de que con calma e con argumentos dun e doutro lado tamén poderán chegar a un acordo.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que, moi brevemente e unicamente por alusións, el falou de subxectividade e arbitrariedade na tipificación das faltas contidas no apartado c), e di que o mantén. O que para o Sr. Andreu é unha falta de respecto, pode non selo para el, e viceversa. Para el o artigo 26 si que é unha falta

de respecto aos potenciais beneficiarios das axudas de emerxencia social. Para el é unha falta de respecto grave, nada máis.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre sinala que para manifestar a postura definitiva, que tampouco se vai variar, el cando dicía o da arbitrariedade non falaba de faltas de respecto, a el non lle faltan ao respecto por falar de arbitrariedade. El o que di é que lle parece un descoñecemento total do funcionamento dunha administración pública e do que representa ser un cargo público e ocupar un cargo público. Se ao Sr. Bao, ocupando un cargo público e ocupando o seu escano, lle parece normal falar aquí abertamente de que nunha institución como o Concello de Cambre se pode utilizar a arbitrariedade, sen consecuencias

Don Jesús Bao Bouzas intervén para dicir que fala das faltas definidas no apartado c).

Don Felipe Andreu Barallobre repítelle que se lle parece que iso é normal falalo aquí, nunha sesión que se está gravando, que vai constar nun acta, e supón que como se mantén tampouco o vai rectificar, iso está a cualificalo como representante público, porque o que lle está dicindo ao cidadán é que lle parece normal a arbitrariedade.

Dille que a arbitrariedade está vetada por principio no funcionamento dunha administración pública, e o Sr. Bao debería sabelo. Actuar de forma arbitraria é motivo, en moitas ou practicamente todas as ocasións, de estar cometendo un delito. Por iso lle pediría, ou lle suxeriría, que mentres ocupe un cargo público non fale tan abertamente de arbitrariedade e, sobre todo el mesmo dende o Goberno municipal, pídelle que non fale ou que non deixe constancia nunha acta de que os funcionarios públicos do Concello de Cambre poden actuar de forma arbitraria. Iso é o que lle quería dicir, non lle quería dicir que lle estivera faltando a el ao respecto. E que non lle caiba a menor dúbida de que el non actúa de forma arbitraria.

Continúa dicindo que o que os grupos da oposición están pedindo é que o equipo de goberno renuncie á protección que eles están convencidos que teñen que dar aos traballadores do Concello de Cambre, iso é o que lles están pedindo, e eles non o van facer. O equipo de goberno actúa moi convencido de que o que están facendo é o que teñen que facer, porque coñecen a situación. Evidentemente a concelleira responsable desa área a coñece de primeira man e el porque lla transmiten os propios traballadores, por iso van manter a proposta, porque para eles é tan fundamental axudar aos veciños de Cambre como protexer o traballo do seu persoal. É a súa responsabilidade facelo, e van manter a proposta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que aquí parece que están falando de que as dependencias de Servizos Sociais na Barcala son o Bronx, que hai todos os días bullas e que sacan a navalla e andan a navalladas todos. A el, dende o seu descoñecemento, gustaríalle saber cantas denuncias hai por parte das funcionarias e cantas intervencións policiais hai, igual é que está moi enganado e sucede todos os días e moitísimas veces ao día, seguramente estará moi enganado.

En todo caso, cando a Sra. concelleira di que no artigo 26 quere deixar o das faltas de respecto ao persoal técnico que tramita a prestación e quitar a referencia á autoridade pública competente, a súa pregunta é se un conserxe é un persoal técnico. Pregúntalle

se lle pode contestar o concelleiro de Réxime Interior, porque non o é, é un subalterno. E preguntalle por un ou unha auxiliar, tampouco. Entón el pregunta se aquí o equipo de goberno só protexería ao persoal técnico, ao conserxe pode chegar un veciño pola porta, insultalo ou faltarlle ao respecto porque non vai pasar nada.

Di que vai máis aló. Pregunta se alguén pode insultar a un persoal técnico, ou a un conserxe, ou a calquera tipo de funcionario neste concello, non sendo de Servizos Sociais, pregunta se pode facelo e non é unha falta de respecto, porque el cre que falta de respecto é co persoal técnico, co persoal que non é técnico e con todos os funcionarios en xeral, onde estean, sexa nas dependencias de Servizos Sociais ou sexa na casa do concello.

Conclúe dicindo que, polo tanto, el cre que é unha boa oferta a que está facendo o BNG. UxC súmase a esa proposta, se o Goberno retira o artigo 26, eles tamén estarían dispostos a aprobalo, se non o fai, votarán en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que se lle están presentando dúas propostas ao equipo de goberno, para que despois digan que non hai alternativas e que non hai iniciativas por parte dos grupos. Por un lado EU instaba á retirada do punto da orde do día para debatelo, agora o BNG insta a que se retire o artigo 26 e poder así aprobalo. Di que eles estarían tamén de acordo con esa segunda proposta.

Pero di que o Goberno non está de acordo con nada, porque a responsabilidade da que falaba o Sr. Andreu é nula. Ninguén está dicindo que non se regulen as infraccións e as sancións, están dicindo que o que urxe é aprobar a modificación deses dous artigos, para que os veciños mañá poidan ir pedir esas axudas. Ninguén está dicindo que non se poidan regular as infraccións e as sancións, simplemente lles están pedindo, polo ben dos veciños de Cambre, sacar isto para adiante, ben sexa a través da retirada do punto e celebración dun pleno extraordinario para expoñer todos os temas e poñelos enriba da mesa e aprobar tanto os dous artigos que son necesarios como o tema das infraccións e sancións, ou ben a través da retirada do artigo referido ás infraccións e sancións.

Pídelles que o consideren polo ben dos veciños, e nese exercicio de responsabilidade ao que o Sr. Andreu alude constantemente, que se aprobe o que é necesario para que mañá un veciño poida ir pedir esa axuda. Se non é así, igual que o voceiro popular lle dicía ao Sr. Bao, ela tamén llo transmite ao Sr. Andreu, o que queda aquí cualificado como irresponsable e el, e nas súas costas vai estar a responsabilidade de que mañá un veciño non poida ir solicitar esa axuda, pola súa cabezonería de non querer retirar un artigo que non é necesario nin imprescindible para modificar a ordenanza co fin de que mañá un veciño poida ir pedir eses 25 euros, que non están falando de máis axuda.

Conclúe dicindo que na responsabilidade do Sr. Andreu está.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que el simplemente quere insistir na formulación que fixo antes. Tamén asumir solidariamente a que fixo EU, calquera das dúas é válida, e el tamén quere solicitar

dende o seu grupo un posicionamento por parte do Sr. alcalde como máxima autoridade deste Goberno municipal, é dicir, estalle ofrecendo a posibilidade de resolver este problema, como moitas veces e en multitude de temas ao cabo desta lexislatura fixo o propio grupo de goberno, cando ten dito que decae o tema e que o traen para o pleno seguinte, e así poder aprobalo sen ningún problema falando nas comisións, na xunta de voceiros, moitas veces sen necesidade de facer reunións a maiores.

El cre que na oposición neste caso están cumprindo, están dicindo si ao que poden dicir que si, e están dispostos a negociar aí onde hai disenso. Cre que a súa oferta non pode ser neste caso máis xenerosa, é por iso que lle pide ao Sr. alcalde que explicita o seu posicionamento.

Tamén incidir en que eles están cos traballadores a tope, que nese sentido os defenden absolutamente en todo o que é o seu traballo e o seu labor, e non lles gusta este xogo un pouco torticero de que parece que aquí uns defenden aos traballadores e outros non. Pola mesma di que eles non lle baixaron o soldo aos traballadores públicos.

A maiores hai unha cuestión aquí que lle parece interesante e que apuntou o voceiro de UxC, é o tema dos auxiliares administrativos e dos conserxes que, con esta modificación que o equipo de goberno trae aquí hoxe, quedan desprotexidos, iso cando o martes nas comisións foi a propia concelleira de Servizos Sociais quen dixo que había dúas auxiliares administrativas que pediran o traslado de Servizos Sociais. Polo tanto, ven que tamén os auxiliares administrativos, que son quizais os primeiros receptores da xente, están nese problema.

Por todo isto propón que o pensen, que quede para o próximo pleno e que apliquen un pouco o sentido común.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que iso por suposto é unha interpretación que eles poden facer se queren, que farán e que igual lles sirve para xustificar a súa postura, pero aquí a cuestión é que chegan a un pleno, diante do público, e isto vai pola concelleira de EU, e din que están dispostos a dialogar unha modificación, iso cando nas comisións o Goberno dixo que estaba disposto a traer unha modificación, porque efectivamente a interpretación podía non ser adecuada, e de feito fixeron esa modificación. Pero nese momento a resposta da concelleira de EU foi que non, que eles o que querían era que se suprimira a protección aos funcionarios. Iso foi o que dixo, e por iso el está dicindo aquí, e pídelle que non llo negue porque si que o dixo, por iso el acaba de dicir aquí, neste momento, que non están dispostos a renunciar a esa protección, non están dispostos, porque quen encabezou esa proposta foi a concelleira de EU. Ela, como así constará na acta, o que encoraxou foi que se eliminara a protección.

Di que eles non están dispostos a correr o risco de que, dende a irresponsabilidade da oposición, os funcionarios municipais queden sen protección, porque se eles retiran isto o que se van encontrar mañá é que os grupos da oposición van dicir todos que non, iso é o que se van atopar. Di que teñen que desconfiar, porque os grupos da oposición ultimamente actúan en bloque co único fin de prexudicar ao Goberno.

Ante as manifestacións que se producen por parte de varios concelleiros, toma a palabra o Sr. alcalde para pedir orde e lembrar que o que modera esta sesión de momento é o alcalde. Di que non vai permitir estes espaventos, que a ninguén se lle corta a palabra e rógalle por favor ao Sr. Andreu que non provoque.

O voceiro popular contesta que tratará de non facelo.

O Sr. alcalde di que tratará, non.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que moderará a súa vehemencia. Pide desculpas por se acaso se sentiron ofendidos co que trataba de dicir, pero nin moito menos quería ser unha falta de respecto. El o que quere dicir é que o equipo de goberno está polo labor de manter a proposta co fin, única e exclusivamente, de garantir a protección dos traballadores deste concello, pero igual que van votar a prol da modificación que garante as axudas aos veciños. Eles, o PP de Cambre, o grupo municipal do que el é voceiro, vai votar a prol. O que vote en contra votará na súa conciencia, pero que non lle digan que el, que vota a prol, é responsable de que non se aprobe.

Conclúe dicindo que el está votando a prol, e que o resto dos grupos fagan o que queiran.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que se fixeron dúas peticións expresas, unha directamente ao Sr. Andreu polo tema de que o prazo da sanción comezará a contar dende o día seguinte. Xa que se engalanaba tanto falando da arbitrariedade e dos dereitos, gustaríalle que lles dixera, e xa llo preguntou en dúas ocasións, se considera que iso é respectar a presunción de inocencia e os dereitos constitucionais dun veciño, foi unha petición expresa que lle fixeron. A segunda petición expresa foi a que fixo o compañeiro do BNG ao Sr. alcalde para que se manifestara con respecto a este tema.

Di que a provocación do Sr. Andreu a ela non lle provoca ningún tipo de reacción, senón que simplemente el só se descualifica, moito, moitísimo e cada día máis. A proposta da oposición é construtiva e a do Sr. Andreu destrutiva, quere seguir coa súa cabezonería para adiante. Sabe que isto non está ben regulado, eles non están pedindo que non se regule, non están pedindo que se desprotexa aos traballadores, o sabe perfectamente, pero ben, monta este teatro, non sabe exactamente con que obxecto. Sabe que non está ben regulado e eles piden que se regule correctamente, se non o quere facer, insiste no que xa dixo, na súa responsabilidade está.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que o Sr. Andreu estalles a dicir que para dar consellos é o primeiro, pero para el non quere. O grupo socialista ofrécese ao Goberno a consensuar a redacción, os obxectivos, o texto do artigo 26, de común acordo co resto de forzas políticas. Pídelle que retiren o artigo 26 deste punto e despois eles póñense á disposición do Goberno e do Sr. alcalde para redactar e consensuar, xunto con todas as forzas políticas, un texto que de verdade estea á altura do que merecen tanto os funcionarios como os beneficiarios.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que ante ese ofrecemento el o que non lle pode admitir é que lle diga que o fai co fin de chegar a un acordo co resto de forzas políticas. O Sr. Bao estaba na comisión cando a concelleira de EU dixo que ela non quería a protección para os funcionarios, cando dixo que quería que se retirara, polo que ese é un tema que non vai consensuar. El o que lle pode ofrecer é que se o Partido Socialista apoia a proposta e consideran que no próximo pleno teñen que modificala, el é o primeiro en sentarse con eles para traer unha modificación.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas contéstalle que o artigo 26 repugna os sentidos, nada máis.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PGD), manifesta que a el non lle gusta intervir nestes temas, máis que nada porque está formando parte dun goberno e, polo tanto, hai un voceiro que el entende que defende ao Goberno o mellor que pode, como mellor sabe.

Non obstante agora mesmo, chegada toda esta discusión, en todo este debate que están tendo co tema da modificación desta ordenanza, a el de verdade que lle dá pena ser representante dos veciños de Cambre, porque cre que merecen outro respecto, todos os veciños de Cambre merecen outro respecto por parte de toda a Corporación.

Tampouco cre que sexa moi complicado chegar a un acordo nisto. Non debería ser moi complicado chegar a un acordo e deixarse de historias e de ver quen vai en contra de quen, ou a favor ou o que sexa. Pide que vexan se é posible serenarse. A el parécelle que aprobar hoxe unha modificación que non prexudique para nada aos veciños de Cambre, non é ningunha cousa estraña, e cre que os veciños o van agradecer.

Se ata agora houbo algúns problemas el non cre que por uns días ou por un mes máis haxa tanto problema como para que vaia haber un desastre. Por iso o mellor é o compromiso de toda a Corporación de que se poida propoñer outra modificación desta ordenanza para aceptar ou facer unha redacción na que estean todos máis ou menos de acordo, ou igual despois non chegan a estar de acordo, pero pide que se dean un mes de tempo para ver se poden chegar a ese acordo e, polo menos, darlle a opción aos veciños de que poidan gozar da prestación de inmediato.

El cre que non é tan difícil aprobar hoxe unha modificación quitando algo, e para o próximo pleno, que el cre o Sr. Carballada o explicou perfectamente, traer outra modificación, e así os veciños seguen servíndose, porque cos caprichos que todos están tendo aquí ao final uns van votar a prol e outros en contra e non se aproba. Pregunta a que xogan e pide que lle dean solución aos veciños e nun mes resolver os problemas das sancións que tampouco non cre que sexa un problema tan gordo.

Di que de verdade, que escoita unhas cousas e escoita outras e cada paso dá máis vergonza estar aquí.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que xa antes se comentou o tema de que se intentaron meter dentro deste punto, ovos de moi diferente entidade.

Di que ninguén está en contra, faltaría máis, de que se resolva o problema que hai para dar as axudas para o transporte público aos beneficiarios da ordenanza de emerxencia social, niso están todos de acordo. O que si é certo é que o sentir maioritario agora mesmo do Pleno é que o tema das infraccións e sancións non está ben. El cre que merece unha mínima reflexión por todos os grupos, porque seguramente se poñerán de acordo, pero tal e como está parece que non é o máis adecuado.

Di que non vai entrar en tema específicos, pero evidentemente a proposta recolle que por un tema dun insulto ou dunhas faltas de respecto reiteradas, un posible beneficiario pode perder unha prestación e perder a posibilidade de volver solicitala no prazo dun ano. Pero di que non é soamente o que solicita, senón que é unha familia que está detrás.

Pide que lle dean unha volta a isto, que lle poñan un pouco de sentido común, como comentaron moi ben os compañeiros, e agrádalle que o Sr. Marante tamén estea nese plan. Pide que traian unha proposta consensuada, porque o tema de infraccións e sancións é un tema moi sensible, e máis para un colectivo de beneficiarios como son os desta ordenanza.

Conclúe dicindo que el cre que non pasa nada por retirar este punto e no próximo pleno traelo, ou como se dixo facer un pleno extraordinario sen retribución dos asistentes, polo menos do seu grupo di que tampouco, e dar unha solución definitiva. Isto é o que el propón e está na man do Sr. alcalde aceptalo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que sendo o sentir maioritario do Goberno de Cambre, e deles que aínda que non son Goberno teñen parte de responsabilidade, se están todos de acordo en retiralo, ela vai retiralo.

Quere facer constar que está convencida de que isto se está facendo noutros concellos e está cos informes favorables da secretaria, co cal ela non dubida para nada da legalidade. O feito de que poidan gustarlle ou non gustarlle algunhas cousas, efectivamente, pódese estudar e volver a traelo, e se o sentir maioritario é ese, pódese estudar.

Conclúe dicindo que non porque unha auxiliar ou unha traballadora diga que unha persoa lle insultou van sancionar, iso non é así, iso non é tan sinxelo, iso vai a un comité, faise un informe do que ocorreu nese departamento ese día concreto con esa persoa, pasan o caso a Intervención e a Secretaría para que fagan un estudo, e faise un estudo e avalían cada caso. Non é que un traballador diga que como unha persoa o insultou, agora vai quedar un ano sen axudas. Di que non, que iso non é así, e que quede moi claro que iso non é así, por moito que digan eles. Vai a un comité de avaliación e é ese comité de avaliación o que di se esa sanción e correcta ou non é correcta.

Dito isto, conclúe que se retira o punto da orde do día e xa non hai máis que falar, xa se vai aprobar o das axudas para o da tarxeta do autobús, e ela cre que xa está falado. Volveranse a reunir para consensuar o máximo posible o tema das sancións e nada máis.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que retiran da orde do día a referencia ao artigo 26, e di que se convocará un pleno extraordinario o máis urxente posible.

Neste momento, ante diversas manifestacións do resto de concelleiros o Sr. alcalde rectifica e di que queda para o pleno do mes de marzo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa supresión da proposta de modificación do artigo 26 da ordenanza, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, nos seus artigos 14 e 21, e o modelo de solicitude tal e como se transcriben a continuación:

Art.14 Axudas para gastos de desprazamento en autobús

Consiste en conceder diñeiro en metálico para recargar as tarxetas do transporte metropolitano das que os usuarios terán que ser titulares.

Poderán ser empregadas nos seguintes supostos:

- Centros de tratamento (drogodependencias, ex-alcohólicos,...).
- Estudos (cursos de formación, ciclos de FP, universidade,...).
- Outros (colexios, escolas infantís...).
- Xestións con organismos públicos: INEM, Facenda, Axencia Tributaria, INSS,...).
- Traballo.

Deberán acreditar a necesidade de desprazamento polo motivo solicitado, previamente á súa concesión.

O importe máximo por recarga non poderá exceder de 25 euros e non poderá superar de 100 euros ao ano, salvo casos debidamente xustificadas a criterio do equipo de servizos sociais.

Ademais de ter que cumprir os requisitos esixidos no artigo 2 desta ordenanza os beneficiarios da axuda deberán:

- firmar un recibí no momento da entrega dos 25 euros
- entregar en 24 horas, a contar dende a data do recibí, o resgardo que acredite que se fixo a recarga da tarxeta de transporte.
- presentar listado detallado con datas, horarios e percorridos realizados coa tarxeta antes de facer unha nova recarga

Art.21 Resolución e abono da axuda

(...)

4. O abono da axuda poderase facer a través dos seguintes cauces:

1. Anticipo de caixa fixa, aboadas a través da coordinadora de servizos sociais, disposto para tal fin segundo as bases de execución do orzamento municipal para a atención dos gastos de axudas de emerxencia social exceptuando as axudas para gastos farmacéuticos e as escolares.

(...)

Anexo I

SOLICITUDE AXUDA EMERXENCIA SOCIAL

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA NACEMENTO	DE LUGAR	PROVINCIA	ESTADO CIVIL
DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO	

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO	MUNICIPIO	PROVINCIA	
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

C. TIPO DE AXUDA: _____

D. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO COA/CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE			

D. /D^a _____, como (solicitante ou representante legal) DECLARA: Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o seu ocultamento ou falsidade dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo. Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, DECLARA non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 20____ Asdo:

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaranse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de Servizos Sociais, e respecto deles, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras Administracións, Entidades ou Organismos Públicos ou Privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que será resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional e, polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2.7. Aprobación inicial, se procede, dunha nova Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, e derogación da ordenanza actualmente en vigor

Vista a proposta conxunta da concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, do concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado e do concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo do día 17 de febreiro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social e pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo do día 25 de febreiro de 2014.

Vista a emenda conxunta presentada pola concelleira delegada da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, polo concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado e polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo o día 26 de febreiro de 2014.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que, tal e como quedaran nas comisións informativas, o que se trata é de facer uns pequenos cambios por tropezos que se foron encontrando os distintos departamentos á hora de facer os sorteos ou á hora de conceder as prazas.

En canto á inicial redacción do artigo 8 na proposta, aínda que os que o estaban facendo a comprendían, quizais non estaba demasiado ben explicada, por iso se emendou, simplemente con carácter aclaratorio, pero baseándose no mesmo procedemento. Ela cre que se puxo bastante máis claro.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, definitivamente, o redactor destes artigos anda un pouco espeso de redacción, porque se todos len o que pon, poden ver que non aclara moito. Fala o artigo da elaboración dunhas listaxes coas solicitudes de inscrición dos tres grupos, empadroados, non empadroados que traballen en Cambre e non empadroados, ata aí perfecto. A cada solicitude presentada deses tres grupos, asígnaselle un número. O punto 3 di que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas como solicitudes foran recibidas, ou sexa, pregunta se son todas as bolas para o bombo segundo a orde de preferencia mencionada anteriormente. Parece que quere dicirse con iso que primeiramente se meten as bolas dos empadroados, despois as dos non empadroados que traballen en Cambre e por último as dos non empadroados. Iso é o que está entendendo. Despois dise no artigo que se extrae unha bola diferente para cada unha das listaxes.

Segundo esta redacción el o que entende é que hai un único bombo onde van todas as solicitudes. Cre que o problema é ese apartado 3 que fala de que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas como solicitudes foron recibidas.

Dona M^a Jesús González Roel dille que claro, porque ao mellor dos empadroados hai 70 e se introducen 70.

Don Augusto Rey Moreno dille que non poden ir no mesmo bombo.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que claro que non, porque para os non empadroados que traballen en Cambre igual hai 15 solicitudes e se introducen 15 bolas, e se para os non empadroados hai 25, introdúcense 25 bolas.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que parece que todos o teñen claro menos o redactor do documento. El cre que tal e como está non queda moi claro.

Dona M^a Jesús González Roel preguntalle como queren poñelo, porque ela enténdeo perfectamente.

Don Augusto Rey Moreno sinala que debería dicir que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas e terá que aclarar por cada grupo de inscricións. Dille á Sra. concelleira que isto non é un capricho, a el dálle a sensación que así a redacción vai dar lugar a conflitos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, propón que no segundo punto, onde pon que a cada solicitude se lle asigna un número, engadir que é correlativo para cada clase ou para cada tipo de solicitude.

Don Augusto Rey Moreno di que moi ben, pero que o problema é o do bombo, se van todas as solicitudes para o mesmo bombo.

Don Felipe Andreu Barallobre di que no punto 3 poñeríase que se introducen tantas bolas numeradas como solicitudes foran recibidas en cadanseu bombo. É dicir, dáse por suposto que ten que haber tantos bombos como tipos de bolas.

Don Augusto Rey Moreno di que o que tería que haber, en todo caso, é que houbera tres sorteos, pero tal como se di aquí non queda claro.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que se poñen tres bombos está claro que ten que haber tres sorteos.

Don Augusto Rey Moreno dille que o normal é que se introduzan nun bombo, en primeiro lugar, as bolas para o sorteo das solicitudes de empadroados, e se realice o sorteo. Nun segundo momento volven meterse no bombo, que será o mesmo bombo, o número de bolas dos empadroados que traballan en Cambre e, despois os outros. Son tres sorteos diferentes, pero tal e como está redactado só di que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas como solicitudes foran recibidas.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que poden poñer que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas da mesma clase como solicitudes foron recibidas.

Don Augusto Rey Moreno di que dá igual que o tema é que quede claro.

Don Felipe Andreu Barallobre cre que poden poñer que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas de cada listaxe, e pregúntalle á secretaria da Corporación se o recolle así.

Explica que para que quede claro cando se transcriba a gravación, o punto 2 do artigo 8 diría que a cada solicitude se lle asigna un número correlativo para cada listaxe. E o punto 3 diría que se introducen nun bombo tantas bolas numeradas da mesma listaxe como solicitudes foron recibidas.

Conclúe dicindo que despois o seguinte xa está máis ou menos claro.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntar se están de acordo coa aclaración da redacción do punto 2.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o que se quere dicir téñeno todos claro.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai manter o voto da comisión, vanse abster. Iso si, queren facer unha referencia, como fixeron o outro día na comisión informativa a que se suprima do artigo 9, parágrafo dous, unha palabra, para que se publique na páxina web, en todo caso. Di que non se fixou se está modificado.

Os concelleiros do equipo de goberno confírmanlle que está rectificado.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que era por insistir no dito na comisión. Conclúe dicindo que hai que traer as propostas un pouco máis concretadas ao pleno, para non estar debatendo aquí tres horas por estas cousas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coas modificacións á proposta inicial que foron recollidas na proposta conxunta do día 26 de febreiro de 2014 e xunto coa modificación da redacción dada ao artigo 8 nesta sesión, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a nova Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, tal e como se transcribe a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DA INSCRICIÓN DOS PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS DE ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CAMBRE, E DAS CONDICIÓNS DO SEU DESENVOLVEMENTO

LIMIAR

Os concellos exercen, entre outras competencias, a promoción da cultura e o deporte, así como a de ocupación do tempo libre, segundo se desprende do artigo 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Con base nel, as concellerías de Deportes, Xuventude, Cultura, Educación e Servizos Sociais, veñen programando anualmente unha serie de actividades que contan cunha gran resposta veciñal. O elevado número de solicitudes que se veñen recibindo aconsellan fixar, de cara ao cumprimento dos principios de igualdade, oportunidade e non discriminación, uns criterios xerais permanentes de aplicación a todos os solicitantes na tramitación e resolución das súas peticións.

Por isto, establécese a seguinte ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento:

Artigo 1.- O prazo de inscrición abrirase como mínimo 10 días antes do comezo das actividades e establecerase durante o período determinado que se fixe para cada actividade.

Artigo 2.- A solicitude de inscrición farase presentando a ficha que acompañe aos trípticos debidamente cuberta, en calquera dos rexistros do Concello de Cambre, en horario de atención ao público, no prazo establecido, acompañada da documentación requirida para cada caso. Pode contemplarse a posibilidade de presentar a solicitude nas oficinas que desenvolvan as actividades.

En canto se dispoña dos medios técnicos necesarios, habilitarase a inscrición telemática, conforme á Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal (BOP nº 17 de 27 de xaneiro de 2014).

Artigo 3.- Nos casos nos que así se contemple especificamente na convocatoria, poderá realizarse a inscrición por outros medios: internet, correo electrónico, fax, teléfono...

Artigo 4.- A solicitude de inscrición realizarase a nome do participante e no caso dos menores de idade deberán contar coa autorización do seu pai/nai ou titor legal, para participar na actividade na que se inscribe.

O feito de asinar a ficha de inscrición da actividade solicitada, supón a aceptación das condicións e normas xerais do programa, incluíndo o tratamento de datos de carácter persoal e imaxes segundo a lexislación vixente.

No momento de facer a inscrición nunha actividade por primeira vez, cando sexa necesario, o solicitante achegará coa solicitude un certificado ou informe médico ou informe que acredite que non está imposibilitado para realizar a actividade na que se inscribe. Este certificado/informe/enquisa non será necesario en anos sucesivos, agás que se produzan variacións na saúde do interesado, na actividade solicitada ou se se contempla a súa revisión cada certo tempo.

Artigo 5.- Os solicitantes deberán:

- Inscribirse na actividade desexada cada ano/curso/convocatoria, xa que o feito de participar en anos/cursos/convocatorias anteriores na mesma actividade non dá dereito á reserva de praza.
- Ter a idade establecida para a actividade á que se quere inscribir, cumprila no transcurso da actividade ou pertencer ao curso escolar establecido, segundo se marque na convocatoria correspondente.
- Reunir as condicións físicas e de saúde necesarias para realizar a actividade na que se inscriba, para o que o Concello de Cambre poderá requirir informe médico ou documentación complementaria.
- Concello de Cambre non admitirá as inscricións daquelas persoas que:
 - Non estean ao corrente no pagamento das cotas doutras actividades municipais.
 - Á vista do resultado do informe médico, teñan desaconsellada a realización da actividade solicitada.
 - Non cumpran os requisitos establecidos nas normas e condicións xerais do programa.

En cada convocatoria establecerase un prazo para a emenda da documentación presentada.

Artigo 6.- Terán preferencia para participar nas actividades as persoas empadroadas no Concello de Cambre e, seguidamente, aquelas non empadroadas que traballen no termo municipal e por último os non empadroados no Concello de Cambre. En casos puntuais, terá preferencia a persoa que trala valoración e/ou informe técnico correspondente, debidamente xustificado, necesite con base en criterios sociais ou doutra índole participar nunha determinada actividade.

En determinadas actividades, segundo se marque na convocatoria correspondente, priorizarase a selección de persoas que non participaron nesa actividade en edicións anteriores.

Artigo 7.- A condición de empadroado no Concello de Cambre, comprobarase de oficio por persoal municipal. Para acreditar a condición de traballador/a no municipio deberá presentarse xunto coa solicitude de inscrición documentación acreditativa na que conste que traballa no termo municipal.

Artigo 8.- A selección das solicitudes presentadas será, como regra xeral, pola súa orde de recepción. Rematado o prazo de inscrición farase un sorteo que resolverá a admisión de participantes cando o número de solicitudes presentadas superen as prazas ofertadas, tendo en conta o disposto no artigo 6 desta Ordenanza.

Este sorteo que vinculará ás solicitudes de empadroados, non empadroados que traballen no termo municipal e por último aos non empadroados no Concello de Cambre, do que se dará a debida información e publicidade, realizarase en acto público coa asistencia mínima dun técnico e do coordinador/a do departamento correspondente ou funcionario/a en quen delegue. O sistema será segundo os pasos que amosamos a continuación:

1. Elaborarase unha listaxe coas solicitudes de inscrición de empadroados, outra de non empadroados que traballen no termo municipal e por último outra dos non empadroados no Concello de Cambre, ben por orde alfabético, ben por orde de recepción, segundo se estableza en cada convocatoria.
2. A cada solicitude asígnaselle un número correlativo para cada listaxe.
3. Introdúcense nun bombo tantas bolas numeradas da mesma listaxe como solicitudes foran recibidas (segundo a orde de preferencia mencionada anteriormente).
4. Extráese unha bola diferente para cada unha das listaxes (inscrición de empadroados, outra de non empadroados que traballen no termo municipal e por último outra dos non empadroados no Concello de Cambre). O número desta bola indica o número de solicitude que ocupará o primeiro lugar na listaxe de admitidos das solicitudes dos empadroados, se quedan prazas libres aplicarase o resultado do sorteo da listaxe de solicitudes dos non empadroados que traballen no termo municipal e se aínda quedan prazas libres aplicarase o resultado do sorteo dos non empadroados no Concello de Cambre.
5. Logo do sorteo cóntase o número de prazas establecidas para a actividade en cuestión, por orde crecente de numeración, en cada unha das listaxes de solicitudes.
6. A partir do último seleccionado establecerase unha listaxe de agarda.

No caso de recibir solicitudes fóra do prazo establecido, estas incluíranse por rigoroso orde de recepción na listaxe de agarda, a continuación das solicitudes recibidas en prazo.

As persoas que figuren na listaxe de agarda poderán causar alta na actividade no caso de que haxa unha baixa dos participantes admitidos. Esta circunstancia comunicarse a través dunha chamada telefónica e mensaxe ao móbil ou correo electrónico debendo ser respondida ese mesmo día. Se non quixese comezar a actividade nese momento deberá comunicar a súa renuncia por escrito (fax, correo electrónico, nas oficinas municipais do departamento correspondente ou en calquera dos rexistros do Concello de Cambre).

Artigo 9.- Os programas e actividades reguladas por esta ordenanza, aprobaranse por resolución do alcalde ou concelleiro-delegado da área que corresponda.

A lista de alumnos, usuarios ou participantes admitidos, e a listaxe de agarda, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e dos departamentos correspondentes e na páxina web municipal.

Artigo 10.- Unha mesma persoa poderase inscribir en varias actividades diferentes, sempre e cando non coincidan nos seus horarios. Non se admitirán solicitudes para unha actividade repetida en diferentes roldas, agás que, ao seu comezo, haxa prazas baleiras.

Artigo 11.- As actividades comezarán na data que se determine, sempre e cando se cumpra o número mínimo de alumnos e/ou participantes establecido para a súa implantación.

Se por causas imputables ao Concello, unha actividade non comeza na data estipulada, ou se perde algún día de desenvolvemento dela, os participantes terán dereito a recuperar as sesións non realizadas, na forma que o concello determine.

Artigo 12.- O pagamento da cota da actividade, deberá realizarse no prazo establecido en cada convocatoria.

A forma do pagamento, as contías que corresponde aboar, así como as posibles reducións, serán as fixadas nas ordenanzas fiscais ou acordos reguladores de prezos públicos que o Concello de Cambre aprobe para cada exercicio.

A aplicación dos descontos requirirá, en todo caso, a presentación da correspondente documentación acreditativa.

Artigo 13.- No caso de que o sistema de pagamento requirise a utilización dun impreso oficial de liquidación, unha vez efectuado o aboamento, deberase entregar o xustificante deste nas oficinas do Concello de Cambre.

Artigo 14.- Serán causas de baixa do participante nas actividades, as seguintes:

- Se o alumno, usuario ou participante non está ao corrente do pagamento das cotas da actividade, polo que en sucesivas convocatorias non poderá participar ata que o faga efectivo, tal e como consta no artigo 5 da presente ordenanza.
- Se despois do comezo da actividade resultase que o alumno, usuario ou participante non reúne as condicións físicas e de saúde adecuadas, que tivera cando a solicitou.
- Se o alumno, usuario ou participante falta de forma inxustificada á actividade, segundo estea regulado en cada caso.
- Se o alumno, usuario ou participante mostra un comportamento incorrecto durante a actividade, logo da correspondente reunión que se realice para o efecto entre o participante, o monitor, unha testemuña, un técnico do departamento do Concello de Cambre, e o concelleiro delegado do Departamento.
- O non cumprimento das normas da actividade ou das directrices dos responsables dela.

Artigo 15.- As baixas voluntarias nunha actividade deberán comunicarse por escrito ao Concello de Cambre, en calquera dos rexistros do Concello de Cambre ou nas oficinas municipais, sen prexuízo do aviso persoal ou telefónico aos técnicos do concello ou ao propio monitor, así como por outros medios (internet, correo electrónico, fax...) que se determinará especificamente en cada convocatoria.

Segundo o caso e dependendo do tipo de actividade poderá establecerse un período no que deba de comunicarse a baixa o cal se establecerá en cada convocatoria

Artigo 16.- O Concello de Cambre poderá cancelar a actividade se durante o seu transcurso o número de alumnos, usuarios ou participantes se reduce por debaixo do número mínimo establecido para o seu desenvolvemento.

A devolución das cotas aboadas pola actividade realizarase tendo en conta as diversas formas de efectuar o pagamento establecidas no acordo correspondente.

Artigo 17.- O Concello de Cambre garantirá como mínimo:

- Que as instalacións onde se van realizar as actividades sexan as adecuadas.
- Que haxa material suficiente para o seu desenvolvemento.
- Que os monitores estean debidamente cualificados.
- Os alumnos, usuarios ou participantes das actividades terán un seguro de accidentes que cubrirá os danos por accidente para cada participante, durante todo o tempo que dure a actividade desenvolvida.
- A calidade das actividades en xeral.

Artigo 18.- O Concello de Cambre resérvase o dereito a modificar as condicións reflectidas en cada Programa de Actividades, se as circunstancias así o aconsellasen. Para iso, elaborárase o correspondente informe-proposta por parte dos técnicos municipais, no cal se xustifique a necesidade da modificación, que deberá ir asinado polo concelleiro responsable da área. De todas as modificacións que se decidan, darase a correspondente información aos participantes mediante circulares, notas informativas, etc...

Disposición derogatoria: Queda derogada a anterior ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento aprobada inicialmente en sesión plenaria de 25 de marzo de 2010 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 24 de maio de 2010, BOP número 95.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, quedando derogada a anterior Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, que foi publicada integramente no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 95 do día 24 de maio de 2010.

2.8. Aprobación inicial, se procede, da modificación do Regulamento para o establecemento e regulación do programa “Carné da OMIX” do Concello de Cambre

O Sr. alcalde informa que, tal e como se fixo constar nas comisións informativas do día 25 de febreiro de 2014, este punto retírase da orde do día.

2.9. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

O Sr. alcalde manifesta que teñen unha declaración institucional asinada por todos os grupos, a proposta do grupo socialista, polo que invita a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, a dar lectura ao texto presentado.

Declaración institucional do Concello de Cambre relativa aos cursos de formación para estudantes da especialidade marítima pesqueira do IES Universidade Laboral

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1386 o día 21 de febreiro de 2014, e asinada polos voceiros dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polos dous concelleiros integrantes do GM (PdeC e PGD), consta do seguinte teor literal:

“Na actualidade, no IES Universidade Laboral véñense impartindo ciclos formativos de grao medio (técnico en navegación e pesca de litoral e técnico en operación, control, mantemento de máquinas e instalacións do buque) e un ciclo formativo de grao superior (técnico en transporte marítimo e pesca de altura e o de técnico superior en supervisión, control de máquinas e instalacións do buque).

A día de hoxe están matriculados máis de 150 alumnos, moitos deles de Cambre e resto da comarca, polo que a formación do sector do mar require dunha atención axeitada e do noso apoio. Os títulos dos estudos que moitos dos nosos mozos/as optan por facer no ámbito do mar e que expide a Consellería de Educación, non habilitan para poder exercer a profesión se non van acompañados da preceptiva formación complementaria que esixe a Mariña Mercante Española: o curso avanzado de formación sanitaria específica, curso avanzado de loita contra incendios, curso avanzado de botes de rescate non rápidos, de operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS) e o curso de Radar de Punteo Automático (ARPA).

Estes cursos, obrigatorios e necesarios para poder enrolarse nunha embarcación e exercer o cargo para o cal os alumnos/as estudaron e se formaron durante dous anos, actualmente non se están ofertando dentro do programa de ciclos de formación profesional do IES Universidade Laboral. Este feito obriga aos alumnos a acudir a entidades privadas para poder realizalos, o que leva aparelado un elevado custo económico (1000€ - 1500€ curso), motivo que en moitos casos imposibilita que os nosos mozos/as os poidan cursar. Isto contrasta co feito de que na Escola Oficial Náutico-Pesqueira do Atlántico (Vigo) e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, ofértanse moitos deles de xeito gratuíto, o que supón unha clara discriminación con respecto ao alumnado da nosa Universidade Laboral e unha perda da súa competitividade fronte aos outros centros públicos galegos que imparten este tipo de ensinanzas.

Por todo o anterior, a Corporación municipal do Concello de Cambre presenta, para a súa aprobación polo Pleno, a seguinte declaración institucional:

Primeiro: Instar ao Goberno galego a que se adopten as medidas necesarias para que o alumnado da especialidade marítimo-pesqueira do IES Universidade Laboral poida cursar no mesmo centro os cursos de: Avanzado de formación sanitaria específica, Avanzado de loita contra incendios, Avanzado de botes de rescate non rápidos, Operador xeral do sistema mundial de socorro e seguridade marítimos (GMDSS), dando as mesmas oportunidades aos alumnos deste centro cos que estudan nas outras escolas náutico-pesqueiras de Galicia, e que non teñan que pagalo ás escolas privadas.

Segundo: Instar ao Goberno galego a que se adapte o campo de fogo do IES Universidade Laboral para poder recibir nel os cursos de loita contra incendios, imprescindibles para enrolarse nunha embarcación e acceder ao grao para o que se están a formar durante dous anos.

Terceiro: Instar ao Goberno galego a conveniar coa Universidade da Coruña a utilización dos medios tecnolóxicos da Escola Superior de Náutica, para poder recibir os cursos de operador de GMDSS, aproveitando os recursos materiais existentes e facilitando a formación dos futuros profesionais que cursan o grao no IES Universidade Laboral.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que os que teñen memoria e sobre todo os que estudaron na Universidade Laboral Cruceiro Baleares, como algún dos que están aquí sentados, e refírese ao Sr. Taibo que estivo alí con el, saben que ese centro sempre foi unha das grandes universidades laborais de España onde se impartían todos os cursos de náutico-pesqueira.

Di que foi unha mágoa que tempo despois esa formación profesional que se daba sufrira cambios e ao final se perdera, porque el está case seguro que se tiveran seguido durante bastante tempo coa formación náutico-pesqueira, todos eses cursos se estarían dando hoxe na Universidade Laboral da Coruña.

Polo tanto, a el agrádalle moito e vota si a esta declaración institucional. Para o seu grupo é un pracer que se devolva á Universidade Laboral o esplendor e a ensinanza que tiña nos anos 70.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que pensa que o Sr. alcalde explicou perfectamente o que significa a Universidade Laboral para moitísimos alumnos, miles, que tiveron a oportunidade de cursar alí estudos. Di que non é que fora unha das universidades de España, senón que era a única universidade laboral de España que impartía cursos de marítimo-pesqueira, da que di que foi a súa especialidade nese centro.

Por conseguinte, igual que as palabras do Sr. alcalde, el non pode estar máis de acordo con esta declaración institucional. Desexa que se impartan eses cursos na Universidade Laboral, que sexan compatibles cos que se imparten en Ferrol, en Vigo e tamén en Santa Uxía de Riveira. Cre que é unha necesidade que se imparta esa formación na Laboral e, ao mesmo tempo, como ben pon esta declaración, que os alumnos teñan a oportunidade de ir á Escola de Náutica da Coruña a facer os cursos de operador de radar, etc.

A Corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, amosa a súa conformidade coa declaración.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal popular no Día internacional da muller

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1368 o día 20 de febreiro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A loita pola igualdade da muller en España ten máis de 100 anos de historia, grazas a mulleres como as nosas avoas, nais ou mestras, que fixeron posible que as nosas fillas e fillos crezan hoxe nun país máis xusto, máis libre e máis igualitario. A auténtica revolución do século XX foi a incorporación da muller ao mercado laboral.

As mulleres somos a metade do capital humano da sociedade, por esta razón, no século XXI un obxectivo fundamental debe ser aproveitar de xeito eficiente todos os recursos e talentos dispoñibles, nomeadamente os femininos.

A visión de que todas as mulleres somos un piar para Galicia tamén está moi presente nun momento no que o contexto global esixe maiores cotas de enxeño e creatividade para poder crear proxectos de crecemento, e deste xeito é prioritario apoiar unha utilización máis extensa e eficaz do potencial e do talento das mulleres.

Homes e mulleres, somos, dende a diversidade, igualmente valiosos e necesarios, pero en demasiadas ocasións as mulleres seguimos tendo que demostrar o dobre para alcanzar a metade.

Os datos e os feitos son tallantes: máis do 60% dos títulos superiores nas universidades de España e da Unión Europea teñen nome de muller e o Banco Mundial deixou claro que a achega das mulleres en decisións estratéxicas aumenta a produtividade da entidade nun 20% como media.

Non obstante hai que lamentar que a presenza feminina nos postos directivos das administracións dos Estados membros da UE apenas roza o 30%, en tanto que en España a media de mulleres nos consellos de administracións do Ibex 35 só representan o 13,5%.

A participación das mulleres no mercado de traballo é cada vez maior; non obstante, aínda persisten as desigualdades laborais, especialmente nos postos directivos.

Así, o aproveitamento do talento feminino persegue potenciar unha participación máis ampla e diversa das mulleres no desenvolvemento económico e social de Galicia, aproveitando o talento, a experiencia e a visión deste valioso capital humano para aumentar as bases dun tecido produtivo máis innovador e competitivo e cada vez máis internacionalizado; fomentando ao mesmo tempo unha organización empresarial máis comprometida coa igualdade de xénero.

As mulleres están presentes en todas as facetas económicas e sociais do país, pero moitas seguen tendo que elixir entre a maternidade e a súa profesión, algo que non debe ser admisible na nosa sociedade. Entre as administracións, os axentes sociais e as empresas, o camiño ha de estar marcado: un modelo de sociedade que permita a conciliación real e efectiva de homes e mulleres.

A sociedade non pode permitirse este dispendio de talento, porque a maior igualdade aumenta a produtividade, mellora a competitividade e é motor de desenvolvemento.

Polo tanto, temos que apoiar as mulleres a que innoven, creen ideas e produtos competitivos. A creación de proxectos empresariais e o autoemprego constitúen un pilar relevante que busca promover o espírito emprendedor e a actividade empresarial das mulleres, cunha especial atención aos sectores vinculados á tecnoloxía, o coñecemento e a creatividade.

Por isto, faise necesario, polo tanto, apoiar e potenciar o desenvolvemento profesional das mulleres en Galicia naqueles ámbitos de actividade económica onde aínda exista unha infrarrepresentación feminina.

Por todo o anterior, o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre eleva ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Instar a todas as administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a:

1. Realizar campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino.
2. Potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, respecto da moción presentada polo grupo municipal popular, gustaríalle dicir sen máis, nunha primeira valoración, que para o grupo socialista o Día da muller é en orixe o Día da muller traballadora, é un día reivindicativo e cren que o que se ten que facer é poñer enriba da mesa a situación na que se atopan as mulleres na súa realidade laboral neste país.

Dito isto, como é un día reivindicativo, parécelle que a exposición de motivos é un pouco suave coa situación real das mulleres neste país, e vailles dar algúns datos. Como consecuencia da reforma laboral feita dende o Goberno da Nación, o número de mulleres actualmente en España en situación de desemprego ascende xa a 2827000 mulleres, 143550 corresponden a Galicia. Nos dous anos que o PP leva gobernando ten subido o número de mulleres con emprego a tempo parcial a 140000 mulleres.

Respecto destas mulleres en situación de emprego a tempo parcial tamén lle gustaría dicir que, segundo datos do Instituto da Muller, o 97% das mulleres que tiñan emprego a tempo parcial recoñeceron que tiñan xornadas a tempo parcial como consecuencia de ter que coidar de menores, persoas enfermas, discapacitados ou maiores. Ademais, o 59% delas dicía que se mantiñan esa xornada era pola falta de servizos adecuados para o coidado de persoas sindicadas ou porque non podían custealos.

A brecha laboral entre mulleres e homes dende que goberna o Partido Popular e ten aprobado a reforma laboral, ten subido e tense incrementado. Actualmente está no 22,99%, é dicir, as mulleres cobran un 22,99% menos que un home por desempeñar o mesmo traballo. Isto tradúcese en que unha muller debería traballar oito anos e oito meses máis que un home para recibir a mesma pensión.

Dito isto, a moción tamén lles parece frouxa en canto ás propostas de acordo, e vaise explicar. Di que sendo este un día de reivindicación do traballo das mulleres, centrarse exclusivamente no autoemprego parécelles absolutamente insuficiente. Ela xa sabe que o Partido Popular centra todas as súas políticas activas de emprego en que todos se convertan en empresarios, pero parécelles moi pobre.

Por iso, di que para votar a prol da moción propoñen incorporar tres puntos, que van ser suaves. En primeiro lugar, solicitar ao Goberno da Nación a modificación da normativa laboral para poñer en marcha medidas destinadas a garantir a conciliación laboral, a reducir o traballo a tempo parcial entre as mulleres e a brecha salarial entre homes e mulleres.

O segundo acordo a incorporar sería o de solicitar ao Goberno da Xunta, titular das competencias en materia de políticas activas de emprego, a implementación de plans de emprego femininos reais que vaian máis aló do autoemprego.

E terceiro acordo a incorporar, esixir ao Goberno da Xunta que dispoña os medios necesarios para a aplicación efectiva das leis de igualdade, en particular da Lei de traballo en igualdade das mulleres en Galicia, que segundo ten entendido aínda segue en vigor.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que non teñen ningún inconveniente, subscriben algunhas das críticas que fai o Partido Socialista á moción, só algunhas, non todas. Por exemplo, a Sra. concelleira dixo que a brecha laboral entre mulleres e homes se produce dende que goberna o PP, ou que ten aumentado a brecha salarial, ela dille que ten ido aumentando progresivamente ao longo dos anos. Esa brecha salarial existe dende que goberna o PP e dende que gobernou o PSOE, e non é certo que fora en aumento.

Por outro lado, afirma a Sra. concelleira dunha forma totalmente gratuíta que a reforma laboral incrementou o paro feminino en dous millóns de persoas.

Dona Margarita Iglesias Pais intervén para sinalar que o que dixo é que son 2827000 mulleres desempregadas, das cales 143550 corresponden a Galicia. O que dixo é que o emprego a tempo parcial das mulleres aumentou en 141000 mulleres máis a tempo parcial.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe dille que de acordo. Ela o de que hai máis mulleres a tempo parcial non llo discute, porque é verdade, ela tamén ten eses datos, de feito esta moción vai nese sentido. O sentido da moción é que todos os poderes públicos, dende os concellos ata o Estado, activen políticas de igualdade laboral nese sentido.

Continúa dicindo que, aínda non compartindo todas as argumentacións que a concelleira socialista fixo, ela subscribe cre que eran os dous últimos puntos. Pregúntalle se falara de instar ao Goberno a unha modificación da normativa laboral.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais di que falou de instar ao Goberno da Nación á modificación da normativa laboral para poñer en marcha medidas destinadas a garantir a conciliación laboral, a reducir o traballo a tempo parcial entre as mulleres e a brecha salarial entre homes e mulleres.

O segundo punto, solicitar do Goberno da Xunta, titular das competencias en materia de políticas activas de emprego, a implementación de plans de emprego femininos reais que vaian máis aló do autoemprego.

E terceiro punto, esixir do Goberno da Xunta que dispoña os medios necesarios para a aplicación efectiva das leis de igualdade, en particular da Lei de traballo en igualdade das mulleres en Galicia, Lei 2/2007, do 28 de marzo.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe expón que van subscribir esas propostas, pero entende que eses tres puntos estarían contidos no punto dous da moción, que sería potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

En todo caso, di que non se van poñer a discutir eses puntos, porque cre que máis ou menos tanto o que a concelleira socialista dixo, como o que di a moción, coinciden na súa finalidade, polo tanto, os incorporan á moción sen ningún tipo de prexuízo.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo vai ser moi breve porque de feito teñen unha moción que realmente trata o ataque ao dereito das mulleres.

Unicamente por xustificar o seu voto respecto da moción que presentan dende o Partido Popular, queren que quede claro que o feito de que dende o PP traian unha moción, do tipo que sexa, en defensa de calquera tipo de dereito das mulleres podería chegar a ser tan cómico como que EU presentara unha moción que propoña o Val dos Caídos como ben de interese cultural.

Di que é moi gracioso. Que nun parágrafo concretamente, e por iso dixo que vai ser moi breve, só hai un parágrafo desta moción que de verdade lles dá moita risa, o que di que as mulleres en ocasións teñen que elixir entre maternidade e a súa profesión. Di que isto é unha desvergonza pola súa parte, tan enorme, que non sabe como poden durmir polas noites, dillelo de verdade, con cariño ademais.

Di que as mulleres non teñen que elixir entre maternidade e a súa profesión a partir de agora, a elección xa a está tomando o PP por elas. Van ter que elixir entre maternidade si ou si, porque coa aprobación da modificación da Lei do aborto non lles vai quedar máis remedio que ter cantos fillos xeren, queiran ou non, e veñan como veñan e no estado que veñan.

Continúa dicindo que non poden votar en contra desta moción, non poden, pero tampouco van votar a prol, e queren manifestar o seu respecto ás achegas dos compañeiros do Partido Socialista, que lles parecen grandes achegas, o que pasa é que non poden votar a prol dunha moción deste tipo polo feito de que é o PP quen a presenta.

Van pedir que quede constancia, iso si, que quede na acta neste pleno, que no camiño que estaban aínda faltaba moito por percorrer, pero que dende que governa o PP todos os dereitos das mulleres foron dilapidados. Non poden traballar, independentemente das iniciativas que presenten, non porque non estean preparadas, que o están, non porque non teñan estudos, que os teñen e moitos, non porque non queiran, que si queren, senón porque a súa vida non a gobernan elas. Goberna e decide o Sr. Gallardón e o Sr. Rouco Varela sobre elas, sobre a súa vida, sobre o seu ventre.

Conclúe dicindo que non teñan por favor a desvergonza de falar dos dereitos das mulleres, do tipo que sexan, cando o PP e a curia eclesiástica as está relegando a criar fillos, coidar maiores, servir aos seus homes relixiosamente, ir a misa os domingos e a depender economicamente do home que sustenta á familia.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que *“desde su grupo se van a abstener, porque entienden que esto es una cosa que no tiene que ver con Cambre y que viene a politizar el pleno”*. Di que con este comezo irónico vén loxicamente a botarlles en cara a súa actitude. O PP cando determinadas cuestións non lle gustan resulta que di que aquí todo vén a politizar o pleno e son cuestións que non afectan a Cambre. Di que claro que isto afecta a Cambre, e para o PP afecta isto ou o do terrorismo que tamén é unha preocupación urxente para os veciños de Cambre.

A el parécelle ben que traian a moción. Neste momento interrompe a súa intervención para dicirlle ao voceiro do PP que xa terá tempo para falar, dille que tranquilo. Continúa dicindo que os anima a que sigan traendo mocións ao pleno municipal, que lles sirvan para debater, porque para iso está un pleno, para falar de política.

El non comparte o espírito da moción, en parte porque como dixo a concelleira de EU, por quen a trae, o PP. Si que podería subscribir a súa letra, pero el entende que isto é

unha moción tipo que trae o PP aos diversos concellos para desviar a atención sobre o tema da Lei do aborto. Di que non se estenderá tanto como os seus compañeiros na argumentación, o que si quere dicir é que o BNG, para o bo e para o malo, o que si son é bastante claros e como non lles gusta, e como non están de acordo, van votar en contra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, dille que tomará as verbas en castelán do Sr. Carballada ao principio da súa intervención como unha mostra de apertura do seu partido e de liberdade de elección respecto do idioma.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que o seu partido está sempre aberto, a súa organización e, de feito, para o Sr. Andreu que parece que está a desgusto no PP, o día de mañá non habería maior problema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que están collendo o costume de non solicitar sequera permiso para falar. Falan como se estiveran no bar e dálles igual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coas modificacións incluídas a proposta do PSdeG-PSOE, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC e o concelleiro de PdeC integrante do GM. Vota en contra o concelleiro presente do BNG, e abstéñense os dous concelleiros de EU e o concelleiro do PGD integrante do GM.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou aprobar a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Instar a todas as administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a:

1. Realizar campañas de divulgación e formación no ámbito do emprendemento feminino.
2. Potenciar políticas e programas de apoio ao emprendemento feminino e á consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

Segundo: Instar ao Goberno da Nación á modificación da normativa laboral para poñer en marcha medidas destinadas a garantir a conciliación laboral, a reducir o traballo a tempo parcial entre as mulleres, e a brecha salarial entre homes e mulleres.

Terceiro: Solicitar do Goberno da Xunta, titular das competencias en materia de políticas activas de emprego, a implementación de plans de emprego femininos reais que vaian máis aló do autoemprego.

Cuarto: Esixir ao Goberno da Xunta que dispoña os medios necesarios para a aplicación efectiva das leis de igualdade, en particular da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal socialista relativa á modificación da Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1425 o día 22 de febreiro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“O servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Cambre (en adiante SAF), con carácter xeral, ten por obxecto ofrecer, e prestar, un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, coa finalidade de facilitar o seu desenvolvemento persoal, posibilitando a permanencia dos cidadáns no seu fogar, no seu contorno de convivencia e, en especial, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou noutras de risco social, para as cales, o SAF, resulta un recurso idóneo.

Ademais, e de xeito particular, o SAF do Concello de Cambre atenderá persoas maiores, con déficits de autonomía e mobilidade e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio material e afectivo, familiar e social no seu medio inmediato: o seu fogar, a comunidade.

Certo é que a Xunta de Galicia, a través das súas disposicións xerais en materia de prestación de servizos sociais, tales como os Decretos 99/2012, 149/2013 e demais lexislación aplicable, constrinxen, na práctica, a aplicación, o percorrido do SAF por canto limita a capacidade de obrar e impón un copagamento por parte dos usuarios beneficiarios nunhas porcentaxes en moitos casos dificilmente asumibles. Lembramos neste sentido que recentemente, ata por dúas veces nos últimos seis meses, vimos de adecuar a ordenanza do SAF a esta imposición encuberta de condicións por parte da Xunta de Galicia.

Non obstante, a ordenanza do SAF do Concello de Cambre atribúese competencias exclusivas na prestación deste servizo tales como a planificación, a programación, coordinación, seguimento, supervisión, control e avaliación do servizo, entre outras.

Neste escenario no que o Goberno municipal o único que nos propón é tragar co que ven ditaminado por parte da Xunta de Galicia, cómpre poñerse, con máis xustificación se cabe, do lado dos beneficiarios do servizo, avaliando e impulsando as súas demandas con iniciativas que busquen mitigar a carga económica para os destinatarios e mellorar a calidade e cobertura dos servizos; todo iso enmarcado nun

contexto de progresiva deterioración económica e social do que, tanto a Xunta de Galicia como o Goberno municipal, parecen alleos.

Sirva como exemplo o que nos manifestan algúns dos beneficiarios do SAF: as persoas maiores con diabeite precisan extremar a atención e coidado dos seus pés, por non falar de que a meirande parte dos maiores non se valen por si mesmos para realizar algo tan elemental como é cortarse as uñas dos pés. A recuperación funcional dunha persoa maior que, por exemplo, sofre unha caída, alóngase ou mesmo deriva nunha lesión permanente se non recibe rehabilitación fisioterapéutica. Unha ciática, reumatismos, persoas encamadas requirirán de tratamento de fisioterapia e debería intensificarse a atención ás persoas maiores que vivan soas. E así poderíamos seguir.

En consecuencia, sendo competencia dos órganos de goberno do Concello de Cambre a interpretación desta ordenanza, o espírito que motiva a presente moción, nace da necesidade de revisar en profundidade os servizos contidos na ordenanza en cuestión, co fin de renovar e ampliar os servizos recollidos nela mellorando, deste xeito, o seu ámbito de actuación/aplicación. Incorporar novos servizos á ordenanza permitirá dispor, así mesmo, de máis elementos aos técnicos de servizos sociais encargados de elaborar o Plan individualizado de atención (PIA) para cada usuario.

Xa anticipabamos, en diferentes plenos nos que se abordou este asunto, a intención do noso grupo de promover unha serie de iniciativas, esta é a primeira, nesta materia; porque servizos tan sensibles e cunha casuística tan complexa como a que nos ocupa, requirirán dun seguimento permanente, dunha constante adaptación de procedementos, non só por decreto, senón impulsando e achegando progresivamente os servizos de axuda no fogar, escoitando os verdadeiros protagonistas do servizo: os que os necesitan. En definitiva, atender permanentemente as demandas e necesidades dos nosos veciños mellorando, no posible, a súa calidade de vida.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Que a ordenanza do SAF, incorpore explicitamente e regule, de acordo co Decreto 149/2013, e demais lexislación aplicable, a prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria, fisioterapia e podoloxía a domicilio, orientados principalmente a usuarios que vivan sos, persoas maiores e grandes dependentes, con mobilidade reducida.

Segundo: Dar conta do contido da presente moción e dos acordos adoptados ao conxunto dos usuarios beneficiarios do SAF do Concello de Cambre.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que o vindeiro 3 de marzo a nova empresa adxudicataria Clece vai ofertar os servizos que o Partido Socialista reclama, porque a esa empresa precisamente se lle deu máis puntuación no procedemento de contratación polos servizos complementarios que ofrecía.

Entre eses servizos complementarios a empresa vai ofrecer aos usuarios, servizo de peitado, podoloxía, fisioterapia, respiro familiar, acompañamentos varios, pequenas

reparacións no fogar e todos os aparatos de teleasistencia que sexan necesarios para os usuarios de axuda a domicilio que así o soliciten.

Polo tanto, propoñer que isto se poida recoller na ordenanza, ela cre que nalgún momento poderá recollese, pero agora mesmo vaino facer a empresa Clece, que nas súas melloras xa incluíu eses servizos.

Continúa dicindo que en ningún momento o Goberno municipal é alleo ás deterioracións tanto económicas como sociais da poboación, moito menos dende Servizos Sociais. Como se reflicte nos orzamentos, dende que están gobernando teñen triplicado a partida orzamentaria e agardan este ano poder fixala como mínimo en 125000 euros, algo que o Goberno socialista, en todos os anos que gobernou en maioría absoluta, non fixo.

Parécelle importante facer este matiz porque se trata dunha acusación moi fea, de que teñen falta de sensibilidade, sempre están co mesmo.

En canto ao segundo punto, como xa ten aclarado noutros plenos, a fixación das tarifas vén marcada polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro. Poderalles gustar ou non, a ela particularmente non lle gusta, pero teñen que cumprilo obrigatoriamente, están obrigados a cumprir o Decreto 149/2013.

En canto ao seguimento permanente do que fala, xa se fai cada dous meses. A traballadora social que leva o servizo de axuda a domicilio vai cada dous meses a todos os domicilios dos usuarios, onde recolle tanto as queixas, como as suxestións, como os cambios de servizo, absolutamente todo. Faino persoalmente a traballadora social cada dous meses.

Polo demais, di que eles vanse abster nesta moción, porque este servizo xa se vai prestar. Que poida estar incluído nunha ordenanza e regularse non está mal, pero agora mesmo xa se vai prestar a través da empresa Clece.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que el en ningún momento ten proposto como acordo a este pleno modificar as porcentaxes que os usuarios teñen que pagar para custear os servizos, xa saben que é unha imposición da Xunta de Galicia.

Di que a Sra. concelleira dálle agora unha cifra virtual, 125000 euros para non sabe que tipo de axudas, di que o crerá cando o vexa e cando se aprobe. Tamén vai haber centros de saúde no Temple, e piscinas, vai haber de todo, pero de momento iso non o teñen.

En segundo lugar, di a Sra. concelleira que se o incorporan á ordenanza non estaría mal. El dille que non, que ten necesariamente que incorporarse á ordenanza. O Decreto da Xunta así o esixe, establece as porcentaxes que os usuarios beneficiarios dos servizos de podoloxía e fisioterapia teñen que satisfacer, hai unha táboa no Decreto que necesariamente ten que incorporarse á ordenanza. Non é que non estea de máis, é que é obrigatorio facelo.

Cre que non é necesario volver ler o punto da proposición, que eses servizos relacionados se incorporen explicitamente e se regulen na ordenanza, en relación, evidentemente, co que o regulamento da Xunta establece.

Non están falando doutra cousa, non están poñendo en cuestión o seguimento, non están poñendo en cuestión a profesionalidade. Están pedindo que se amplíen uns servizos, se incorporen á ordenanza e se regulen de acordo coa lei. Iso é o que piden.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles van votar a prol desta moción, principalmente porque terán que aproveitar que se a empresa vai dar todos eses servizos, que os dea, pero regulándoo para un futuro. Ademais, se unha das cousas pola cal a empresa, segundo dixo a Sra. concelleira, conseguiu este contrato é polas melloras que facía con respecto a outras, iso xa o viviron noutras adxudicacións, por exemplo na adxudicación do Plan Xeral onde a empresa tiña unha serie de melloras que ao final non fixo. Polo tanto, el cre que é importante regulalo e dá a en hora boa ao Partido Socialista por esta iniciativa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol desta moción, sobre todo polo seu contido e a sensibilidade con que foi feita.

En referencia ás melloras que vai prestar a nova empresa concesionaria, Clece, é unha cantidade de servizos que, efectivamente, vai haber que regulalos, porque se non van correr o perigo de que haxa unha competencia desleal con moitos traballadores e traballadoras que teñan unha empresa en Cambre, non sabe que vai ser dos salóns de peiteado, albanelería ou fontanería.

Dona M^a Jesús González Roel intervén para dicir que será sempre con informes das técnicas de Servizos Sociais, non en todos os casos.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que por suposto, e que por iso dicía que haberá que regular todo ese tipo de servizos.

Conclúe dicindo que van votar a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a modificación tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o

concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de UxC sobre a senda fluvial do río Mero

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1301 o día 18 de febreiro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“Dende a súa posta en funcionamento, hai xa nove anos, a senda fluvial do río Mero, que discorre integramente polo territorio do noso concello, constituíu un enorme atractivo turístico, medioambiental e de lecer tanto para os veciños e veciñas de Cambre como tamén para as innumerables persoas de toda a comarca e doutras zonas que se achegan para recorrela e desfrutala.

Non obstante, o abandono no que as administracións competentes, tanto a autonómica como a local, manteñen este fermoso espazo e o desintereses (este si, totalmente imputable ao Goberno municipal) en canto a promoción e ferramenta de desenvolvemento da economía de Cambre, só poden cualificarse pura e simplemente como desidia.

A título de exemplo e sen pretender ser exhaustivos, velaí algunhas das carencias e/ou deficiencias que contemplamos de cotío cando percorremos a senda do río Mero:

- a) Falta de conservación e mantemento dos viais, que se traduce en invasión dos sendeiros polas herbas e charcos. Non deixa de ser paradoxal que os escasos labores de mantemento levadas a cabo ata de agora desenvolveranse con maquinaria pesada, provocando estragos no pavimento.
- b) Ausencia de regulación do uso compartido por ciclistas, xinetes e peóns, provocando, sobre todo a estes últimos, situacións de molestia e mesmo de risco.
- c) Carencia absoluta de espazos de repouso (bancos, etc.)
- d) Sinalización insuficiente ou moi deteriorada.
- e) Falta de acondicionamento dalgúns espazos para o seu uso como zonas de lecer.
- f) Desidia absoluta (esta si é imputable totalmente ao Goberno local) en canto a promoción e difusión das posibilidades do propio espazo natural como valor turístico e saudable, conectando os seus atractivos cos doutros xa existentes no concello (rutas, etc.).
- g) Fomento da creación de pequenas industrias hostaleiras e de ocio que permitan aproveitar este recurso para a promoción económica de Cambre.

Con base no anterior, o grupo municipal de Unión por Cambre propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O concello desenvolverá, no prazo máximo de dous meses, unha campaña de recollida de ideas e propostas entre os veciños e institucións do noso concello, que servirá de base para a elaboración dun programa de actuación respecto do espazo natural do río Mero, respectando sempre o criterio prioritario de conservar ao máximo todo o seu valor ecolóxico.

Segundo: Rematado o anterior, constituirase unha comisión específica, integrada por membros da Corporación local e por veciños e entidades que tiveran colaborado activamente na fase de recollida de propostas, co fin de elaborar, nun prazo máximo de dous meses, un Plan de mellora e conservación do espazo natural do río Mero, que será sometido de inmediato á aprobación do pleno municipal, tentando recoller o meirande consenso posible.

Terceiro: Aprobado o devandito plan, o alcalde realizará as xestións necesarias para a realización e obtención do financiamento preciso para o mesmo, obtendo o apoio dos organismos públicos (Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Confederación Hidrográfica, etc.) e privados que correspondan e dando conta ao Pleno do seu labor en cada un dos plenos ordinarios que celebre a Corporación.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que se alegra moito de que o Sr. García Patiño teña feito súa unha parte do programa electoral do Partido Popular, alégrase moito, pero dille que mentres el sexa alcalde non vai crear ningunha comisión. O Sr. García Patiño chega tarde, como sempre, porque xa saíu na prensa.

Dille que el leva tres anos traballando nese proxecto, sobre un terreo que non é del, pero leva traballando nel, coa Xunta de Galicia, coa Confederación Hidrográfica, coa Deputación Provincial, con todos os que teñen competencias na canle do río Mero.

O voceiro de UxC fala de espazos, de instalacións hoteleiras e non sabe de cantas cousas máis, pero pídelle que lle diga se cede el as parcelas para facelo, ou que fan con elas. Pregúntalle para que crear unha comisión, se é para analizar as propostas que xa foron feitas cun proxecto que está a punto de terminar, que van presentar conxuntamente coa Deputación Provincial da Coruña para facer todo o paseo marítimo nos 9,5 Km que ten o río Mero, por ambas marxes, e que se poida ir en bicicleta dende aquí ata Sorrizo.

Pregúntalle ao Sr. García Patiño se quere que cree unha comisión, porque dille que perdoe, pero que o grupo popular vaille dicir que non, porque o traballo téñeno xa feito. O traballo xa o teñen feito e o seu grupo, dende logo, vai votar en contra desta moción, porque sería traballar o dobre en algo que xa teñen feito porque levan tres anos traballando niso.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el chegue tarde a un sitio é raro, moi raro, contadas veces chegou tarde a algún sitio, e o Sr. alcalde o sabe ben, di que normalmente é dos primeiros en chegar.

Di que el leu os programas electorais de todos, e todos facían referencia ao río Mero. O espírito desta moción é que se piden unha comisión é para poder escoitar aos veciños, para escoitar o que os veciños de Cambre queren dicir. Pregúntalle por que di que chega tarde, porque o Sr. alcalde estivo traballando nun proxecto que o sabe el, que non o sabe ninguén máis. Pregúntalle se lle ten que dicir el como ten que obter os terreos, pois dille que cun Plan xeral ten que obter os terreos, claro que si, como os vai obter, claro que non ten recursos para pagalos, pero igual a Xunta de Galicia si, a Deputación si, haberá que pelexar por aí.

Ou sexa, que o Sr. alcalde ou fai o seu programa electoral, ou non vai facer nada co tema do río Mero. Dille a el que chega tarde cando xa levan tres anos de lexislatura, el cre que xa non chega tarde e precisamente por iso, porque non confían nel, no seu proxecto, porque non o ven por ningún lado, abren aos veciños de Cambre e a todas as institucións a posibilidade de dar ideas sobre que facer co tema do río Mero, porque ven que o Sr. alcalde non as ten. Porque o que está dicindo de que vai traer unha senda para que veñan en bicicleta dende non sabe onde, é idea da Deputación, que non é súa. Pregúntalle onde estaba no seu programa electoral que ía facer unha senda ata Arteixo, que el saiba non o tiña, igual agora o modificou, pode ser.

Dille ao Sr. alcalde que o feito de que non vote isto vén sendo igual que o tema da participación cidadá. Ao Sr. alcalde non lle gusta escoitar á xente, nin máis nin menos. Eles non están pedindo nada doutro mundo, nin o están obrigando a nada, simplemente a que escoite aos veciños e ás veciñas de Cambre, nada máis, o Sr. alcalde saberá.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. García Patiño que non sabe o que el leva falado cos veciños sobre o proxecto do río Mero, non con todos, pero si coas asociacións, e o Sr. voceiro iso non o pon enriba da mesa. Pregúntalle porque non fixo el ese labor e trouxo algunha proposta aquí, algunha outra opción, por que non o fixo durante estes tres anos. Faino agora cando xa saíu na prensa, hai poucos días, o da senda peonil no río Mero. Xa saíu na prensa que se está traballando nese proxecto para poñelo en marcha e facelo este ano 2014, iso está comprometido, facelo este ano 2014.

O Sr. voceiro fálalle agora de crear unha comisión, ou sexa, gastar os cartos dos veciños de Cambre nuns terreos que non son seus, volven ao tema da iluminación pública de antes. El cre que o que teñen que facer é obrigar ás outras administracións a que fagan o traballo no seu terreo, iso é o que teñen que facer, e iso é o que están facendo.

O acordo fíxose entre Augas de Galicia e Deputación, pero iso foi porque o Concello de Cambre insistiu con Augas de Galicia, e agora falta que lles limpen tamén o leito do río, pero están traballando niso. Di que por iso el non pode aprobar unha moción e volver para atrás.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que non sabe se será tan difícil de entender, é dicir, o concello desenvolverá no prazo máximo de dous meses unha campaña de recollida de ideas entre os veciños e institucións. Cre que iso non é tan difícil de entender. UxC fixo propostas, tamén teñen o seu programa

electoral aí, e tamén falaron moito do río Mero. Pídelle que non diga que non fixeron propostas, o que pasa é que o Sr. alcalde leuno pero non lle interesou.

Pídelle que non diga que non fan propostas. O que non lle interesa ao Sr. alcalde é debater co resto, escoitar as ideas dos demais e dicirlles que é unha boa idea. Iso hai que aprender a facelo, que o Sr. alcalde non o sabe facer.

Continúa dicindo que ese prazo é para información á xente e para recoller as ideas de todo o conxunto dos veciños de Cambre, non só das forzas políticas que están aquí, senón de todo o conxunto, aínda que o Sr. alcalde di que xa falou con todos, claro, agás con UxC. Con UxC non falou, co resto das asociacións, con todo o mundo falou, con eles non. Pois ben, a continuación piden que se constitúa unha comisión específica integrada polos membros da Corporación local e polos veciños e entidades que estiveran colaborando activamente na fase de recollida de propostas. Haberá que pedirles que veñan, para ver e casar todas as propostas, entre todos, e darlles forma.

Pero o Sr. alcalde xa ten feita a proposta, cun paseo en bicicleta, iso é o que ten feito, nada máis. Dille que se non a quere votar a prol, que non o faga, que alá el.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que non é un problema de votar a prol ou non, se o Sr. García Patiño retira o da creación da comisión, el está de acordo en votarlle a prol, pero el non vai crear ningunha comisión.

En segundo lugar, o Sr. García Patiño a única proposta que fixo tena no seu programa electoral. Tamén lle lembra outra vez que o Sr. voceiro sempre o acusa de non chamalos, pero preguntalle por que non veñen eles directamente. Pídelles que veñan, que el non ten que chamalos. Eles non chaman á súa porta para dicirlle que teñen unha proposta e ver se a levan adiante. Falta a primeira vez que o Sr. voceiro viñera ao seu despacho a dicirlle iso. El é o alcalde, polo que lle pregunta se é el o que ten que chamar. Se é así pídelles que o perdoe, que ao mellor equivocou os termos e o Sr. García Patiño está esperando a que o alcalde o chame para darlle as súas ideas.

El o que lles di simplemente é que cando teña o proxecto na man, el porallo enriba da mesa, non ao Sr. García Patiño, senón a todos os grupos, para que o estuden, o vexan, e poidan facer alegacións a ese proxecto que recolle parte das ideas das asociacións de veciños e parte do que pode facer a Deputación nese carril peonil-bici, con sinalización nova, e que vai unilos con Culleredo.

Pero di que a el o de Culleredo non lle importa, ou mellor dito impórtalle dende o momento en que poidan chegar en bicicleta de aquí á Coruña ou de aquí a Sorriño quen queira facelo, ou de aquí a Culleredo, ou de aquí a Oleiros, porque están os cinco concellos no mesmo proxecto, cada un coas súas ideas, que foron as que achegaron á empresa que está redactando o proxecto.

Reitera que levan tres anos traballando nese proxecto, e o Sr. García Patiño fálalle agora de crear unha comisión para o río Mero. El dille que pode crear a comisión que queira, pero cre que é volver para atrás. E non é por votarlle en contra ao Sr. García Patiño, vótalle en contra porque está a obrigalo a que unha vez pasados dous meses el cree unha comisión e dea conta do que decida a comisión en todos os plenos

sucesivos e, ademais, a que esa comisión deseñe no prazo de dous meses un plan de mellora e conservación do espazo natural do río Mero, que está todo moi ben.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o Sr. alcalde xa ten todo feito, xa ten o financiamento, xa ten proxecto, todo.

O Sr. alcalde responde que si.

O voceiro de UxC dille que, entón, que cree a comisión e lle explique a todos o que ten feito, pero el xa sabe que iso non lle gusta.

O Sr. alcalde di que non a vai crear, e que non é que non lle guste.

O voceiro de UxC dille que o feito de que sexa alcalde non quere dicir que non teña que chamar á xente.

O Sr. alcalde contesta que xa a chama, moitas veces.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o Sr. Rivas é o alcalde, por suposto, e como tal el respéctao, como alcalde.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o seu grupo agradecen a presentación da moción ao grupo de UxC. Coinciden con eles, e imaxina que co Partido Popular e co resto das forzas, en que o tema da senda peonil do río Mero, de todos os arredores do río, é algo recorrente que todos os grupos, efectivamente, así o levaron na súa campaña electoral e nos seus idearios. Está claro que a todos lles une que queren o mellor para os veciños de Cambre nesta actuación en concreto.

Di que neste pleno acaban de falar hai pouco do que é a participación cidadá, por iso volve dicilo, el tampouco entende a reticencia a esa chámese comisión, chámese como sexa. O seu grupo vai apoiar a moción e está de acordo en que se chegue a un acordo no que se quere facer, como comisión ou como outra cuestión.

A eles o que lles parece básico é todo o que sexa mellorar, todo o que sexa beneficiar aos veciños de Cambre, a un espazo natural como é o río Mero, a promoción económica dese espazo, porque iso é importantísimo, eles entenden que é importantísima a súa promoción.

A el chámalle a atención que o Sr. alcalde tamén bote en cara, agora mesmo, o que acaba de dicir, que como xa saíu na prensa... El lémbrale que é recorrente nos plenos que o Goberno municipal conteste na prensa a cuestións que saen cando se presentan as preguntas ou os rogos por parte dos grupos políticos que aquí están representados.

El entende que o espírito da moción, e fai aquí de avogado neste caso do que non lle corresponde, é algo que é importante para todos os veciños de Cambre, polo cal entende que deben votar a prol, e no seu grupo así o van facer.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que van votar a prol da moción. Non obstante di que non se vai centrar tanto na moción, senón que se vai centrar máis en cuestións que deixou caer aquí o Sr. alcalde.

Dixo o Sr. alcalde que tiña falado con distintas asociacións do concello polo tema da senda do río Mero. Pregúntalle se os grupos da oposición non representan ao pobo de Cambre. O Sr. alcalde fala coas asociacións e está ignorando aos grupos representados na Corporación, porque el dille unha cousa, que ao grupo de EU non o pode acusar de non presentar iniciativas polo tema do río Mero. Pídelle que faga un pouco de memoria, porque o que se teme é que esta moción quede tamén no seu caixón, como quedaron as iniciativas que lle vai puntualizar: a moción para acondicionamento de zonas de baño e recreo nas ribeiras do río Mero; a moción do grupo municipal de EU sobre a creación dunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero no edificio modernista da Arrigada; carencias que presentan o paseo fluvial do río Mero, refírese a como di UxC na súa moción, bancos, fontes, todas esas carencias; realización de traballos de mantemento para garantir as mellores condicións á senda peonil do río Mero; e a moción sobre a protección da fauna do río Mero.

Di que o Sr. alcalde a EU non lle pode acusar de non presentar alternativas, e o Sr. alcalde a el nunca lle dixo que tramitara ningunha desas iniciativas, ningunha. Vén a dicir aquí que se reuniu coas distintas asociacións e que está ignorando aos grupos políticos que representan á maioría do pobo de Cambre. A el parécelle, de verdade, grave. EU fixo propostas moi concretas.

Falaba antes o Sr. alcalde das instalacións hostaleiras. Evidentemente hai unha mota, unha zona de protección de leitos, unha zona de protección de policía onde non se pode facer nada, iso está clarísimo, así o contempla a Lei de augas, pero á marxe diso a xente poderá facer o que estime oportuno se o terreo está cualificado para iso, aínda que el tampouco quere converter no Corte Inglés as ribeiras do río Mero. Ao mellor non é compatible o estado natural do río e a súa conservación con industrias dese tipo, hai que ser moi fino para esas cuestións.

Por último, quere dicir que aquí se fala moito do río Mero, pero el pregúntalles onde estaban eles cando querían canalizar o río Mero dende Cecebre ata a desembocadura, pregunta onde estaban. Aí estaba a Plataforma do río Mero, aí estaban moitos veciños e veciñas que loitaron, se manifestaron e incluso foron a Estrasburgo, a loitar polo río Mero. Houbo moitísima xente implicada nese tema, e con esa xente tamén habería que contar. Dende aquí pide unha homenaxe a esa xente, á que loitou de verdade polo río Mero.

O tema do río Mero é moi recorrente. Dende sempre, para EU e para moitísima xente de Cambre foi unha opción principal, loitar por ese espazo natural que teñen aí. Cre que foi o investimento máis importante que se fixo nos últimos 20 anos aquí en Cambre, o acondicionamento da senda fluvial do río Mero, 22 Km de paseo, e así o reconece todo o mundo. Agora teñen a obriga de preservala, coidala e protexela, e a moción que presenta UxC, que vai en consonancia con todas as que presentou EU, o que quere é contribuír a iso, simplemente a iso.

Pero o Sr. alcalde vén un día aquí a dicirlles que se reuniu coas asociacións para presentar alternativas, pregúntalle a quen representan os grupos da Corporación. De verdade, el pensa que é unha falta total de ética non contar cos grupos, porque non é porque eles non presentaran iniciativas. Cre que materia había dabondo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Taibo que el non dixo que EU non presentara iniciativas.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que por se acaso.

O Sr. alcalde respóndelle que por se acaso, non. Que non o deixe caer en por se acaso, porque iso non lle vale. El non dixo que o grupo de EU non presentara iniciativas. El cando foi a Plataforma do río Mero polo tema da canalización estaba no mesmo sitio no que está hoxe, coas súas ideas, exactamente no mesmo sitio. Pide que non se equivoque.

El o único que di desta moción é que fala de que se constituirá unha comisión específica integrada por membros da Corporación local e por veciños de entidades que tiveran colaborado activamente na fase de recollida de propostas, co fin de elaborar nun prazo máximo de dous meses un plan de mellora e conservación do espazo natural do río Mero que será sometido de inmediato á aprobación do Pleno municipal, tentando recoller o meirande consenso posible. El o único que di é que se retiran o punto segundo, el non ten ningún problema.

Di que poden facer o labor outra vez, pero como comprenderá, despois de ter recollido xa esas ideas coas asociacións, despois de que a el a Deputación Provincial da Coruña lle propón que lle financia a construción desa senda peonil, a sinalización, etc., el tería que dicir que non, non achegarlle nada á Deputación e volver para atrás. Por iso el pide que lle saquen o punto segundo.

Continúa dicindo que el non lle ten medo ás comisións, pero eles crean unha comisión non só cos membros da Corporación municipal, senón que con todas as asociacións de veciños, iso para un traballo que poden facer, porque el se eles queren non se nega a facer o primeiro punto outra vez, non se nega, pero estalles dicindo que isto segue avanzando, a Deputación quere rematalo neste ano 2014, e o Goberno municipal esa obra quere facela. Poden recoller todas as ideas e cando a empresa presente o proxecto, el traerá aquí unha copia, amosaralla a todos eles e poderán pedir incorporar as ideas que se queiran. El ao que non está disposto é a crear comisión tras comisión e máis comisión.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a proposta que fai o Sr. alcalde depende do voceiro de UxC. El respectará moito o que faga nese sentido, iso xa depende de UxC.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que dende o seu grupo primeiramente avalían como positiva esta moción, porque con independencia da súa concreción nos puntos de acordo, a eles parécelles axeitado traer este tema que, efectivamente, é recorrente, porque é unha problemática recorrente quasi sempiterna ao pleno.

El a verdade non viu ningunha noticia na prensa, tampouco é que faga un exame exhaustivo dela, descoñece, polo tanto, se isto ten algún tipo de suspicacia detrás. Particularmente e tendo en conta como traballa el cre que o conxunto dos grupos da oposición, pero nomeadamente UxC, non cre que os mova á hora de traer esta moción ao pleno calquera tipo de animosidade oportunista.

En tal caso, el cre que iso non exime de darlle cumprida resposta a esta problemática. El pode estar de acordo co Sr. alcalde en que é innecesario crear unha comisión ad hoc para isto, pode estar de acordo, principalmente porque o Sr. alcalde e o seu equipo de goberno son especialistas en inutilizar comisións, a comezar polas propias comisións informativas, porque teñen que ter coñecemento hoxe de que resulta que o Sr. alcalde xa ten apalabrado un acordo coa Deputación. Ten o si da Deputación e ten o si de Augas de Galicia, incluso falou o Sr. alcalde da empresa, xa deben ter posto ata a empresa, pero iso sendo cousa do PP xa non lle estraña nin o máis mínimo.

Entón, en todo este proceso el cre que é xusto que dende a oposición manifesten a súa indignación e o seu cabreo, porque se efectivamente iso está falado, e el non dubida da palabra do Sr. alcalde, entón non entende por que teñen que agardar a un proceso e a un período de exposición ao público para presentar alegacións e emendas, cando poden falar antes e poden concretar determinados puntos comúns e xenéricos que lles poidan unir a todos. Di que iso vai en especial na súa ganancia, como alcalde e como equipo de goberno, que por certo goberna en minoría.

Falou o Sr. alcalde de instalacións hoteleiras, pero aquí ninguén falara diso, a moción falaba de instalacións hostaleiras, que é unha cousa diferente e el entende que de menor empaque. Pero aínda así, igual falando poden estar de acordo en que saia adiante ese plan de sendas peonís, e o día de mañá contemple unha modificación, se todos están de acordo, no Plan xeral para facilitar a instalación dese tipo de edificacións ou de infraestruturas. E así multitude de temas, porque poden querer algo que preserve, moi na liña do que dicía o compañeiro de EU, o carácter natural e o valor medioambiental do paseo.

Falou tamén o Sr. alcalde do paseo marítimo ata Cecebre, pois agardan que non sexa un paseo marítimo como o que se fixo en Culleredo ou casos como o da Coruña, porque para comezar, falando en propiedade, loxicamente sería un paseo fluvial, que eles entenden debe ser o máis discreto posible.

Pero entenden que hai outra maneira de facer as cousas e igual a que propón a moción non é a máis axeitada, aínda que ao BNG particularmente válelle. O que si cren é que iso de dicir non, agora eu vou aparecer, e eu mo guiso e eu mo como, e saio con don Diego Calvo e anunciamos algo, eles entenden que iso non conduce a nada.

Logo tamén quere dicir que facer demagogia, unha pouca si, pero tampouco demasiada, porque efectivamente este é un tema recorrente en todos os programas electorais, e el está convencido de que o inclúe UxC no seu programa, que non o coñece de memoria, como o incluía o BNG, como o incluía o Sr. alcalde, pero pídelle que tampouco faga moito mantra dos programas electorais, porque senón aquí para o

próximo pleno van ter que vir preguntar polas piscinas do Temple, esas maravillosas que parecía aquilo Marina d'Or.

É dicir, tamén hai que ter un pouco tino do que se di, e nestes tres anos a oposición, e el case que pon a man no lume que tamén o grupo de UxC, como EU, como tamén o BNG e incluso o Goberno, tiveron diversas iniciativas sobre o río Mero. El lembra, por exemplo, falar aquí daquela aula da natureza e interpretación, incluso valores etnográficos, e propoñer ver se podían negociar con algunha das instalacións que puidera ter Emalcsa no curso do río. Son corenta mil cuestións que se houbera outro clima, se falaran as cousas doutra maneira, poderían ir avanzando, e non fiar e porfiar todo a un período de exposición pública para presentar alegacións. El particularmente cre que é unha mágoa que se fagan así as cousas.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser favorable á moción, co punto dous ou sen el.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que ao fío da información que o Sr. alcalde dá, dende o grupo socialista gustaríalles saber se nese acordo ao que se refire o Sr. alcalde coa Deputación existe un proxecto para ese paseo.

O Sr. alcalde contesta que a empresa está traballando nun proxecto, a empresa contratada pola Deputación. Díxoo claro, a Deputación contratou unha empresa para facer un paseo ciclista e peonil nos concellos de Cambre, Culleredo, Oleiros, A Coruña e Arteixo, por iso poderán ir en bicicleta dende o encoro de Cecebre, ou dende a ponte dos Galiñeiros, ata Sorrizo. Pero ese proxecto está a confeccionalo unha empresa contratada pola Deputación.

Don José Manuel Lemos Seoane manifesta que corresponde ao voceiro de UxC puntualizar en que temas de acordo vai formalizar a proposta, pero o grupo socialista entende que o que o Sr. alcalde está expoñendo desa redacción dese proxecto é complementario a calquera outro tema que se acorde no pleno para algo que é aínda máis específico, á parte que lle corresponde a Cambre. Aquí non están falando, entende el, de actuacións que se poidan facer en Culleredo, Arteixo, ou noutros lados, están falando do que é propiamente a actuación que se faga no paseo fluvial no contorno do río Mero, a carón de Cambre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que por unha parte alégrase de que non só sexa con UxC con quen non falou o Sr. alcalde, polo que ve co resto da Corporación tampouco falou. Falou coas asociacións, menos cos representantes políticos dos veciños de Cambre.

Dille ao Sr. alcalde que están facendo un proxecto sen contar coas ideas do que queren os veciños de Cambre, que é o que propón UxC, ver que queren os veciños, as asociacións e os grupos políticos, todos. Queren chegar a un consenso, poñelo enriba da mesa e logo que se elabore un proxecto.

Pero veñen da Deputación, ou virán agora que van comezar coas europeas, e daquela empezarán a desfilan todos por Cambre, e virán despois cando sexan as municipais, e logo cando sexan as xerais. Despois non aparecen por aquí por ningún lado, nin

coñecen Cambre a maioría deles. Pero están elaborando un proxecto para os veciños de Cambre sen contar coas ideas dos veciños de Cambre, porque o Sr. alcalde parece ser que monopoliza as ideas da veciñanza.

Continúa dicindo que eles non van sacar nada da moción. Realmente o que o Sr. alcalde quere é monopolizar o río Mero, e iso non llo vai permitir ninguén, porque o río Mero é de todos os veciños de Cambre, e todos queren o mellor para o río Mero. O que o Sr. alcalde ten que facer é escoitar á xente, coller as mellores ideas entre todos e levalas a cabo. E as ideas que teña o Sr. alcalde, se son boas, eles vanlle dicir que si, sempre, así o fixeron ata agora.

Conclúe dicindo que eles non van quitar ningún punto da moción, e dille ao Sr. alcalde que esta moción, agás no punto onde pon que o concello desenvolverá no prazo máximo de dous meses, que poñía un mes, está redactada integramente por unha persoa de Cambre que estivo, e cre que segue estando, na Plataforma do río Mero, un dos principais activos de que o río Mero sexa hoxe o que está sendo, e cre que todos o coñecen.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a el gustaríalle, e imaxina que aos demais compañeiros da oposición tamén, que lles informara das conversas que tivo coas asociacións e os termos, que achegaron e que non achegaron, para saber non máis, pero polo menos tanto como eles.

Pídelle que se imaxine que mañá un presidente dunha asociación "X" lle diga que van facer tal cousa no río Mero, e el lle teña que preguntar o que porque non o sabe. Ese presidente vaille preguntar se el é representante dos veciños de Cambre. Por iso gustaríalle que os informara, ou ben nunha xunta de voceiros, ou nunha reunión que estime oportuna.

O Sr. alcalde contesta que serán informados puntualmente.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro do PGD integrante do GM. Abstense o concelleiro de PdeC integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal de EU polo día 8 de marzo e contra o ataque aos dereitos das mulleres

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1438 o día 22 de febreiro de 2014, xunto con outra moción e os rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Estamos asistindo a un dos momentos históricos de maior ataque aos dereitos das mulleres. A dereita está agredindo aos piares máis básicos da democracia, como é a aspiración á que temos dereito todas as persoas á liberdade, á autonomía persoal, ao acceso aos recursos e á igualdade entre todos os seres humanos.

Esta grave regresión maniféstase de xeito categórico respecto dos dereitos humanos das mulleres, froito do reforzamento das posicións máis retrógradas do sistema patriarcal que, coa escusa da crise económica, viu as posibilidades abertas para desconstruír todo o conseguido.

O dereito das mulleres a elixir sobre a súa maternidade, é dicir, se queren ou non ser nais, é un dereito rotundo que debe estar presente en calquera circunstancia. É un dereito fundamental e, como tal, non pode ser obxecto de intercambio cos estamentos relixiosos e sociais máis reaccionarios.

As normas segregadoras e sexistas como a da reforma laboral e a recente Lei de educación que se están adoptando, xunto cos recortes en sanidade e na asistencia na dependencia, a provisionalidade nos empregos, a privatización do público... son medidas que están producindo un impacto de xénero que está xerando o incremento da feminización da pobreza e a intensificación dos valores represores da autonomía das mulleres.

A materia de relixión na escola pública e a exclusión da educación sexual e reprodutiva dela, non só é consecuencia da inxerencia do clero herdeiro do franquismo nas decisións gobernamentais, senón que pretenden instaurar o modelo xa caducado, de mulleres obedientes e submisas.

Polo exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Elevar ao Goberno de España a solicitude/esixencia de que non se atente contra os dereitos fundamentais das mulleres e que non teña lugar a tramitación do proxecto de lei contra o aborto.

Segundo: Que se amplíen os dereitos recoñecidos no texto vixente para que o aborto deixe de ser un delito e poida practicarse libremente na sanidade pública en todo o territorio español.

Terceiro: O Pleno do Concello de Cambre adhírese a todas as manifestacións do movemento feminista e organización de mulleres que, en reivindicación dos acordos subscritos, se convoquen.

Cuarto: O Concello de Cambre comprométese a potenciar os valores de igualdade real, poñendo para iso todos os medios ao seu alcance, como é a defensa da sanidade e a educación públicas e laicas e plans de emprego e formación igualitarios.

Quinto: Deste acordo darase traslado ao Goberno de España, aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados, e ao Goberno e grupos parlamentarios da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, xa que están completamente de acordo co sentido da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e abstéñense os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

E) Moción do grupo municipal de EU que propón a tramitación para a formalización en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local

Rexistrada de entrada ao núm. 0/1438 o día 22 de febreiro de 2014, xunto con outra moción e os rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Os artigos 140 e 141 da CE non só garanten e protexen a existencia de municipios e provincias, senón que configuran ambas as dúas entidades integrando un nivel na articulación territorial do Estado, atribuíndo aos seus órganos, concellos e deputacións, as funcións de goberno e administración de municipios e provincias, ao tempo que lexitiman as súas políticas como expresión do pluralismo político e manifestación do principio democrático.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local inverte radicalmente esta interpretación. O Estado deixa de ser garante da autonomía para municipios e provincias e pretende pasar a impedir ou dificultar a mellora e ampliación da autonomía local polas comunidades autónomas.

Son tres grandes bloques de contidos da Lei 27/2013 os que lesionan a garantía constitucional da autonomía local.

- O desapoderamento competencial dos municipios con vulneración da garantía constitucional da autonomía local recoñecida nos artigos 137 e 140 da Constitución.
- A inclusión de mecanismos de tutela, condicionantes e controis de oportunidade con vulneración da garantía constitucional da autonomía local.
- Vulneración do principio democrático no ámbito local.

Por iso propónse ao Pleno:

Primeiro: Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013), segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.

Segundo: Para tal efecto, solicitar ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no artigo 75 ter 3 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a petición da entidade local de maior poboación (artigo 48 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), así como outorgar á dita entidade a delegación necesaria.

Terceiro: Facultar e encomendar ao alcalde para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito se requira a favor da procuradora dona Virginia Aragón Segura, col. núm. 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Cambre de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013 (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013), de racionalización e sustentabilidade da administración local seguíndoo por todos os seus trámites e instancias ata obter sentenza firme e a súa execución.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que antes de contestarlle á moción, el necesitaría que lle concretaran un pouco máis, porque a moción é moi xenérica, que lle dixeran a que se refire cando di o do desapoderamento competencial dos municipios con vulneración da garantía constitucional da autonomía local recoñecida nos artigos 137 e 140 da Constitución, así como a inclusión de mecanismos de tutela, condicionantes e controis de

oportunidade con vulneración da garantía constitucional da autonomía local e a vulneración do principio democrático no ámbito local.

Di que son cousas tan xenéricas dunha lei que está bastante ben explicada, que el non sabe exactamente cales son os puntos da lei cos que non están de acordo. Por iso, se llos pode explicar, igual llos pode rebater, se non vai ser complicado.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol, simplemente quere aclarar que esta é unha iniciativa que emprenden conxuntamente o Partido Socialista a nivel nacional e o grupo de Izquierda Plural, CiU, Esquerra Republicana de Catalunya, Coalición Canaria e Chunta Aragonesista. É un recurso conxunto que se vai presentar nos respectivos concellos, polo tanto, por suposto que eles van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ela si que responde ás preguntas directas do Sr. Andreu, pero aínda está esperando que el lle conteste á súa, pero sabe que non o vai facer.

Dille que igual que eles estudan a documentación, con moi pouco tempo por certo, a documentación relativa aos asuntos da orde do día que se traen ao pleno, sería bastante conveniente que o Sr. Andreu tivera un pouco de respecto e un pouco de deferencia cara a eles, e estudara as propostas que traen, para poder debatelas. Dille que non pida que lle explique algo que el ten a obriga de estudar.

Falan dos artigos 140 e 141 da Constitución. Tal e como comentaba a compañeira do grupo socialista esta non é unha moción de EU, e non ten competencia o Concello de Cambre, porque seguramente o Sr. voceiro do PP llo vaia dicir, é unha iniciativa que se está realizando de forma conxunta e forma parte dunha serie de recursos de inconstitucionalidade por vulnerar directamente artigos da Constitución. Di que ese é o motivo da presentación desas iniciativas.

Todas esas iniciativas estanse facendo a través de diferentes vías. Unha desas vías é a través dos concellos e as súas correspondentes aprobacións plenarias, por iso traen a sometemento do pleno esta moción. Para poder levar a cabo este recurso de inconstitucionalidade é necesario que esta iniciativa xunte a unha sétima parte dos municipios españois que representen como mínimo unha sexta parte de poboación oficial do Estado, de aí ese consenso necesario para poder levar a cabo esa iniciativa.

Explica que debe ser unha iniciativa bastante unánime cando veñen de aprobala incluso compañeiros do Sr. Andreu do Partido Popular de Chipiona, se non se equivoca. De modo que o texto é o que é, e se o Sr. voceiro ten algún tipo de dúbida debería tela preguntado antes, ou ben resolvela despois. Pídelle que estude a lección antes de vir ao pleno, porque cre que está bastante claro, non sabe se algún dos outros compañeiros teñen algo que dicir.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que se ten interese ela pode lerlle o contido do recurso, que son unhas 40 páxinas, non hai problema.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el cre que a pregunta é sinxela. O que el opina é que ela nin sequera é capaz de facerlle un resumo do que están pedindo, xa que lle acaba de dicir como o quere facer, pero ela nin sequera sabe o que quere facer.

Expón que el si sabe perfectamente o que quere facer, pero o que el pretendía era saber se tamén ela o sabía, e non o cre. Non cre que ela saiba o que quere facer, porque isto é unha lei que ela lle está dicindo que afecta ás competencias dos municipios. Pregúntalle a que municipios, porque ao de Cambre, non, xa que afecta ás competencias dos municipios de menos de 20000 habitantes e Cambre ten 24000 habitantes. Entón, ás competencias do Concello de Cambre non lle afecta.

Por iso lle pide que non diga que sabe do que está falando, porque parece que non o sabe. Di que ese é un dos motivos da súa impugnación que el si estudou, quen non a ten estudado é ela, que non llo pode comentar.

O outro motivo da impugnación que propugnan, supón que en coalición, ou non sabe como o van facer, co Partido Socialista, é que lles preocupa que determinados ministerios estean fiscalizando aos concellos. El o que lle pode dicir a iso é que o Concello de Cambre a principios de ano, dende o Departamento de Intervención, remitiu determinada información sobre a contabilidade municipal. O Departamento de Contratación enviou un informe de todos os contratos adxudicados ao longo do ano 2013 ao Ministerio de Administracións Públicas. A ese mesmo ministerio o Departamento de Persoal remitiu un listado das altas e baixas que se teñen producido no Concello de Cambre. Iso é así porque eles non teñen absolutamente nada que ocultar, entón non sabe exactamente por que a eles lles pode preocupar que alguén os estea fiscalizando. Pregúntalles por que lles preocupa e reitera que ese é o segundo motivo da impugnación .

E o terceiro motivo é porque se distribúe doutra maneira a competencia para aprobar uns orzamentos. Dilles que se eles pensan que ese é un motivo para presentar un recurso ante o Constitucional, eles saberán, pero el seguro que non.

Conclúe dicindo que, por suposto, o seu voto vai ser en contra, porque isto é un auténtico disparate. Diranlle probablemente que o aprobou o Concello de Chipiona, pero el pódelles dicir os datos do día 25 de febreiro de 2014, e nesa data esta iniciativa a tiñan aprobado tres concellos. Fai falta o apoio de 1160 concellos e hai dous días o tiñan aprobado tres concellos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que aínda que só fora polos case 8000 concellos menores de 20000 habitantes que van perder gran parte da súa autonomía, non Cambre, pero aínda que simplemente fora por solidariedade con todos eses concellos que van perder a súa capacidade de prestación de servizos a prol da xestión vía deputación, aínda que soamente fora por solidariedade e por responsabilidade política, di que deberían aprobar esta iniciativa.

Á parte o Sr. Andreu segue coa súa falta de respecto. En aplicación da súa lóxica sancionadora tamén tería que estar un ano sen exercer, porque non para de faltarlle a

ela ao respecto, ou de intentalo polo menos, porque nisto di que está ese refrán que di que non falta quen quere senón quen pode, e o Sr. Andreu realmente non pode.

Continúa dicindo que comentaba antes a concelleira socialista que ten o recurso e que son 40 follas, poden lelo, aínda que son as doce menos vinte da noite. En todo caso di que si que o teñen estudado, ela de verdade que o ten feito, non ten moito tempo pero si ten capacidade para estudar este tipo de leis minoradoras de dereitos. Di que se estiman perdas de máis de 200000 empregos. Os interventores tamén saen afectados tendo un control económico financeiro dependente directamente do Estado central. Os municipios van quedar deitados a políticas que diten outros. Non van ter ningún tipo de relación co veciño, o veciño non vai poder acudir ao concello, que é a súa administración de referencia. Redúcense competencias municipais, reforza o nivel provincial, relega aos municipios a unha condición secundaria baleirándoos da autonomía local, sendo meros xestores administrativos. As competencias propias van ser de risa. En materia de medioambiente unicamente se van ocupar de parques e xardíns públicos, aquí van vir a divertirse. Asistencia social primaria unicamente avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata. Suprímese a competencia en materia de defensa dos consumidores.

Di que pode seguir así durante moitísimo tempo, para aburrir, aínda que non é un tema aburrido. Pero que ao Sr. Andreu non se lle ocorra dicir que non estudan e que non len, e que non saben do que están falando. Están falando de que se están cargando os concellos con esa lei, simplemente, con esa lei de racionalización e sustentabilidade da administración local, que o que pretende é dar adecuación a ese principio básico de fomentar a potencia do Estado central e cargarse a autonomía local dos concellos.

Conclúe dicindo que ten tantas cousas que dicirlle e tan poucas ganas de falar con el deste tipo de cousas, porque non ten ningún tipo de criterio á hora de razoar, que simplemente vai expoñer esta moción a debate, por suposto, non por parte dela, que xa está todo dito, pero si a votación do Pleno, para que saia o que teña que saír do voto de cada un deles en coherencia co que pensan.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que a ela o que lle parece un despropósito é a intervención do Sr. Andreu, francamente, non lle parece que lle teña que esixir a ningunha compañeira que faga aquí unha defensa dun recurso de inconstitucionalidade que se presenta en toda España, é dicir, os seus argumentos son globais. Obviamente este é un municipio de máis de 20000 habitantes, pero como comprenderá, este é un recurso constitucional que require o acordo dunha sétima parte dos municipios de España, nada máis e nada menos. Como comprenderá non van debullar o recurso de inconstitucionalidade por municipios, é global, e por iso se inclúe o tema das competencias.

Di que o que lle parece fóra de lugar no sitio no que están é que o Sr. voceiro do PP pretenda que fagan aquí de defensores, defendendo un recurso de inconstitucionalidade e que el exerza de Tribunal Constitucional, iso está fóra de lugar.

Esta lei é un despropósito dende o principio ata o final, é unha persoa que se pechou nun ministerio e pretendeu legislar sen falar con ninguén. Dille ao voceiro popular que

ata a Federación Española de Municipios e Provincias se opuxo a esta lei, é dicir, é unha lei que sae do despacho dun iluminado, iso é así, e en contra desa lei están a maior parte dos municipios españois e a maior parte da xente que se senta nesas cadeiras.

Por esas razóns o seu grupo apoia a moción, e non só a apoian, senón que van presentar conxuntamente con Izquierda Unida, como dixo, CiU, Esquerra Republicana de Catalunya e Coalición Canaria, é dicir, toda unha serie de forzas políticas con representación parlamentaria, ese recurso de inconstitucionalidade, e será o Tribunal Constitucional o que decida se isto é ou non constitucional, por suposto non vai ser Felipe Andreu.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre responde que por suposto, pero que tampouco será o Concello de Cambre. Xa dixo dona M^a Olga Santos López que nin sequera teñen competencia, antes de que o dixera el xa o dixo ela. Entón, estanlles presentando unha moción que, primeiro, xa os outros grupos saben que non a poden executar, porque xa é o primeiro que dixo na súa intervención a concelleira de EU, que o Concello de Cambre non ten competencia. Pois se non a ten, non a ten.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que non consinte que poña na súa boca palabras que ela non dixo. O que dixo é que o Sr. Andreu lle ía dicir iso, non é que ela o dixera.

Don Felipe Andreu Barallobre pídelle perdón porque o entendeu mal, entendeu que ela recoñecía que non tiñan competencia, pero ben, el dille que non a teñen, é dicir, que nin sequera teñen competencia. Non é que o dixera a Sra. Olga Santos.

Continúa dicindo que el o que quere dicir é que esta lei, que ao mellor para a concelleira socialista está pensada por un iluminado, para el está pensada por xente que se ten parado a mirar cales son os problemas dos concellos. Talvez o que tiñan que facer é falar un pouco máis, porque ela ao mellor ten pase, xa que na pasada lexislatura non era concelleira, pero nas anteriores estiveron no Goberno compañeiros seus, do seu partido, e saben, porque os técnicos lles fixeron novos informes desde que están aquí pero tamén lles ensinaron os que había antes, que o Concello de Cambre, como todos os concellos de España, estaba adquirindo competencias que non eran propias, as famosas competencias impropias.

O que pretende facer esta lei é quitarlles unhas competencias que os concellos non teñen que ter, e que foron a causa da ruína de moitos concellos, que parece que se equivocan, que cando os socialistas saíron do Goberno neste país había un montón de concellos en ruína e un montón de provedores sen cobrar por esa ruína, porque se estaban pagando cousas que non eran competencia dos concellos.

Di que iso é o que a lei pretende, pero é que non só é iso, non é soamente unha cuestión económica, é tamén unha cuestión persoal. Dilles que se vaian, por exemplo, ao tema dos Servizos Sociais, que é algo moi recorrente e respecto do cal o partido socialista non hai moito tempo tamén presentou unha moción, sobre o tema dos Servizos Sociais que se lle quitaban aos concellos de menos de 20000 habitantes.

El o que opina sobre iso é que un veciño dun concello que teña 700 habitantes, ten que ter os mesmos dereitos que un veciño do Concello de Cambre. Iso é o que el ten que opinar, pero o problema é que nese concello de 700 habitantes probablemente haberá 5 ou 6 funcionarios. Pregunta como lle presta ao veciño ese servizo directamente o concello, como o fai, é materialmente imposible, non teñen nin recursos persoais nin materiais para prestarlle ese servizo ao veciño.

Pregúntalles que lle están dicindo, que teñen que ter cidadáns de primeira e de segunda. Aos que vivan en concellos grandes que teñen moitos recursos e moito persoal prestaráselles un servizo estupendo aos cidadáns. E os que vivan en concellos pequenos, como os concellos non teñen recursos, pois entón eses que se manteñan aí e que os concellos non poidan prestar os servizos. Di que xa non é unha cuestión de financiamento dun concello de 700, 800 ou 1000 habitantes, que hai un montón en toda España, e particularmente en Galicia hai un montón de concellos nesas circunstancias.

Pregunta ata onde chega o ridículo da moción, e di que o sente, pero que ten que dicilo así, e gustaríalle que houbera moita máis xente para que o vira, porque a situación é paradoxal, é estupenda, é dicir, unha concelleira de EU pídlle a un alcalde do PP, que contrate sen ningún tipo de procedemento, a dedo, á procuradora que dende hai anos lle está prestando os seus servizos ao Partido Socialista. Di que iso é inaudito, que dende EU se lle pida ao alcalde do PP que contrate a unha procuradora que lle presta servizos ao Partido Socialista dende hai anos, sen mediar ningún tipo de procedemento. Di que el se toma as cousas en serio, pero as que se pode tomar en serio, isto non, e sénteo se lles parece mal, pero esta moción é un despropósito.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais sinala que o Sr. Andreu fai afirmacións que, o sente, pero non pode deixar sobre a mesa. Di que o PP empeñouse en converter aos concellos en institucións quebradas, pero as cifras non din iso, as cifras din que a Administración Local é a máis saneada das tres administracións, por iso lle pide que deixen de facer ese tipo de manifestacións. Tampouco van entrar en quen copa a maior parte da débeda dos municipios, porque nese caso os grandes municipios gobernados polo PP terían moito que dicir.

Conclúe dicindo que nada máis, que eles van votar a favor da proposta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a el as acusacións futis de verdade é que lle enfastían un pouco, incluso o enfadan, iso de contratar á procuradora e demais. Pregúntalle ao Sr. Andreu el con quen falou para contratar a un avogado para defender algunha causa súa que pagou co diñeiro de todos os veciños de Cambre, pregúntalle se falou con alguén ou se foi directamente e contratou ese avogado. Claro que foi un recurso, pero que posteriormente perdeu e que pagaron os veciños de Cambre, pola súa negligencia pagaron os veciños de Cambre.

Di que o Sr. Andreu non consultou con ninguén para contratar, senón que lle pagou a Garrigues non se lembra se foron 3000 euros polo servizo, e 1500 por un informe. Iso é o que fai o Sr. Felipe Andreu, por unha negligencia súa, por tomarse atribucións que

non lle correspondían, atribucións do Sr. alcalde que non lle correspondían, e iso pagárono os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre dille ao voceiro de EU que se el o quere acusar de ter contratado a alguén, ou calquera cousa, de maneira irregular, pídelle que o diga publicamente, que el xa actuará en consecuencia. O que non lle pode dicir é que el contratou a ningún avogado, nin ningunha outra cousa de forma irregular, pero el si que pode dicirlle a el que o que propoñen na súa moción é que contraten de forma irregular a unha procuradora que reiteradamente, dende hai anos, presta servizos para o PSOE. Iso é o que eles lles están pedindo, estalle pedindo iso ao Goberno municipal, estalle pedindo que o fagan de forma irregular. Están saltándose completamente o procedemento, están dicindo que ten que ser esa persoa con independencia do que cobre, con nome e apelidos e número de colexiada, non pode ser outra. Hai miles de procuradores en Madrid, miles, e ten que ser esta, xustamente a que lle presta os servizos ao PSOE.

Dona Margarita Iglesias Pais intervén para dicir que non, que é a que leva o recurso de inconstitucionalidade, que non é o mesmo, e dille que xa está ben, será unha procuradora en exercicio.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir orde. Di que entende que estean cansados, el tamén o está, son as doce da noite, pero non por iso pode dicir que é a procuradora que leva o tema. Dille á Sra. concelleira que ela non pode obrigar ao alcalde a contratar cunha determinada procuradora, e a iso é ao que obriga a moción. Nin ela, nin o corpo municipal, non poden obrigar ao alcalde a facer cousas que non quere facer. Non poden facelo, por moito que ela se empeña, e di que el non vai contratar a unha persoa determinada que ela lle marca nunha moción, sen que el queira facelo. Dille que perdoe que llo diga, pero que non pode facelo así, e se ela estivera no seu lugar diría o mesmo.

Os grupos da oposición actúan así porque saben que están en maioría, pero ela sabe perfectamente, legalmente, que non pode obrigalo a outorgar un poder a unha procuradora determinada de Madrid, non pode facelo. Pregúntalle se cre que el é un monicreque. El representa aos veciños de todo Cambre, e ela estalle dicindo que non, que el ten que contratar a Virginia, ou a Lolita Pérez Pellicer, domiciliada en tal rúa. Pregúntalle como fai iso, por moito Pleno da Corporación que sexa ela non lle pode obrigar, e pide que lle perdoe que llo diga tan friamente e tan claramente.

A continuación, e ante a petición da concelleira de EU, o Sr. alcalde dille que vai permitir que interveña, pero tamén lle di que son as doce da noite.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que o Pleno non lle pode obrigar ao alcalde, pero o alcalde tampouco pode obrigar ao Pleno, e o alcalde tampouco pode decidir que o Pleno non presente e non aprobe unha iniciativa. Di que precisamente isto é transparencia. O que o equipo de goberno ve como algo torticero e retorcido é transparencia, porque poñer o nome e apelidos da persoa que vai ser a procuradora neste caso, é transparencia e é claridade. Eles están gobernando en minoría e esquécese constantemente diso, e a oposición non pode obrigalos, pero o Goberno tampouco os pode obrigar a eles.

Pide que o teña en conta, porque coas súas decisións hai moitísimas mocións que quedaron enriba da mesa do Pleno, que non se están cumprindo porque ao alcalde non lle dá a gana, e se el non quere gobernar en minoría, o que ten que facer é dimitir, porque o Pleno desta Corporación ten un poder. Ninguén lle está quitando o poder ao Sr. alcalde, pero non pode poñerse con este ton a dicir que non se lle pode obrigar. O Pleno da Corporación está debatendo un tema que aprobará ou non aprobará, pero non pode dicir que non poden obrigar, porque non están obrigando, están acordando, esa é a diferenza, e o Sr. alcalde tampouco ten competencia suficiente como para invalidar a palabra do Pleno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira, con todo respecto, que simplemente se pare a pensar un momento e cambie a posición da cadeira. Pídelle que se sente de alcaldesa. Pregúntalle se ela le perfectamente isto, porque o que di é que o Pleno da Corporación faculta ao alcalde e encoméndalle a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo. Di que ata aí está de acordo.

Pero logo falan expresamente dun outorgamento de escritura de poder, tan amplo e bastante como en dereito se requira, a favor da procuradora dona Virginia Aragón Segura, col. núm. 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid. Pregunta con que trámite administrativo. Dille á Sra. concelleira que el non quere nomear a ninguén, porque isto non ten trámite administrativo posible. A Sra. concelleira dirá o que queira, pero el iso non o vai admitir e, por suposto, eles non van votar a prol.

Continúa dicindo que segundo o disposto no Regulamento orgánico municipal o resto dos puntos da orde do día teñen que quedar para outro momento, pero a moción si que a van votar.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se eliminando a referencia a dona Virginia Aragón Segura manterían a presentación do recurso.

O Sr. alcalde contesta que non.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP e o concelleiro de PdeC integrante do GM. Abstense o concelleiro do PGD integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que por unha cuestión de orde, pídelle por favor ao Sr. alcalde que non se volva dirixir a ela nese ton, non fai falta que lle grite, nin que a sinale co dedo para dirixirse a ela. Ela non se ten dirixido a el gritándolle. Entende que se poida poñer nervioso, pero non é quen para tratar a ninguén con esa falta de respecto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirlle perdón á Sra. concelleira se é que ten alterado a voz, pero di que non lle faltou ao respecto.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que non, que a sinalou co dedo, e ela non é unha nena pequena.

O Sr. alcalde dille que se iso lle pareceu mal, pois é o que estaban discutindo antes na moción, pregúntalle que quere que lle diga, o pleno rematou e depende, a unhas persoas parécelles mal e a outras ben.

En aplicación do principio de unidade de acto recollido no artigo 103.1 do Regulamento orgánico municipal, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e catro horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López